CVD: yPzjM4y88nVdt38x2Thd Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2025-01-20 14:02:34.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2025-01-20 12:48:29.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**<u>Número 16 - Ano 2024.</u>**

# <u>ACTA</u>

**da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**<u>28 de novembro de 2024</u>**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e quince minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 25 de novembro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/188 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2024.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**CULTURA**

2/189 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6846/2024, DE DATA 19 DE XULLO DE 2024, RELATIVO Á PROPOSTA Á XEFATURA PROVINCIAL DA CONCELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O SINALAMENTO DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2025.

**FACENDA LOCAL**

3/190 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UN ESTABLO PARA GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA DE PURÍN CUBERTA, SOLEIRA E SILOS FORRAXEIROS, EN SANTIAGO DE SAA, 6, PRESENTADA POR MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE CASA ROXA SC.

4/191 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UN ESTABLO PARA GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA CUBERTA, SILOS FORRAXEIROS E SOLEIRA EN LAMABOA, SAN XOÁN DO CAMPO, PRESENTADA POR MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE SDAD. COOP. DEL CAMPO LAMABOA

**INTERVENCIÓN**

5/192 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 26-2024. REPARO 68/2024.

6/193 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 28-2024.

REPARO 81/2024

## PROPOSICIÓNS

7/194 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 382/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A QUE LIDERE UNHA MESA DE TRABALLO PARA BUSCAR UNHA LOCALIZACIÓN DE CONSENSO PARA O PROXECTO ASÍ COMO PARA QUE, NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS, HABILITE OS MECANISMOS NORMATIVOS AO SEU ALCANCE PARA GARANTIR QUE ESTE PROXECTO SE INSTALE NOUTRA LOCALIZACIÓN (Exp. 2024/G004/000744).

8/195 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 401/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR A CORREOS A CREACIÓN DUNHA OFICINA PARA A ATENCIÓN AO PÚBLICO NO NOVO CENTRO DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000781).

9/196 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 402/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR UN PLAN DE SEGURIDADE NOS BARRIOS DA MILAGROSA E FEIJÓO QUE PERMITA FIXAR E CONSOLIDAR SERVIZOS (Exp. 2024/G004/000783).

10/197 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 403/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA (Exp. 2024/G004/000784).

11/198 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 404/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE CONTROL DE ACCESOS, MELLORA E MANTEMENTO DA CALZADA DA PONTE (Exp. 2024/G004/000785).

12/199 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 405/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ATENDER AS NECESIDADES DE CONECTIVIDADE VIARIA E CONCILIACIÓN DERIVADAS DA CUARTA FASE DE AMPLIACIÓN PROXECTADA NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000786

## SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

13/200 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 378/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR DETERMINADAS CUESTIÓNS RELACIONADAS COA ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ (2024/G004/000730).

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### ACTAS E GOBERNO

14/201 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (2024/G004/000774).

15/202 DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBOU A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO, LOGO DA NOVA CONFORMACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (2024/G004/000765).

### TESOURERÍA

16/203 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE OUTUBRO 2024.

17/204 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.

### ROGOS E PREGUNTAS

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 406/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTUDIE A POSIBILIDADE DE ADIANTAR O SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 407/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE, Á MAIOR BREVIDADE, A PISTA DE ASTRAR Á CAMPIÑA.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXEN OS DESPERFECTOS DO PARQUE DE MARCOS CELA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 409/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE DESBROCE A RÚA FONMIÑÁ.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 410/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO LÓPEZ MELLA.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 411/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DA PARTIDA PRESUPOSTARIA ADICADA AOS "HORTOS ECOLÓXICOS COMUNITARIOS".

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 412/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA NO POLÍGONO DO CEAO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 413/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA BEIRARRÚA DA VIRXE DA SOIDADE.

**C) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Aberto o acto, a presidenta, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO, sinala: Bos días a todos e a todas. Imos comezar o pleno ordinario do mes de novembro.

Un saúdo a todos os veciños e veciñas que hoxe nos acompañan. Tamén quería, antes de comezar, anunciarvos que vamos facer un receso ás 12:00, un pouquiño antes, ás 11:55, polo último asasinato dunha muller onte en Alicante. E polo tanto imos baixar un momento ás 12:00. Vamos facer ese receso para gardar ese minuto de silencio.

Nesta semana que levamos, ademais a declaración institucional tan importante para acabar con esta lacra, pero seguimos tendo que facer eses minutos de silencio

e, polo tanto, vamos incorporarnos, vamos baixar. Hai unha convocatoria da Subdelegación de Goberno, pero nós, como estamos en pleno, vamos facelo aquí diante. Polo tanto, ás 11:55 máis ou menos, faremos un receso para baixar todos.

Seguidamente éntrase no exame da orde do día, adóptándose, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/188 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2024.-** Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 22 de novembro de 2024, do seguinte teor literal:

"O pasado día 30 de outubro de 2024, o Excmo. Concello Pleno celebrou a sesión extraordinaria solicitada polas concelleiras e concelleiros adscritos ao Grupo Municipal do Partido Popular (cuarta parte dos membros da Corporación). Da dita sesión levantouse a acta correspondente que, unha incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta do Concello.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de outubro de 2024."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de outubro de 2024.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**CULTURA**

2/189 **RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6846/2024, DE DATA 19 DE XULLO DE 2024, RELATIVO Á PROPOSTA Á XEFATURA PROVINCIAL DA CONCELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O SINALAMENTO DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2025.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, conformada pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área, do teor literal:

"Examinado o expediente tramitado para estes efectos e visto:
1.- Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 12.07.2024, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2024,
2.-Informe do Servizo de Cultura de data 19.07.2024.
3.- Decreto de Alcaldía núm. 6846/2024 de data 19.07.2024
Á vista do anteriormente exposto, **PROPÓNSE:**
**ÚNICO.-** Dar conta ao Excmo. Concello Pleno a ratificación do Decreto da Alcaldía núm. 6846/2024 de data 19/07/2024, que seguidamente se transcribe:
***<< Ilma. Sra. Tareixa Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.***

*Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2025.*
*Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 19.07.2024 do teor literal seguinte:*

***<<INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA***

***ASUNTO: Sinalamento de festas locais para o ano 2025.***

*Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, con rexistro de entrada número 202400000031432, de data 12.07.24, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2025, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinale as festas de carácter local, compre informar o seguinte:*
*Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.*
*Á vista do prazo que sinala o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 4 de marzo,*

*martes de Entroido, e o luns 6 de outubro, día ao que se traslada a festividade de San Froilán por coincidir en domingo.*
*Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno.*
*Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30.04.2024 na súas actuais redaccións,* ***PROPONSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*
***PRIMEIRO.****- Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2025:*

*- 4 de marzo (martes de Entroido).*
*- 6 de outubro (San Froilán).*

***SEGUNDO****.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*
***TERCEIRO****.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*
*É canto procede informar.>>*
*En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30.04.2024 na súas actuais redaccións,* ***PROPONSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*
***RESOLVO:***
***PRIMEIRO.-*** *Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2025:*

*- 4 de marzo (martes de Entroido).*
*- 6 de outubro (San Froilán).*

***SEGUNDO.-*** *Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*
***TERCEIRO.-*** *Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:*
*- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.*
*- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento*

*administrativo común das administracións publicas, ante o Pleno, e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.*
*No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).*
*Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.*
*Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.*
*Cúmprase. "*

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS, emitido na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** a ratificación do Decreto da Alcaldía núm. 6846/2024, de data 19/07/2024, que seguidamente se transcribe:

***"Ilma. Sra. Tareixa Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.***

*Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2025.*
*Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 19.07.2024 do teor literal seguinte:*

***<<INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA***

***ASUNTO: Sinalamento de festas locais para o ano 2025.***

*Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, con rexistro de entrada número 202400000031432, de data 12.07.24, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2025, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinale as festas de carácter local, compre informar o seguinte:*
*Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.*

*Á vista do prazo que sinala o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 4 de marzo, martes de Entroido, e o luns 6 de outubro, día ao que se traslada a festividade de San Froilán por coincidir en domingo.*

*Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno.*
*Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30.04.2024 na súas actuais redaccións,* ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

***PRIMEIRO.****- Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2025:*

- *4 de marzo (martes de Entroido).*
- *6 de outubro (San Froilán).*

***SEGUNDO****.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

***TERCEIRO****.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*
*É canto procede informar.>>*

*En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30.04.2024 na súas*

*actuais redaccións,* ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*
***RESOLVO:***

***PRIMEIRO.-*** *Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2025:*

*- 4 de marzo (martes de Entroido).*
*- 6 de outubro (San Froilán).*

***SEGUNDO.-*** *Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

***TERCEIRO.-*** *Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:*

*- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.*

*- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante o Pleno, e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.*

*No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).*

*Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.*

*Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.*

*Cúmprase."*

## FACENDA LOCAL

3/190 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA**

**CONSTRUÍR UN ESTABLO PARA GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA DE PURÍN CUBERTA, SOLEIRA E SILOS FORRAXEIROS, EN SANTIAGO DE SAA, 6, PRESENTADA POR MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE CASA ROXA SC.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 15 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

"Na data de 19.04.2024, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de CASA ROXA SC (CIF J27408772), solicita licenza de obras para construir un establo para gando vacun de leite, fosa de purín cuberta, soleira e silos forraxeiros, en Santiago de Saa, 6 (exp. 2024/Y001/000093).

Con data de 19.04.2024, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de CASA ROXA SC (CIF J27408772), presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras para construír un establo para gando vacún de leite, fosa de purín cuberta, soleira e silos forraxeiros, en Santiago de Saa, 6, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (exp. 2024/T028/001368).

Con data do 21.10.2024, requíreselle ao solicitante para que no prazo de 10 días subsane a falta na solicitude da documentación esixida pola Ordenanza fiscal núm. 202 (exp. 2024/T028/001368).

Con data do 28.10.2024, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de CASA ROXA SC (CIF J27408772), achega certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702800925 (da que é titular o solicitante da licenza) no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2024/T028/001368).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

*"Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.*

*Esta bonificación non terá carácter acumulativo.*

*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.*

*Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación."*

Visto o informe de Facenda Local de data 14.11.2024, segundo o cal CASA ROXA SC (CIF J27408772) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de

interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude formulada por MARIA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de CASA ROXA SC (CIF J27408772), procedendo á declaración das obras para construir un establo para gando vacún de leite, fosa de purín cuberta, soleira e silos forraxeiros, en Santiago de Saa, 6, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de CASA ROXA SC (CIF J27408772), procedendo á declaración das obras para construír un establo para gando vacún de leite, fosa de purín cuberta, soleira e silos forraxeiros, en Santiago de Saa, 6, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

4/191 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UN ESTABLO PARA GANDO VACÚN DE LEITE, FOSA CUBERTA, SILOS FORRAXEIROS E SOLEIRA EN LAMABOA, SAN XOÁN DO CAMPO, PRESENTADA POR MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE SDAD. COOP. DEL CAMPO LAMABOA.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Interno, do 15 de novembro de 2024, que seguidamente se transcribe:

"Na data de 21.04.2024, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), solicita licenza de obras para construír un establo para gando vacun de leite, fosa cuberta, silos forraxeiros e soleira en Lamaboa, San Xoán do Campo (exp. 2024/Y001/000095).

Con data de 21.04.2024, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras para construír un establo para gando vacún de leite, fosa cuberta, silos forraxeiros e soleira en Lamaboa, San Xoán do Campo, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Xunto coa solicitude, achégase certificado actualizado da inscripción da explotación agraria con código REAGA G2702800878, da que é titular SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2024/T028/001571).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

*"Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.*

*Esta bonificación non terá carácter acumulativo.*

*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.*

*Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación."*

Visto o informe de Facenda Local de data 14.11.2024, segundo o cal SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude formulada por MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), procedendo á declaración das obras para construír un establo para gando vacún de leite, fosa cuberta, silos forraxeiros e soleira en Lamaboa, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), procedendo á declaración das obras para construír un establo para gando vacún de leite, fosa cuberta, silos forraxeiros e soleira en Lamaboa, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

**INTERVENCIÓN**

5/192 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 26-2024. REPARO 68/2024.-** Visto o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 11 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

**"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O**
***Recoñecemento extraxudicial 26-2024_Reparo 68-2024***
***IMPORTE TOTAL: 783.649,01 €***
***IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 783.649,01 €***

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **783.649,01 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **783.649,01 € (contía imputable ao orzamento 2024*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2024/1584, do 08.11.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 26-2024_Reparo 68-2024, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 10299/2024, do 04.11.2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **783.649,01 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 103461 | PRELO SL | B27021237 | 00004185 | CARTELERIA CAMPEONATO DE ESPAÑA DE PADEL-CARTELERIA CAUDAL FEST-- | 91201.22699 | 202400064806 | 96,56 | 31/10/2023 | PRENSA | D |
| 103557 | MODIA*LOPEZ,ANGEL | 33320587G | 96 | Número de expediente: 2023/C001/000689-Contratación das necesidades técnicas de produción para a celebración da: "PATROA | 91201.22699 | 202400064890 | 7.502,00 | 17/11/2023 | PRENSA | D |
| 104105 | ASOCIACION FUTBOLINLUGO-UNIDOS POLO FUTBOL LUCENSE | G27497163 | 2023 | PUBLICIDADE DEPORTES LUGO ANO 2023--- | 91201.22699 | 202400061792 | 1.089,00 | 13/12/2023 | PRENSA | B |
| 105000 | MAFERLIZ SL | B27196062 | 001-A22-008618 | ALOJAMIENTO 02/05-PENSION COMPRLETA-AJUSTE CENTIMOS IVA- | 91201.22699 | 202400061792 | 130,00 | 03/05/2023 | PRENSA | D |
| 109554 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104556 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 165.788,98 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109555 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104553 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 152.434,81 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109556 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104552 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 134.785,95 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 109557 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104557 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 171.834,70 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109561 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104565 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 149.463,23 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109867 | NEXUS ENERGIA | A62332580 | NX2406REL0004306 | IEE-Término de Potencia- Agrupa ción para todos los Suministro s- Término de Energía- Agrupacio n para todos los Suministros- L | 16510.22100 | 202400066679 | 523,78 | 18/6/2024 | ILUMI NACI U | C |
| | | | | | | TOTAL | 783.649,01” | | | |

2. <u>DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE</u>, emitido na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **783.649,01 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR /A | NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTI VO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 103461 | PRELO SL | B27021237 | 00004185 | CARTELERI A CAMPEONA TO DE ESPAÑ A DE PADEL-CARTELERI A CAUDAL F EST-- | 91201.22699 | 202400064806 | 96,56 | 31/10/2023 | PREN SA | D |
| 103557 | MODIA*LOP EZ,ANGEL | 33320587G | 96 | Número de expediente: 2023/C00 1/000689-Contratación das nece sidades técnicas de produción para a celebración da: "PATROA | 91201.22699 | 202400064890 | 7.502,00 | 17/11/2023 | PREN SA | D |
| 104105 | ASOCIACIO N FUTBOLINL UGO-UNIDOS POLO FUTBOL LUCENSE | G27497163 | 2023 | PUBLICIDA DE DEPORTES LUGO ANO 2023--- | 91201.22699 | 202400061792 | 1.089,00 | 13/12/2023 | PREN SA | B |
| 105000 | MAFERLIZ SL | B27196062 | 001-A22-008618 | ALOJAMIEN TO 02/05-PENSION COMP RLETA-AJUSTE CENTIMOS IVA- | 91201.22699 | 202400061792 | 130,00 | 03/05/2023 | PREN SA | D |
| 109554 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104556 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1-Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 165.788,98 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109555 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104553 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1-Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 152.434,81 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109556 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104552 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1-Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 134.785,95 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 109557 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104557 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 171.834,70 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109561 | GAS NATURAL SUR SDG SA | A65067332 | RE24137000104565 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 149.463,23 | 22/07/2024 | ILUM GASN | B |
| 109867 | NEXUS ENERGIA | A62332580 | NX2406REL0004306 | IEE-Término de Potencia- Agrupa ción para todos los Suministro s- Término de Energía- Agrupacio n para todos los Suministros- L | 16510.22100 | 202400066679 | 523,78 | 18/6/2024 | ILUMI NACI U | C |
| | | | | | | **TOTAL** | **783.649,01** | | | |

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Como acordamos na Xunta de voceiros, o debate será único. Polo tanto…

**-ANA MARÍA RIVAS GARCÍA, SECRETARIA**: Polo tanto, podemos dicir que o debate refírese aos puntos, 5 e 6: 5, recoñecemento extraxudicial de crédito número 26, e 6, recoñecemento extraxudicial de créditos número 28/2024.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo goberno ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Buenos días a todos y a todas. Gracias, alcaldesa.
Elevamos en esta fecha al pleno dos reconocimientos extrajudiciales de crédito con reparo.
El primer reconocimiento extrajudicial corresponde al 26/2024, conformado por diez facturas por un importe total de 783 649 euros. La razón de elevarlos al pleno en dichas facturas es que pertenecen a ejercicios presupuestarios anteriores o, también, porque hubo dificultades por parte del proveedor en presentar en ejercicio la factura correspondiente, y en este caso, en su gran mayoría, corresponden a suministros, que es uno de los puntos más complejos para poder validar dichas facturas por cuestiones de verificar esos consumos por parte de los técnicos

municipales, conformar esas facturas y, por supuesto, realizar toda la tramitación correspondiente y esos ajustes que a veces aparecen en las facturas de consumos que hay que reclamar y, por lo tanto, retrasa todo el procedimiento habitual de las diferentes facturas en relación con los servicios.
Estamos a hablar de facturas, como decíamos, de suministro eléctrico de alta tensión, muchas veces con errores de facturación por parte del proveedor, que fueron facturadas a terceros que hubo que rectificar, y ocasiona, por supuesto, los retrasos correspondientes. Otras de esas facturas de suministro eléctrico corresponden a regularización de facturas en las que había errores en lecturas, lecturas positivas y negativas dentro del período de contrato, y situación que se regularizó debido a la finalización de un contrato.
El segundo reconocimiento extrajudicial de crédito, 28/2024, consta de tres facturas por un importe total de 222 898,98 euros, de las cuales también son suministros, en su mayoría suministros eléctricos y, como decíamos, esa gran complejidad de validarlas y comprobar sus consumos. En este caso. también hay una factura del Servicio de Cultura de una actividad cultural que el propio proveedor tardó un ano en incorporar y en reclamar esa factura por el servicio prestado. Por lo tanto, es evidente que el retraso forma parte de la responsabilidad muchas veces de los propios proveedores.
Si bien es cierto que el Ayuntamiento es uno de los mejores de Galicia en el período medio de pago, en esta oportunidad también la complejidad do los suministros y de su posterior comprobación hace que también se lastre ese período medio de pago, por lo tanto elevando ese periodo medio de pago.
En el tercer trimestre se pagaron 1212 facturas por un importe de 16 887 152 euros; más de la mitad se pagaron en plazo, el 56,11 %, y fuera de plazo se pagaron 532 facturas, por un importe de 4 667 934 euros.
Podemos decir que seguimos estando dentro de los límites establecidos de esos 60 días de período medio de pago, porque estamos en 59 días.
Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra a Señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas, en especial a los vecinos que hoy nos acompañan.
A este pleno nos traen los reconocimientos extrajudiciales de crédito número 26 y 28, los dos con reparo de legalidad, que eso se le olvidó decirlo, señor Repetto. El importe en reconocimientos de este año 2024 asciende ya a 4 081 206,26 euros, de los cuales cuentan con reparo de legalidad por parte de intervención 3 224 612,04 euros. Suma y sigue.
Algo no están ustedes bien cuando el 79 % de la cantidad que ustedes pagan mediante reconocimientos no cumple la normativa en materia de contratación. O, dicho de otro modo, solo el 21 % del importe total de las facturas que nos trajeron durante este año 2024 a pleno se ajustan a los trámites legales. Si dividiésemos equitativamente la cantidad de las facturas, 4 de cada 5 incumpliría la normativa en materia de contratación. La verdad, señor Repetto, es que nos gustaría que nos

explicasen por qué ustedes no se ajustan a los trámites legales, por qué no cumplen con la Ley reguladora de facendas locais y por qué no cumplen con la ley de contratación del sector público.

En cuanto al análisis de los reconocimientos que hoy elevan a pleno, el 26/2024, con reparo 68/2024 incluye, como bien dijo, 10 facturas por un importe total de 783 649,01 euros. 3 de las 10 facturas son del área de prensa y, según pone el propio informe, se omitió el procedimiento de licitación para los contratos menores. Lo dice la que habla, pero es algo que pone en el informe.

Señor Repetto, corríjame si yo me equivoco, que según dicen ustedes muchas veces, porque no sé lo que significan las cosas, pero… si hay un procedimiento de licitación para contratos menores y ustedes contratan sin seguir el procedimiento, ¿eso no se llama contratar a dedo? No lo sé, yo se lo pregunto. Es decir, ¿es legal que contraten directamente sin ustedes seguir el procedimiento que establece la ley?

Después, de las 10 facturas, hay 6 en las que directamente no licitaron el contrato o excedieron los límites cuantitativos o temporales de este contrato menor. Parece, y digo parece, que están haciendo ustedes lo que les da la gana.

Y la otra factura, de energía, en la que se prorrogó tácitamente el contrato una vez finalizado careciendo de cobertura jurídica e incumpliendo claramente lo dispuesto en la ley de contratación del sector público.

El otro reconocimiento que elevan a pleno, el 28/2024, con reparo 81/2024, incluye 3 facturas por un importe total de 222 898,98 euros. En las tres, nuevamente, incumplen la normativa de la ley de contratación del sector público; 2 de las facturas son de gas natural, de hace un año.

Este es uno de los muchos contratos que tienen caducado y prorrogado, careciendo de cobertura jurídica e incumpliendo la ley. Porque para ustedes esto ya es un *modus operandi*, lo hacen una y otra vez; lo hacían en el anterior reconocimiento y lo vuelven a hacer en este.

La otra factura tiene reparo legalidad porque omitieron el procedimiento de licitación de los contratos menores, igual que antes, cuando yo le preguntaba si eso vulgarmente se le llama contratar a dedo.

A sus socios de cultura les apetecía que El Último Burro tocase en el Muralleando, que, por cierto, fue muy buen concierto; lo que se olvidaron es de cumplir la ley. Señor Repetto, llueve sobre mojado. Volvemos a ver la misma historia con sus socios de Gobierno del área de cultura una y otra vez. Lo vemos con el San Froilán, lo vemos con el Lugo Máxico… y, ahora, lo vemos con el Muralleando.

¿Me puede explicar por qué contratan omitiendo el proceso de contratación de los contratos menores? Y, la otra pregunta: ¿van ustedes a seguir votando a favor de que se haga esto? Porque esto no es una vez ni dos. Ya son muchas las veces que vemos cómo están omitiendo los trámites legales que tienen que seguir para hacer las contrataciones. Es que no sé para qué ustedes crean un portal de licitación de contratos menores si después no publican los contratos, si después no le dan la oportunidad a los autónomos y empresarios de poder presentarse a ellos. ¿Eso es transparencia?

Señor Repetto, me gustaría que aprovechase su intervención, por favor, para responder a las preguntas que le he hecho y para explicarnos: primero, ¿por qué el 79 % de la cantidad que ustedes pagan mediante reconocimientos no cumple la normativa en materia de contratación?; segundo, ¿por qué omiten el procedimiento de licitación para los contratos menores?; y tercero, ¿por qué cuando un contrato finaliza lo prorrogan tácitamente incumpliendo la ley de contratación del sector público? Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para o Señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Gracias, alcaldesa.
Sigue a responsabilizar y a culpar a los trabajadores de esta casa, evidentemente, ¿no? En esto de que no se lo vamos a consentir, parece como que hacen las cosas con retraso y que pretende usted que paguen facturas y que conformen facturas sin comprobarlas. Eso me parece ya que es un poco grave.
De todas maneras, le voy a decir que los trámites de los expedientes y la recepción de los mismos, su comprobación y la posterior conformidad lleva un tiempo hasta que llegan a abonarse esas facturas. Hay un procedimiento administrativo, como bien sabe. Por lo tanto, muchas veces esos procedimientos hacen que se extiendan en el tiempo y tengamos que pagar fuera de plazo, como también se envían facturas aquí que vienen fuera de fecha por parte de los proveedores, que las han presentado fuera del año en curso. Por lo tanto, se asumen, van a reparo y tienen que venir a este pleno.
Estamos hablando de que el Ayuntamiento de Lugo paga más de 7000 facturas por un importe superior a 70 000 000 euros, para que entienda el volumen de trabajo y de facturación que hay en este ayuntamiento. Las facturas que nos lastran, es verdad, son las de suministros, la electricidad, el gas… son difíciles de comprobar por parte de todos los servicios y sí que es verdad que elevan muchas veces ese periodo medio de pago.
Sabemos que es necesario seguir trabajando, agilizar por supuesto la tramitación de las facturas que se encuentran en el circuito de firmas y, por lo tanto, vamos a seguir trabajando.
Pero, bueno, yo le recomiendo que juegue la lotería a ver si tiene un poco más de suerte que en la política.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Señor Repetto, yo no entiendo nada. Yo no le hablé en ningún momento del retraso en el pago de las facturas. Yo no entiendo de lo que me está hablando usted, es que no lo entiendo. Porque yo no le hablé de eso, y no me ha respondido a lo que yo le pregunté.
Yo la verdad es que yo hago mi trabajo, me estudio la documentación, los informes, los analizo, preparo las intervenciones… y usted pues como quien oye llover, y en

Lugo llueve mucho. Nunca me responde a lo que yo le digo. Yo la verdad es que la sensación que tengo es que me voy del pleno igual que entro, porque nunca ni me da explicaciones ni me contesta a lo que yo le pregunto.
Nosotros, los 12 concejales que aquí estamos, intentamos fiscalizar la labor del Gobierno, porque, además, es que se lo debemos a la gente que nos votó, que nos dio su confianza, y ustedes tienen que gobernar para todos, no solo para los que les votaron a unos y a otros. Entonces, si yo le hago preguntas, yo no entiendo por qué no me responde y por qué habla de los trabajadores cuando yo no he nombrado ni ningún retraso ni que los trabajadores no hicieran su trabajo. No entiendo nada. Yo quiero explicaciones de dónde y en qué se está gastando el dinero. Por ejemplo: ¿por qué no publican los contratos menores en el portal de transparencia? Falta el segundo y el tercer trimestre.
Y después hay algo que repiten pleno tras pleno, como hizo usted hoy, que era algo que ya suponía que iba a hacer, que son los datos de morosidad. En el informe del 3er trimestre, que es el que traen hoy a pleno, dice que el número de facturas pagadas en plazo supone el 56,11 %, es decir, que casi la mitad de las facturas que están pagando lo hacen fuera de plazo. Y no me vale que lo justifique con el porcentaje del importe que pagan, porque eso no es así. Y la realidad, la realidad, es que a día 30 de septiembre ustedes deben, y lo pone aquí, 14 828 386,71 euros.
El período medio de pago, lo que hace, que es de lo que habla usted, es que empieza a contar desde la aprobación de la conformidad de la factura, no desde que a ustedes les llega la factura. Es como si a usted le llegan diez cartas de facturas, pero como no las abre, dice que no debe dinero. No, eso no es así, no es así. Aquí lo que cuenta es el dinero que tienen pendiente de pagar, y lo que tienen pendiente de pagar son casi 15 000 000 euros. Y esto se lo deben a los autónomos, a los empresarios, a las asociaciones, a las familias, a las madres, a los padres que tienen que afrontar sus gastos día tras día. Y este concello, la realidad es que a 30 de septiembre debe casi 15 000 000 euros.
Señor Repetto, yo le pregunto: ¿van a pagar estos casi 15 000 000 euros antes de que acabe el año o van a hacer como el año pasado, que a 31 de diciembre dejaron sin pagar 9 145 913,67 euros? Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Última quenda para o señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Señora Carballas, está claro que usted no quiere entender y quiere evidentemente hablar de otros temas que no tienen nada que ver con estos reconocimientos que traemos a este pleno.
Entonces, por lo tanto, yo no entiendo a dónde quiere ir con todo eso que usted dice. Le estoy diciendo que, dentro de un volumen de 7000 facturas, que hablamos de 70 000 000 euros que pagamos a proveedores, es verdad que muchas veces, por la complejidad de comprobar en este caso que la mayoría de estas facturas que traemos aquí son suministros, implican muchas veces que ese período medio de pago se amplíe y, por supuesto, que lleve una dilatación más en la tramitación del inicio al fin de estos reconocimientos de pago, que son en su mayoría suministros.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias, señor Repetto.
O que si quería dicir é que no primeiro recoñecemento de 783 000 euros, 764 000 corresponden a subministros de luz. E no segundo, de 222 000 euros, 221 000 corresponden ao subministro gas. É dicir, son facturas de empresas subministradoras. O 99 %.
Non traten de desviar a atención. Está claro que son ese tipo de facturas, que son moi complexas, nas que intervén non só a subministradora… E difícil, moitas veces hai que devolver esas facturas porque non están ben feitas e son constantes eses retrasos. É certo que esas facturas das empresas subministradoras son as que nos lastran, como dicía o concelleiro, ese período medio de pago pendente. Lástrannos e moito, e séguese traballando niso.
Respecto ás outras facturas que, como din nunha son dous e noutra outro pouco máis, voulle poñer tamén un exemplo, porque trata de desviar a atención: a factura da Asociación Futbolin Lugo-Unidos polo fútbol. A contratación foi realizada en tempo e forma e seguindo a tramitación correspondente; a proposta de gasto foi firmada o 7 de febreiro do 2023; a factura foi presentada a finais do ano 2023, cando a contabilidade dese ano xa estaba pechada, é dicir, posteriormente ao 10 de decembro, que soe pecharse a contabilidade e, polo tanto, xa non se pode atender.
Outra factura, Maferliz… Dita factura que está datada no 3 de maio do 2023, foi rexistrada en FACE polo provedor o 7 de febreiro de 2024; é dicir, 9 ou 10 meses despois. Iso é o que hai que dicir tamén, porque parece que quere ocultarse. E polo tanto, si é certo que ese tipo de facturas de subministros son o 99 % por cento das que se levan a recoñecemento e teñen esa dificultade que, por suposto, existe e lastra ese período medio de pago. Polo tanto, imos votar.

6/193 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 28-2024. REPARO 81/2024.-** Visto o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 19 de novembro de 2024, do teor literal seguinte:

**"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O**
***Recoñecemento extraxudicial 28-2024_Reparo 81-2024***
***IMPORTE TOTAL: 222.898,98 €***
***IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 222.898,98 €***

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **222.898,98 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **222.898,98 € (contía imputable ao orzamento 2024*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2024/1653, do 19.11.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 28-2024_Reparo 81-2024, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 10988/2024, do 19.11.2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **222.898,98 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 105074 | GAS NATURAL SUR SDG SA (A65067332) | FE23137023644925 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 118.617,86 | 13/10/2023 | ILUMGASN | C |
| 105102 | GAS NATURAL SUR SDG SA (A65067332) | FE23137023644924 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 102.950,12 | 13/10/2023 | ILUMGASN | C |
| 108603 | FDS CULTURAL SLU (B09929613) | 102024 | CONCERTO EL ÚLTIMO BURRO. O 29 DE XULLO DE 2023. MURALLEAN DO 2023.--- | 33000.22699 | 202400042430 | 1.331,00 | 11/6/2024 | CULTURA | D |
| | | | | | **TOTAL** | **222.898,98”** | | | |

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no

presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **222.898,98 €*:***

| CÓDIGO | PROVEDOR/A NIF/CIF | NÚM_FACT | CONCEPTO | APLICACIÓN | NÚM_OPER | TOTAL | DATA | ÁREA | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 105074 | GAS NATURAL SUR SDG SA (A65067332) | FE23137023644925 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 118.617,86 | 13/10/2023 | ILUMGASN | C |
| 105102 | GAS NATURAL SUR SDG SA (A65067332) | FE23137023644924 | Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1- Importe por peaxes de transp orte e distribución e cargos - | 16510.22100 | 202400066449 | 102.950,12 | 13/10/2023 | ILUMGASN | C |
| 108603 | FDS CULTURAL SLU (B09929613) | 102024 | CONCERTO EL ÚLTIMO BURRO. O 29 DE XULLO DE 2023. MURALLEAN DO 2023.--- | 33000.22699 | 202400042430 | 1.331,00 | 11/6/2024 | CULTURA | D |
| | | | | | **TOTAL** | **222.898,98”** | | | |

## DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto número 5/192 da orde do día. As intervencións producidas figuran ao pé do referido asunto 5/192.

## PROPOSICIÓNS

7/194 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 382/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A QUE LIDERE UNHA MESA DE TRABALLO PARA BUSCAR UNHA LOCALIZACIÓN DE CONSENSO PARA O PROXECTO ASÍ COMO PARA QUE, NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS, HABILITE OS MECANISMOS NORMATIVOS AO SEU ALCANCE PARA GARANTIR QUE ESTE PROXECTO SE INSTALE NOUTRA LOCALIZACIÓN (Exp. 2024/G004/000744).-** Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

"O proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización de Coeses atópase na actualidade nunha situación de rexeitamento compartido por todos os grupos políticos e pola veciñanza respecto á localización prevista.

En relación con isto, a alcaldesa, Dª. Paula Alvarellos, manifestaba no Pleno celebrado neste Concello o pasado 26 de xullo, que "Lugo é moi grande e pódese poñer noutro sitio que non afecte á poboación".

Ante tal situación no Pleno celebrado no día de hoxe, 4 de novembro de 2024, e ante o debate dunha iniciativa presentada polo BNG, o Grupo Popular rexistrou unha emenda co obxectivo de acadar unha nova localización para proxecto froito do consenso. Ante o rexeitamento do grupo propoñente de aceptar a nosa emenda, consideramos necesario presentar unha nova proposición que deixe claro o noso posicionamento e do resto dos grupos respecto ao proxecto.

Por todo isto, o Grupo Municipal del Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

*1. Instarlle ao Concello de Lugo a que lidere as accións necesarias para buscar unha nova localización de consenso para o proxecto da planta de biometano de Coeses*

*2. Instarlle ao Concello de Lugo a que, no exercicio das súas competencias, habilite os mecanismos normativos, urbanísticos e medioambientais, ao seu alcance para garantir que este proxecto se instale noutra localización."*

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Partido Popular, señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Grazas, señora alcaldesa. Buenos días, concelleiras y concelleiros.

En primer lugar, quiero dar la bienvenida de nuevo a este pleno municipal a los vecinos de las parroquias de Cuíña, de Soñar… en definitiva, a los vecinos afectados por el proyecto de la planta de biometano en Coeses.
Esta es la cuarta vez que se van a debatir en este pleno municipal propuestas para intentar paralizar esa planta, lo que demuestra que, si hay alguna cosa clara en este momento, es que nadie, ni los grupos políticos ni los vecinos, queremos ese proyecto en Coeses.
Bien, empezando por el final, recordarán que en el último pleno se debatió aquí una iniciativa del BNG a la que, desde el Grupo Popular, presentamos una enmienda. Pero esa enmienda nos fue rechazada. Y como nosotros consideramos que contenía dos medidas muy interesantes que pueden conseguir paralizar la implantación de la planta, registramos ese mismo día una moción, que es la que debatimos hoy, mediante la que pedimos dos cosas.
En primer lugar, pedimos que el gobierno municipal lidere la negociación para buscar otra ubicación para el proyecto, y ya les avanzo que esta ubicación no tiene por qué ser necesariamente el Concello de Lugo. Y segundo: pedimos que el gobierno local modifique la normativa municipal para que proyectos de este tipo, este u otros análogos, no se puedan implantar en entornos donde residen los vecinos, como es el caso de Coeses.
La verdad, la que se demuestra con hechos, a pesar de que tanto el PSOE como el BNG quisieron manipular el relato, es que el Partido Popular se posicionó siempre en contra del proyecto desde que lo conocimos, desde que se hizo la exposición pública en este año. Fuimos los primeros en informar, presentamos alegaciones, fuimos los primeros en traer una iniciativa a este pleno, fuimos el único grupo que defendió una iniciativa en el Parlamento de Galicia y hoy volvemos con otras iniciativas. Con lo cual, a nosotros, al grupo Popular de este Concello, no tienen que convencernos de que ubicar en Coeses la planta de biogás es un error.
Ahora bien, con la misma contundencia que digo esto, también digo que quien tiene la última palabra y la capacidad de decisión final sobre si este proyecto se autoriza o no, a través de la licencia municipal, es el gobierno local. Y eso es algo que han querido silenciar a lo largo de todo este tiempo tanto el PSOE como el BNG. Si ustedes quieren esta planta, no se construye en Coeses.
Señora alcaldesa y señor teniente de alcalde, ustedes que presumen de ser tan beligerantes contra el proyecto saben que tienen en sus manos las herramientas para pararlo. Pero, lejos de reproches, con esta iniciativa lo que queremos es construir y buscar una solución. En primer lugar, pedimos que la alcaldesa haga realidad sus palabras del pleno del pasado 26 de julio, cuando dijo que Lugo era un concello muy grande y que seguro que se podía encontrar «outro lugar onde se poderá poñer que non afecte a poboacións como vai afectar con ruídos, cheiros, e vertidos». Pues estamos totalmente de acuerdo, señora alcaldesa. Y ustedes, como gobierno municipal, tienen la obligación de liderar la negociación con la empresa, por cierto, empresa siempre ausente en todo este proceso, y buscar entre todos una nueva ubicación de consenso.
Y ya le avancé que vamos más allá de lo que dijo usted aquel día, nosotros proponemos que se busque una ubicación de consenso, sea en este Concello o en

otro, siempre que sea de consenso. Si no quieren hacerlo, si no votan a favor de esta iniciativa, pues demostrarían al final los que no tienen voluntad para que no se instale este proyecto en Coeses son ustedes. Si, por el contrario, votan a favor, que es lo que les pedimos, demostraríamos que el cambio de ubicación es una voluntad firme, unánime e inequívoca de esta corporación municipal.
Bien, pero no nos quedamos ahí. En un segundo punto de la iniciativa, pedimos también que el Concello habilite, en el ejercicio de sus competencias, las modificaciones normativas para garantizar que este proyecto no se instale en esta ubicación. Aunque es muy posible, a la vista de los informes que vamos conociendo, que este proyecto nunca tenga una declaración ambiental positiva, la administración, que tiene la última palabra respecto a la autorización, es el Concello de Lugo. Concello de Lugo que, por cierto, conoce el proyecto desde el 22 de diciembre del 2021, cuando se solicitó la licencia.
Y aquí les hago una pregunta a los vecinos para que reflexionen y piensen que, a lo mejor, no les están contando toda la verdad a lo largo de este proceso, porque el gobierno local, formado por PSOE y BNG, conoce el proyecto, como mínimo, desde finales del año 2021.
Y mi pregunta es: ¿les han informado sobre él en algún momento a lo largo de todo este tiempo? ¿No creen que, si tanto le preocupa la planta de Coeses, deberían de haber hablado de este tema con los vecinos a lo largo del año 2022 o 2023, y no en 2024, ya cuando ya se expuso al público? Durante el año 2022 y 2023 creo que no se les informó y no hubo esta beligerancia contra el proyecto, y ellos conocían el proyecto.
Pero, en cualquier caso, como dije, quiero presentar una propuesta en positivo, quiero construir y esto es pasado. Nosotros lo que queremos con este segundo punto de la iniciativa es que el Concello utilice las herramientas en su mano para denegar licencias a proyectos de estas características. Queremos un Concello libre de instalaciones como esta planta cerca de entornos residenciales que afectan a la vida y a la salud de las personas. Y me refiero, por ejemplo, a que el Concello puede modificar la ordenanza de protección ambiental que, por ahora, no limita ni regula nada, y puede exigir con su ordenanza que se establezcan distancias mínimas a entornos residenciales.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Bo día e moitas grazas.
A verdade é que esta proposición, e vouno dicir con toda elegancia, pero é así parece unha tomadura de pelo. E ademais porque, a día de hoxe, é que non se lle pode intentar manipular a estes veciños e veciñas que están aquí, porque están perfectamente informados. Levan meses informándose, buscando información, asesorándose. Saben perfectamente o que hai. Por moito conto que se queira poñer hoxe aquí, eles saben perfectamente como é a realidade.
E a verdade é que resulta sorprendente que, despois de que dende o PP se lle regalase a esta empresa a declaración de iniciativa empresarial prioritaria, que iso

se lle podía outorgar ou non, podíaselle outorgar ou non. E o Partido Popular na Xunta decidiu outorgarllo para facilitarlle precisamente eses procesos.
Despois, por certo, denegarse, que se propuxo aquí no pleno pasado, solicitarlle á Xunta retirar esa declaración, que o Partido Popular dixo que non se lle ía retirar esa declaración. Por que non se lle vai retirar esa declaración? E non quixo retirarlla. Pois… Por certo, fago un inciso: hoxe mesmo, ás 8:30 da mañá, a deputada do BNG, Montse Valcárcel, fixo xa unha solicitude de todo o expediente desa declaración para saber se aí hai algo detrás para que non se queira retirar, porque se podía retirar perfectamente.
Por certo, tamén o BNG solicitou xa nunha ocasión e aínda non se lle entregou, e xa se solicitou hai tempo, toda a documentación do monte de Coeses. Á Xunta se lle solicitou para saber todo como se fixo aí, por se tamén puidese haber calquera problema. A día de hoxe, pois aínda non se entregou por parte da Xunta, tamén é bastante curioso.
Bueno, o certo é que despois de levar meses, por parte do Partido Popular, mareando a veciñanza e ocultando información e todo isto, pois agora traen esta proposición na que se pide ao Concello de Lugo, ao Concello de Lugo, que busque outra ubicación dentro do Concello de Lugo.
Estou lendo a pancarta; a verdade é que precisamente din «Non á planta de biometano en Lugo», non? Porque o que non queremos é que a planta estea en Lugo. Non vamos quitarlle a planta a Coeses para levala nin a Ombreiro, nin a Tirimol, nin a Nadela, nin a Teixeiro nin a ningún outro sitio. Non queremos a planta e punto, non a queremos. Non queremos, e o Concello non ten que facer ningún tipo nin de mesa nin de proceso para movela dunha parroquia para outra. Porque iso é buscar enfrontar os veciños uns cos outros e non queremos iso, queremos que non se faga, que é o que defende a xente. E polo tanto, nós vamos estar nesa posición.
Por iso dicimos que esta proposición é unha tomadura de pelo, porque é buscar enfrontar a xente entre si para intentar evitar que haxa unidade e que se poida paralizar esta planta. E por iso nós imos votar que non. Imos votar que non. Nós imos votar que si a todo o que sexa paralizar esta fábrica, e todo o que sexa movela de sitio dentro do Concello de Lugo imos votar que non, porque non a queremos aquí.
O que teñen que facer, e pódeno facer dende o Partido Popular, é promover dende a Xunta retirar esa declaración de iniciativa empresarial prioritaria, que o poden facer, poden retirarlla. Polo tanto, xa lle dan maior dificultade.
E por certo, a ver, non fagamos trampas. A xente non é parva, non fagamos trampas. Non se pode dicir que o Concello de Lugo ten a última palabra. O Concello de Lugo non ten a última palabra porque precisamente o Partido Popular nestes anos, sobre todo dende o 2012, foi aprobando unha serie de lexislacións, como é a Lei de emprendemento e como son moitas outras, que fan que lle retiran estas competencias aos concellos. Si, pódeno consultar, fan que llas retiran… E vímolo moitas veces e, ao final, se o Concello, por poñer un exemplo, se negase a esta licenza despois de ser autorizado dende a Xunta, a empresa tería tan fácil como ir a

un contencioso e automaticamente vai recibir a licenza. Porque aos concellos se lles retiraron estas capacidades dende a Xunta.
Por certo, co voto único do Partido Popular. Só o Partido Popular votou a favor deste tipo de lexislación. Entón, ao final é que teñen vostedes todo na man. Vai ser a Xunta quen vai ter que facer o estudo de impacto ambiental, vai ser quen pode realmente paralizar isto. Entón, a ver, sexamos serios e non enganemos a xente nin a mareemos, porque ademais é perder o tempo, porque a xente que está aquí leva, como digo, moitos meses informándose é moi difícil a día de hoxe enganala. Poderalo facer con outras persoas, pero coas que están aquí non.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Grazas, alcaldesa. Bo día, compañeiros, compañeiras e, sobre todo, benvida á veciñanza e a todos os que formades... [non se escoita]... Parabéns por todo o traballo que estades a realizar.
Dende logo, o posicionamento deste grupo municipal foi sempre claro. Ante as artimañas do PP, hoxe volven desdicir o que dixeron nos anteriores plenos. Din, ademais a boca chea, que intentan paralizar a planta, pois díganllo á Xunta de Galicia. Tan sinxelo coma iso. O Concello de Lugo non lle ten que liderar nada. O que ten que liderar é o apoio ás demandas veciñais que levamos meses mostrando, acudindo e informando en todas as mobilizacións, e todo o traballo que están realizando.
E, como dixo a alcaldesa no seu día, porque vostedes collen iso como o poñen na súa proposición: que a movan de sitio. Non, a Alcaldesa non dixo iso. A alcaldesa o que dixo é que lle esixía a mesma rigorosidade e minuciosidade de traballo á Xunta de Galicia, e que tivera en conta os informes preceptivos, que están sendo todos negativos, e que contemplara esa afectación ambiental, patrimonial, sanitaria… en infraestruturas e social que supón a implantación deste tipo de plantas. En Lugo non queremos cheiros.
Polo tanto, temos que seguir esixindo que a Xunta de Galicia acade esa postura neutral, porque é o que se nos esixe a todos os gobernos, que sexamos neutrais. E, sen embargo, declarando unha iniciativa prioritaria empresarial, o que está mostrando o PP é que ten algún interese en que esa empresa ou esas empresas implanten esa planta de biometano alí. Porque, ademais, tampouco están tendo en conta todos os informes que veñen desfavorables. Que solución lle dan? Que o Concello lidere unha nova ubicación. Pois mire, o problema non lle está no concello. O problema teno a Xunta e as empresas ou empresa que tal… Por que? Porque o proxecto segue sendo prioritario. Precisamente hoxe alardeaba unha conselleira do Partido Popular da axilidade que lle vai dar o tema da vivenda que agora pretenden vender, xa preparando a campaña vindeira, a axilidade que lle vai dar o procedemento, que ese non é un proxecto prioritario, cando vostede, señora Sanz, no anterior pleno dixo e indicou que iso non lle daba garantía de mellora ningunha. Pois si, axiliza e bastante.

Outro dos problemas? Que o aluguer en activo, en activo xa, o aluguer desas parcelas xa está contemplado por 30 anos; é outro dos problemas. Outro problema Que esa empresa ou empresas pretendían investir, como non temos os expedientes aos que pedimos acceso, investir 12 000 000 euros, que os ten no aire, é un problema para a empresa, non para o Concello. Todos eses informes negativos, un tras outro, un tras outro, un tras outro… e a Xunta non cae da burra. A creación de postos que vai supoñer, outro dos problemas. Creo que son 2, ou polo menos iso din.
Pero o verdadeiro problema é que o Partido Popular ten que atender á presión social que levan desenvolvendo todos os veciños e veciñas xunto coas institucións que os apoiamos nesas manifestacións e concentracións, ás que lles dou as felicitacións e que invito a que sigan, porque a miña pregunta non é liderar nada. A miña pregunta é, señora Sanz que di que… a solución da Xunta de Galicia é que o Concello diga onde queremos ubicar a nova planta? Nós non a queremos ubicar en ningún lado.
O Concello non se adica a buscarlle terreos a empresas privadas e declaralas de interese prioritario empresarial. Polo tanto, non sigan coas súas trilarías, cos seus xogos, nin pretendan enganar porque, como se dixo aquí, a xente está máis que informada e ten as súas propias conclusións. E por iso nós seguimos concordando con esta demanda.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para a concelleira do grupo Popular, señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Bueno, qué pena, la verdad. Me da muchísima pena oír sus declaraciones porque pensé que podíamos construir algo juntos y luchar todos para que, al final, esta planta no se implante en Coeses.
Señor Arroxo, ¡qué cantidad de manipulación! Porque dije 2 veces en mi intervención que se busque otra ubicación en este o en otro concello, no dije en Lugo. De todos modos, hable con su alcaldesa, que fue la que lo dijo, «el Concello de Lugo», en el pleno del 26 de julio. Lea el acta.
Y, señora Abelleira, habla de que hay informes negativos. Evidentemente, si los informes negativos al final resultarán en una declaración de impacto ambiental negativa, pero es que aún no tenemos esa declaración, ese es el tema. Y como quieren que anule la iniciativa prioritaria, pues se tardará mucho más en tener esa declaración que todos esperamos negativa. Yo creo que lo único que están haciendo es confundir a la gente, que yo entiendo que no comprendan nada porque le están diciendo, faltando mucho a la verdad y con muy poco rigor, explicándole realmente cómo está la situación. En cualquier caso, no quiero entrar, no voy a entrar a hacer demagogia.
La única realidad es que el papel de la Xunta se limita a realizar un análisis del impacto ambiental, pero el otorgamiento de la licencia es competencia exclusiva del gobierno municipal. Que este proyecto cumpliese los requisitos de iniciativa prioritaria, ya lo analizamos con detalle en el anterior pleno, lo único que significa es si el proyecto se resolverá antes, positivo o negativo; antes, nada más, no se

reduce ningún trámite. Ya se habló mucho sobre esto y yo creo que al final el tiempo nos va a dar la razón y pondrá la verdad sobre la mesa.
De hecho, a las pruebas me remito: hasta la fecha, hay dos informes que cuestionan el emplazamiento de esta fábrica, uno de la Confederación Hidrográfica, que cuestiona el punto de vertidos, y otro mucho más contundente que tengo aquí, fundamentado (es más, demoledor), es de la propia Xunta de Galicia a través de la Dirección Xeral de Saúde Pública.
Este informe de 15 páginas recoge unas conclusiones que a nosotros nos preocupan profundamente. Por ejemplo, cuando las páginas 8 y 15 detallan que existe una posible afección por «cheiros» en las poblaciones del entorno. Cuanto menos, dice el informe literalmente, el proyecto afecta a la vivienda situada en El Vilar, a 240 metros, a las viviendas de Soñar, a 220 metros, y a la población de O Vilar. Estamos, por tanto, ante un proyecto que incumple la normativa respecto a distancias con las viviendas, y eso lo dice la Xunta de Galicia. Aquí lo tienen si lo quieren consultar.
Así que, si hay una administración que ha sido capaz de demostrar que ese no es el lugar adecuado, por ahora, el único que lo ha dicho ha sido la Xunta de Galicia. ¿Y ustedes que han hecho hasta ahora? ¿Pero es que han hecho algo? Nada. No han hecho nada. Y a la vista de las declaraciones de los dos voceiros en este Pleno, pues parece que van a seguir esperando que la Xunta les arregle sus problemas.
Como mínimo, hablen con la empresa y convénzanles de que cambie la ubicación, ya que Coeses no es el lugar. Hagan su trabajo, señora alcaldesa, y dejen de esperar a que la Xunta les solucione la situación.
Yo tengo el convencimiento de que la declaración final será negativa, pero en cualquier caso deberían de crear el entorno normativo adecuado para impedir que este tipo de proyectos se puedan implantar hoy o en el futuro en nuestra ciudad. Lo que pedimos es que se ubiquen en lugares en los que no tengan los efectos nocivos y que no perjudiquen a los […]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Acabouse o seu tempo. Segunda quenda para o voceiro do Bloque, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Grazas. A ver, di que lle dá pena que hoxe non se poida chegar a unha unidade, a un voto favorable de todos os grupos nesta proposición. Ou sexa, que di que lle dá pena que os demais non votemos a favor de que se busque colocar esa fábrica noutro sitio. Ou sexa, que en vez de que estea en Coeses, pois que estea… pode ser en Ombreiro, en Tirimol, en Teixeiro, en Bascuas, non sabemos onde, noutro sitio do Concello de Lugo. Agora cambia o relato. Agora é que pode ser noutro concello que non sexa o de Lugo. Pero o que se lle pide aquí é que o Concello de Lugo lidere unha mesa, ou algo así, para que a planta se coloque noutro concello? Ou sexa, que o Concello de Lugo se poña a dirixir como mandar esta planta a Outeiro de Rei? É que é surrealista. A ver, eu quero que nos escoitemos realmente o que estamos dicindo; é que chegamos a un punto surrealista. O que teremos que defender, que é o lóxico e normal, é parar esa

planta. Se esta moción que presenta o Partido Popular chega a propoñer que o pleno municipal se opoña a esta planta, todos os votos a favor, evidentemente. Pero se o que se propón é que o Concello lle busque outra ubicación… Pois evidentemente non a imos apoiar. É que é obvio, non?
Despois di que… a propia voceira do Partido Popular está a dicir que se incumpre a normativa. E se se incumpre a normativa, pregunto eu, eh, pregunto eu e gustaríame saber a resposta, se se incumpre a normativa, por que razón o Partido Popular se opón a que se lle retire a declaración de interese empresarial prioritario? Por que, se está incumprindo a normativa? Se recoñecen que incumpre a normativa. Por que, primeiro, se lle outorga? E imos pensar que se lle outorgou por erro, vale, outorgóuselle por erro. Imos pensar que foi por iso e non por outras cousas; foi que foi unha confusión. Entón, agora por que non se lle quita? Por que? Cal é o problema? Por que non se vota a favor, que o trouxemos no pleno pasado, de pedir que se lle quite esa declaración? Por que? Porque iso si que se pode facer. Por que non se lle quita? Pois non se lle quere quitar, non se lle quere quitar. Por algo será, non?
Nós, dende logo, imos seguir, primeiro, investigando a ver por que non se lle quere retirar, a ver se conseguimos ese expediente, xa que o outro non conseguimos que a Xunta nolo dese para podelo ver, para poder estudar, a ver se o conseguimos, e dende logo, pois imos estar en todos os procesos e en todas as mobilizacións que os veciños e veciñas sigan a facer, porque eu creo que, evidentemente, hai que seguir loitando contra isto. Isto pódese parar e creo que é posible...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Segunda quenda, señora Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Mire, señora Sanz, dixo que a Xunta estaba intentando, e o Partido Popular, paralizar. Mentira. Dixo que era unha obrigación do concello. Mentira. Dixo que existía a petición de licenza. Mentira. Dixo que o Concello ten a última palabra. Mentira. Dixo que cumpría os requisitos de prioridade, un deles é os postos de traballo. Mentira. Polo tanto, señora Sanz, eu non sei que queren vender con esta proposta, porque ningún dos dous puntos lle corresponde nin lle compete ao Concello de Lugo.
A min o que me dá a sensación é que a Xunta e o Partido Popular, xa o dixen nalgún pleno, ten información privilexiada e sabe que non se vai construír aí. Entón teralle que dar explicacións a alguén para que eses 12 millóns, eses postos de traballo, esas ubicacións e os cheiros se vaian para outros lados.
E díxenllo na primeira intervención: o concello non se adica a buscar parcelas privadas a empresas que buscan ou que queren un beneficio industrial, porque a industria tamén é competencia da Xunta de Galicia.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Última quenda para a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Para que se vea nuestra voluntad de luchar contra este proyecto, a pesar de toda la demagogia y medias verdades, o incluso mentiras, que dice el equipo de gobierno, señor Arroxo… propuso en su primera, bueno, en esta quenda, que aceptaría, a lo mejor, que el pleno municipal se oponga al proyecto. No sé si es una enmienda *in voce*…

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Non, non fixen emenda.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: Pero, no sé… ¿propuso eso? Pues se lo acepto. ¿De qué modo lo instrumentamos? Porque nuestra voluntad es llegar a un acuerdo. Entonces, si propone eso, nosotros se lo aceptamos, el Grupo Popular.
Por cierto, señora Abelleira, me dice que mentí con que había licencia, el 22 de diciembre del 2021. Ah, ¿no hay licencia? ¿Y por eso cobraron ustedes unas tasas urbanísticas por licencia que luego archivaron porque la empresa las usó en la documentación?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Un momento. Silencio. Está intervindo a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS**: El 22 de diciembre del 2021 la empresa presentó una solicitud de licencia que se archivó, se requirió documentación, se cobraron las tasas, porque las tasas las tienen que cobrar, y no se concedió. No entraron a valorar el proyecto, no lo valoraron; simplemente lo archivaron porque no aportaron documentación. Pero, ¿me acaba de decir que mentí porque dije que hubo solicitud de licencia.?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Perdón. Silencio.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Hubo solicitud…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Sanz. Rematou o seu tempo.
O que si teño que dicir, porque aquí si que quero intervir, é que estamos no de sempre, e diríxome aos veciños: «juegos malabares», como dicimos; «trileros». Realmente é unha fuxida cara a adiante, porque non saben como saír, porque a postura foi evidentemente moi errónea, foi falida. Primeiro intentaron vender que «xa se había publicado, que ía ser unha iniciativa empresarial en positivo», e despois cando viron a reacción social volvéronse atrás. Polo tanto, estamos neses xogos malabares, nese «trilerismo» ao que estamos habituados porque é unha fuxida adiante, porque non se sabe como se pode saír.
O que si, como dicían tanto o voceiro do Bloque Nacionalista Galego como a voceira do Partido Socialista, é que se faga valer ese cargo de vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia para que se acabe con esa iniciativa empresarial prioritaria. Porque se ese cargo se utiliza, arreo e constantemente, para intentar conseguir un lugar diante doutros concelleiros, pois esperemos que o faga para

conseguir que desapareza esa declaración de iniciativa empresarial prioritaria. Si que llo pedimos, se realmente lle interesa Lugo, como voceira do grupo Popular deste concello e en representación dos veciños e veciñas de Lugo, se faga valer e non se utilice soamente ese cargo representativo para intentar conseguir dous postos adiante nos actos públicos, senón que o utilice como verdadeiramente se necesita.
Si é certo que houbo unha solicitude de licenza municipal, señora Sanz, e foi denegada por este concello. Foi denegada por este concello. Polo tanto, non intenten, porque aquí se está intentando… E os veciños, outra cousa que me chamou a atención, e creo que é importante, esa minusvaloración, é dicir, que esta xente non entende. A min verdadeiramente sorpréndeme. A xente está moi ben informada, moi ben informada. Está pedindo documentación en todos os sitios e tena presente, coñece todo… Porque agora saca ese informe de sanidade da Xunta de Galicia como se fose unha novidade, pero se xa no pleno pasado xa falamos del e xa estivemos vendo eles o teñen, evidentemente. Evidentemente.
Como digo, todo isto é unha fuxida cara a adiante para intentar saír dun embrollo no que se meteron e que tiveron unha reacción social moi importante. Agora piden cousas descabelladas, por iso digo que é unha fuxida adiante: «modificación normativa», coma se nós tivésemos competencia para facer esa modificación normativa; «buscar outro concello», coma se nós tivésemos competencias para que outro concello… «buscarlle a unha empresa solo para que poña…» se nos dedicamos, no Concello de Lugo, a buscarlle e facer de axentes da propiedade inmobiliaria das empresas privadas, mal vamos.
Polo tanto, o que quero dicir é que nin eles mesmos saben o que pediron. Saben o que apoiaron, esa iniciativa empresarial prioritaria, pero agora non queren dar ese paso de que se rexeite esa iniciativa prioritaria e empresarial, porque algún interese supoño que pode haber.
Polo tanto, imos votar. A ver se dunha vez son completamente claros, claros. E, entón, igual que presentaron a outra vez a proposta no mesmo día do pleno, presenten hoxe a proposta nos termos que vostede di, e no próximo pleno o votamos.
Imos votar…

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Pido a palabra, señora alcaldesa, por alusións... no debate.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Non. Non lle vou dar a palabra. Vamos votar. Votos… Votos a favor?

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Está recollido no regulamento. A que ten medo?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Eu non teño medo ningún. Para volver dicir unha e outra vez… Imos votar.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Estou pedindo a palabra ao amparo do artigo 68 por ser aludida no debate, señora alcaldesa.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Imos votar.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Estame denegando a palabra.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Votos a favor da proposición? Votos en contra?

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Acaba de incumprir o artigo 68 do regulamento.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moi ben, pois fágao valer. Continuamos.

8/195 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 401/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR A CORREOS A CREACIÓN DUNHA OFICINA PARA A ATENCIÓN AO PÚBLICO NO NOVO CENTRO DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000781)**.- Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**
O Grupo Municipal do BNG recolle a proposta presentada á empresa pública por parte da CIG-Correos reclamando a apertura dunha oficina de Atención ao Público no novo Centro Loxístico de Correos ubicado no Parque Empresarial das Gándaras.
O novo centro de Correos, que conta cunha superficie de 3.250 metros cadrados, leva en funcionamento desde o pasado 21 de outubro concentrando a todas as unidades de reparto da empresa pública para a cidade de Lugo, incluíndo ás unidades de reparto da zona rural, paquetería de gran tamaño e notificacións.
Non contar cunha oficina de Atención ao Público merma a calidade do servizo prestado por Correos, ao contar os parques empresariais do Ceao e As Gándaras con centos de traballadores e empresas que poderían recibir atención nesta ubicación, aumentando potencialmente a carteira de clientes de Correos, sendo moitas as empresas de ambos parques empresariais as que traballan con esta empresa.
Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO:**

- A Corporación Municipal de Lugo insta a Correos a habilitar unha oficina para a atención ao público no novo Centro Loxístico do Parque Empresarial das Gándaras

Vista, así mesmo, a emenda de adición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número de Rexistro de Entrada 414/2024, na que se propón completar a parte resolutiva da proposición, de forma que quedaría redactada do seguinte xeito:

"A Corporación Municipal de Lugo insta a Correos a habilitar unha oficina para a atención ao público no novo Centro Loxístico do Parque Empresarial das Gándaras, ADOITANDO COMPROMISO DE NON DISMINUIR OS SESRVIZOS ATA AGORA PROPORCIONADOS EN OUTRAS OFICINAS NA CIDADE."

E vista tamén a emenda "in voce", presentada no transcurso do debate na que se propón engadir á parte resolutiva da proposición o seguinte texto: Instamos a Correos a que de xeito inmediato instale taquillas de paquetería Citypaq na sede loxística de Correos que ten no polígono das Gándaras.

E tendo en conta que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición, acepta ambas as dúas emendas.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada polas emendas aceptadas, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar a Correos a habilitar unha oficina para a atención ao público no novo Centro Loxístico do Parque Empresarial das Gándaras, adoitando compromiso de non diminuír os servizos ata agora proporcionados en outras oficinas na cidade.

SEGUNDO.- Instar a Correos a que de xeito inmediato instale taquillas de paquetería Citypaq na sede loxística de Correos que ten no polígono das Gándaras.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Grazas.
Esta é unha proposición sinxela que traemos a este pleno, pero que entendemos que é unha gran utilidade para Lugo, dado que é unha demanda que levan tempo facendo traballadores e traballadoras, tanto de correos como das empresas que están nos polígonos, tanto do Ceao como das Gándaras, como incluso do polígono

da Campiña, pola proximidade na que se atopa este centro loxístico do que agora falaremos.
Ben. Actualmente, cada vez que unha empresa ou unha persoa a título individual que pode estar traballando nestes polígonos ten que efectivizar calquera tipo de xestión en Correos, pois ten que achegarse ás oficinas que hai ou ben na rúa Mallorca, no barrio da Milagrosa, ou na rúa San Pedro, no propio centro de Lugo. Iso evidentemente supón, pois, unha perda de tempo considerable de ter que desprazarse dende os polígonos ata estas rúas para aqueles casos, que son moitos, que o teñen que facer diariamente, pois supón, obviamente, un incremento de custes e, ademais, pois incluso ata é un problema que se pode solucionar en canto a que hai un tráfico circulando pola cidade que non tería por que ser preciso.
Ben. Dende hai unhas semanas, Correos xa conta cunha nova instalación no polígono empresarial das Gándaras e, dende logo, isto podería ser unha solución moi interesante a esta cuestión; poder ter alí *in situ*, no propio polígono das Gándaras, nestas instalacións, unha oficina de atención ao público para precisamente que calquera persoa ou calquera empresa que ten que facer eses trámites diarios con correos, pois o poida facer alí sen ter que desprazarse.
Incluso entendemos que podería ser moi cómodo para persoas que se achegan dende as parroquias ou tanto das parroquias do Concello de Lugo como doutros concellos, que nin sequera van ter que entrar na zona urbana, senón que van poder xa parar no propio polígono, que ten boas conexións, e polo tanto se pode xa facer alí todas esas xestións, deixar o correo ou o que teña que facer.
Ben, pois ante iso entendemos que isto é unha proposición, como dicía, simple, de instarlle a Correos a que poida levar adiante esa oficina. Cremos que é de total sentido común e por iso cremos positivo que toda a corporación municipal apoie esta iniciativa, que supoño que así será porque será, pois, moi útil para moitas persoas.
Así que grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista, dona Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE**: Gracias, alcaldesa. Bos días, concelleiras e concelleiros deste pleno, así como o resto do público.
Simplemente comezar sinalando, se mo permiten, que, como goberno de Lugo, temos que manifestar os datos publicados no informe da Fundación de Estudos de Economía Aplicada onde Lugo, a nosa cidade, está entre os 10 municipios españois de 50 000 habitantes con maior incremento da renda entre a veciñanza. Este indicador é un indicador fundamental de productividade e desenvolvemento económico que reflicte as condicións económicas e sociais, considerando o crecemento real e a forza laboral, incluso sendo utilizado tamén como un indicador de benestar social pola súa relación directa coa calidade de vida.
O desenvolvemento do polígono industrial das Gándaras é un exemplo obxectivo deste desenvolvemento. Tan obxectivo como a aposta deste goberno de Lugo, deste grupo municipal do Partido Socialista, do apoio ás empresas para que a xente

neste polígono crearan e creen novos postos de traballo, como así foi e así segue sendo.
É certo, tamén, e queremos destacar que o crecemento destes polígonos tamén constata cambios nas dimensións socioeconómicas, morfolóxicas e territoriais da cidade. Temos que observar que se permite apreciar claramente, sen lugar a dúbidas, que entre as transformacións máis destacables atópanse as habidas na morfoloxía dos usos do centro e da periferia, como ben se acaba de dicir, no centro onde están neste momento as oficinas de correos, e outra no barrio da Milagrosa.
As implicacións estruturais dos usos do chan cambian, e isto é importante na mobilidade das persoas, mesmo na facilidade nos accesos. Por iso nos parece certamente moi acaída esta proposición que plantexa o grupo do BNG e queremos facer unha engádega á mesma, que nos parece importante tamén para axilizar as prestacións aos usuarios que despois pasarei tamén a explicarlles. O texto da emenda de engádega é moi sinxelo; simplemente poñer de manifesto que, de xeito inmediato, solicitamos e instamos a Correos a que instale taquillas de paquetería City Pack na sede loxística de Correos que ten no polígono de As Gándaras.
Por que o queremos facer deste xeito? Bueno, pois porque entendemos que iso axilizaría prestacións que Correos, neste momento, como entidade, xa está a poñer en marcha de cara aos cidadáns. Así o presenta e todos nós podemos, os cidadáns tamén, por suposto, velo no Plan Estratéxico de Correos 2024-2028 onde fortalece a súa posición como prestador de servizos.
E, dentro deste papel de prestación de servizos, ten 3 piares; vámonos centrar nos que hoxe nos toca tratar aquí: que é reforzar o sector postal tradicional como operador designado de servizo postal universal e que quere mellorar a súa calidade.
Destacar que este feito, pola súa relación que ten co tema, é especialmente importante, xa que o impulso da paquetería, adaptándose ás novas preferencias e hábitos dos consumidores, que é unha realidade que se está vendo, permite que a automatización que presta co desenvolvemento deste tipo de taquillas fai moito máis eficiente os procesos que se reflicten con este uso. Estas taquillas poden ser usadas, pódeno consultar todos, e seguramente tamén xa as coñecen tanto polas empresas como usuarios individuais.
É certo tamén que hai que destacar que, dende o Partido Socialista, entendemos oportuno, moi oportuno, que os veciños das parroquias do Oeste da cidade poidan dispoñer dos servicios de correos no polígono, e que iso contribuirá ademais ao tráfico en zonas realmente tensionadas.
Máis tarde, na seguinte intervención, aclararei algunha cousiña máis a este respecto.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Racamonde. Ten a palabra o señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ**: Bo día a todos.

Esta proposta que vostedes recollen de fontes sindicais, fan súa e hoxe propoñen á corporación municipal para o seu apoio non ten en principio especial reparo para ser apoiada.
A apertura dunha oficina de atención ao público semella ser unha boa idea porque dá servizo ás empresas e traballadores autónomos que operan nos polígonos industriais de Lugo e dá servizo aos empregados desas entidades e aos veciños que residen ou traballan na zona norte de Lugo.
Por que emendamos a proposta? Por que consideramos que, ocasionalmente, é perigosa visión reduccionista que os pensamentos nacionalistas, calquera deles e deste grupo municipal en concreto, emprega cando se enfronta a algún problema. Se existe un problema, ou se non existe, o que aínda lles gusta máis, adoitan resolvelo eliminando a metade das variables da ecuación e ignorando as consecuencias de facelo así. Hai uns cantos exemplos na mobilidade e no eido empresarial de recentes iniciativas que levan a cabo.
No caso que nos ocupa estamos ante unha entidade pública empresarial amparada na súa existencia pola lei 6/1997 de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. As oficinas desta entidade que, ata hai pouco, operaban na antiga estación ferroviaria, comezarán a dar o servizo que viñan ofrecendo neste emprazamento dende o novo edificio sito no polígono das Gándaras. Neste novo edificio, preto de 100 traballadores desempeñarán funcións administrativas de reparto e clasificación loxística e, a maiores destas tarefas, este emprazamento integrará as operacións de Correos Express e o reparto que ata agora víñase desenvolvendo dende a oficina da rúa de San Pedro, incluíndo os servizos ao rural e os servizos especiais de especiais de entrega de notificacións e grandes paquetes.
Polo tanto, quizais porque vostedes non teñan pensado moito as cousas, como adoita acontecer, quizais porque consideran prioritaria a cruzada que sosteñen contra a vida económica do recinto intra murallas ou porque os veciños non poidan sobrevivir ao feble chan que están a deixar, o caso é que o grupo municipal do PP ten que lembrarse dos que vostedes poden esquecer: os industriais, os provedores, os comerciais, os profesionais e os residentes do centro e da Milagrosa para asegurarlles que non estamos polo labor de que sigan a perder servizos e posibilidades para traballar ou vivir. E este é o motivo da emenda de engádega que lles convidamos a apoiar tamén.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para o señor Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ**: Adiántolle que non lle vou entrar no xogo nesas declaracións absurdas. Aquí viñemos falar de correos, non doutras cousas.
Non temos ningún problema na emenda de engádega, evidentemente, quen vai ter problema niso? Ímola aceptar.
Aceptamos tamén a emenda do Partido Socialista, que nos parece interesante e que aporta bastante para que se poida agora, ademais, dados os novos tempos nos

que se utilizan ese tipo de servizos, cremos que evidentemente é interesante podelo ter tamén no polígono das Gándaras.
E polo demais, simplemente, dicir que nos alegra o apoio unánime, porque é importante. Porque, evidentemente, isto é unha demanda, unha demanda sindical, tamén é unha demanda de diversas empresas que o levan facendo tempo porque entenden que lles pode ser moi útil. E persoas que agora nestes días vían esa nova instalación e crían que lles resultaría moito máis cómodo, moitas veces téndose que desprazar… que lles queda moito máis próximo achegarse ao polígono das Gándaras que non á Milagrosa ou ao centro, pois poder facer xestións moito máis rapidamente e, polo tanto, ser máis eficientes.
Así que cremos que isto é moi positivo para a cidade e, polo tanto, pois, como digo, aceptamos ambas emendas de engádega.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para a voceira do Partido Socialista, dona Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE**: Moitas grazas por aceptar a emenda de engádega.
Pois moi sinxelo, simplemente sinalar que é certo que a ubicación das tres oficinas de correos na cidade de Lugo… perdón, de dúas das tres oficinas de Correos na cidade de Lugo teñen unha distancia de 500 metros: unha está na rúa San Pedro e a outra está localizada no edificio da Xunta de Galicia. Así que parece acaído que haxa unha distribución dos servizos que favorezan que a veciñanza poida acceder a eles. E iso non ten por que supoñer, nin moitísimo menos, unha diminución dos servizos que se presten desde o centro da nosa cidade, senón que, pola contra, entendemos que se diversifica, que permitirá unha diminución de tráfico, insistimos, en zonas moi tensionadas, e que, en ningún momento, ao menos non é a pretensión, nin moito menos, coa engádega que facemos nin co posicionamento que ten o Partido Socialista neste eido, é diminuír os servizos que se prestan desde o centro da cidade.
A nosa proposta vai en positivo con ela. E simplemente aproveitar os novos espazos, as novas tecnoloxías que favorecen neste caso tanto o desenvolvemento empresarial como a propia utilización destes medios por parte de calquera veciño e veciña da nosa cidade.
Pola nosa parte, nada máis.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Última quenda para o grupo Popular, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ**: Bueno, pois entendo que si que imos apoiar toda a iniciativa, porque nos apoian a nosa engádega e nós apoiamos a do PSOE.
Pero queremos deixar claro que o contido da emenda de engádega que nós facemos e que lles convidamos a apoiar xunto coa súa proposta é a que completa o xesto que Correos adopte compromiso de non diminuír servizos ata agora proporcionados noutras oficinas da cidade, porque as outras oficinas, que veñen

dando servizo aos industriais, aos provedores, aos comerciais, aos profesionais e aos residentes están no centro e na Milagrosa, dous barrios que adoitan estar esquecidos en determinadas decisións do goberno municipal. Porque non queremos que os industriais, provedores e comerciantes quedasen tamén sen parte ou sen todos os servizos que veñen recibindo por parte de Correos e, por iso, votaremos a favor da iniciativa, vixiando que non volvan vestir un santo espindo outro, porque iso é o que en ocasións adoitan facer.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Última quenda. Non? Renuncia á última quenda. Pois votamos...

9/196 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 402/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPULSAR UN PLAN DE SEGURIDADE NOS BARRIOS DA MILAGROSA E FEIJÓO QUE PERMITA FIXAR E CONSOLIDAR SERVIZOS (Exp. 2024/G004/000783).-** Vista a citada proposición do seguinte teor:

"Dende o ano 2011 teñen transcorridos 14 anos de promesas sobre o futuro do barrio da Milagrosa.

Foron diversos os plans de rehabilitación presentados para un barrio que ano tras ano viu como se acumulaban as promesas incumpridas e os problemas de convivencia.

No mes de outubro de 2023 este grupo municipal presentaba a pleno unha proposición, aprobada por unanimidade, para "continuar deseñando os plans de seguridade específicos e, cando así sexa preciso, convocar á Xunta Local de Seguridade para abordalos na mesma, co fin de atender ás diversas problemáticas que se poden detectar nos diferentes barrios da cidade como xa se está a realizar". Teñen transcorridos 12 meses e tanto os mencionados comunicados da Policía Local como os medios de comunicación reflicten que os incidentes violentos e de inseguridade cidadá se producen en zonas concretas da nosa cidade.

Ten transcorrido un ano e observamos que durante o 2024 o Concello de Lugo fixo públicos numerosos comunicados de prensa da Policía Local nos que recolle de forma reiterada detencións por desobediencias, delictos contra a seguridade vial, liortas en espacios públicos, inspeccións en locais de hostalería, problemas de seguridade cidadá e un largo etcétera de incidentes, moitos deles nun barrio que, ante a falta de medidas, esmorece cada día que pasa.

A ocupación e a degradación do barrio da Milagrosa é un problema que é preciso abordar dende todos os ámbitos: a seguridade cidadá, o deterioro dos inmobles, a perda de poboación, a falta dun plan que permita fixar poboación e consolidar servicios.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación ACORDE:

1. Impulsar un plan de dinamización nos barrios da Milagrosa e Feijóo que priorice fixar poboación e consolidar servizos sobre os piares da seguridade e a

convivencia.
2. Establecer unha oficina da policía local no barrio da Milagrosa para axilizar os tempos de resposta e mellorar a atención cidadá, recuperando a filosofía de traballo de proximidade que sempre caracterizou a este tipo de profesionais.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo partido popular, señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Moitas gracias e bo día a todos e todas.
Miraba o reloxo a ver se estabamos moi lonxe das 12 e, a modo de suxerencia, digo que desgraciadamente ogallá nunca teña que volver a suceder, pero se sucedese, eu creo que o concello, e nomeadamente a alcaldesa, debería deliberar que eses minutos de silencio se fixeran xuntos nun mesmo sitio. Creo que sería unha marabillosa mensaxe á cidadanía de que nunha cuestión de cores, nunha lacra onde creo que todos estamos unidos, e fágoo como proposta.
E vamos avanzando, pois, noutra iniciativa… Non creo que teña por que sentarlle mal a ninguén, é unha opinión. Poderán compartila ou non, pero asegúrolle que, ademais, foi unha petición de veciños e veciñas desta cidade, que é unha pena ver 3 minutos de silencio á mesma hora en 3 lugares distintos. E reflexa, moitas veces, a realidade desta cidade: conflitos normalmente ata onde non os hai.
Vamos avanzar noutra proposición, que é unha proposición moi interesante: vamos falar de competencias, de competencias municipais, vamos falar de resolver problemas, en definitiva, vamos falar de gobernar.
Dicía na iniciativa de Coeses que o Concello non é unha axencia inmobiliaria. Honestamente, e probablemente este non lles guste moito, pero nos últimos tempos foi ao que máis se dedicou: buscar unha parcela para acceder á comisaría, e aínda así tarde, mal e a rastro; propoñer alternativas para cambiar a ubicación no Sagrado Corazón, cando ademais aí había unha proposta claramente consensuada e unánime; e, en definitiva, aínda está sen asinar ese convenio para permutar as

parcelas do Castiñeiro, así que honestamente dedicáronse a ser unha axencia inmobiliaria, non a resolver os problemas de Lugo. E nese apartado, ademais, facéndoo tarde, mal e a rastro.
As administracións son as que teñen a obriga de exercer ese liderado para preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo. Estou absolutamente segura que esta reflexión todos a compartimos. Os concellos son as administracións máis cercanas e máis próximas aos cidadáns, e teñen que dar respostas claras e contundentes, aquí estamos habituados a que se poñan de perfil en todo, ás accións que precisamente poñen en perigo ou en risco esa convivencia pacífica. Os corpos de seguridade, a quen tamén aproveito nesta iniciativa para agradecer o seu traballo, a súa cercanía e o seu enorme compromiso, precisan efectivos, pero tamén precisan ferramentas, ferramentas suficientes para poder combater eses comportamentos incívicos.
E, o máis importante, os veciños precisan seguridade e as administracións teñen a obriga de dárllela, non? Existen barrios como A Milagrosa que, desgraciadamente, un día si e outro tamén, son obxecto de cobertura polos medios de comunicación por imaxes dantescas. É absolutamente triste que imaxes coma esta, onde dúas persoas medio espidas, a plena luz do día, pois se dedican a unha batalla campal. Espazos que foron humanizados, e que se investiu diñeiro público, lonxe de dar máis calidade de vida, lonxe de dar máis confort, lonxe de revalorizar as propiedades que, creo honestamente, era o obxectivo co que se facía, convertéronse precisamente nos lugares onde esas malas praxes, eses problemas de convivencia se concentran e, ao final, a cidadanía di algo que nunca nos gustaría escoitar, sendo responsables públicos: que teñen medo.
Eu pregúntolle, señora alcaldesa, a que antecedía nesa responsabilidade, saía cada martes dicindo que tiña unha reunión cos efectivos da Policía Local. Dicía que, ademais, asumira esa responsabilidade en primeira persoa e quería liderar, reverter esa situación de inseguridade.
Aínda que nos debates, e hai actas e actas que nos acusan de alarmismos, nos acusan de dicir que a Milagrosa é o barrio do Bronx… bueno, moitas barbaridades. Porque o primeiro que hai que facer para poderlle dar resposta a un problema e recoñecer que existe. Con realismo, evidentemente. Sumando esforzos. E aquí hai moita ideoloxía. Nós sabemos que esa modificación da Lei de Seguridade Cidadá do ano 2021 que rompeu ese principio de autoridade coas forzas e corpos de seguridade do Estado, pois, evidentemente, tivo moito que ver.
Pero nós o que hoxe pedimos e, por suposto, aceptamos incluso a votación por puntos da proposta, xa o adianto, é que se tomen medidas. Non pedimos nada que non se votara por unanimidade o 29 de decembro do 2022, o 26 de outubro do 2023 e agora, un ano despois, porque a realidade é a mesma, se me apuran se cadra un pouco peor, que realmente se tomen en serio, reverter a situación degradada que ten esta zona da cidade.
7 anuncios dende o ano 2011 e cero realidades. Moita literatura, moitas páxinas de periódicos, moitos perfiles de Facebook comentando as bondades, as promesas, os milleiros de fondos que ían vir e ningún veu.

A nós realmente é un barrio que nos importa, é unha parte imprescindible da cidade que, evidentemente, require de acción e require de acción inmediata, así que, coa mellor das intencións e insistindo en que aceptamos os votos por puntos, pedimos que se impulse un plan de dinamización nos barrios da Milagrosa e Feijóo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Polo Goberno ten a palabra a señora González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Moitas grazas.
Bueno, a parte do comezo declarando ese mal facer dos minutos de silencio… tamén estou en contra de como titulan esta proposición chamándolle «Plan de seguridade da Milagrosa e barrio Feijóo para fixar e consolidar servizos». Mire, para min, como concelleira, pero principalmente como veciña da Milagrosa, é pouco real e partidista. Partidista no sentido de alarmista, porque di vostede que aínda está peor, que hai unha concentración de malas praxes… Mire, eu vívolle alí todos os días, todos, e non hai diferenza con anos anteriores nin con outros barrios.
E como veciña lle digo que non comparto para nada a estigmatización e o menosprezo que o Partido Popular fai sempre deste barrio senlleiro, emblemático, onde a veciñanza compartimos todo nese barrio. E vostede, coincidentemente, vai unha vez e pásanlle cousas. Pois eu lévolle 26 anos vivindo alí e non me pasou nunca nada destacable nin que tivera que comentar.
E, desde logo, os sucesos saen nas notas de prensa, evidentemente. As conductas que non son habituais saen nos medios de comunicación; pero por iso saen, porque son sucesos puntuais.
O índice de delincuencia no barrio da Milagrosa e no barrio Feijóo é baixo. Igual que a delincuencia en Lugo. Somos das urbes máis seguras de España. E non o digo eu, pode consultar datos, porque vostede fala das súas apreciacións.
Efectivamente, os corpos e forzas de seguridade, igual que o veñen facendo dende o 2011 que vostede citou, seguen traballando acotío, coordinadamente, continuamente e eficazmente establecendo plans non para a Milagrosa e o barrio Feijóo, senón para todas aquelas zonas que o requiren en cada momento. Porque vólvolle dicir que a delincuencia en Lugo é un índice moi moi baixo.
Ademais, ultimamente e sempre, nos reunimos cos veciños e coas veciñas que nos trasladan as súas inquedanzas. E tamén lle digo: non sei o que lles contan a vostedes ou o que vostedes lles contan a eles, que supoño que será máis por ese lado, pero as inquedanzas non varían moito duns barrios a outros, sexan da zona Norte, da zona Sur, da zona Oeste ou da zona Leste; incluso das parroquias. As necesidades das persoas sonlle todas moi parecidas.
E máis especificamente, señora Candia, este goberno está comprometido, segue comprometido e segue traballando, e o PP a remolque. A remolque por que lle digo? Por que veñen con esta proposición realmente? Porque están vendo na web do Concello que acaba de pórse en marcha o plan EDIL. Sóalles, verdade? Ou pretenden colgarse unha nova medallita? Como trouxemos ao pleno e o levamos as comisións, pois xa vai ser o Partido Popular o que di que se van facer cousas nos barrios da zona Norte. Pois mire, é unha aposta; ademais, está no pacto de

goberno deste concello. E fálolles dese plan EDIL que non é máis que unha necesidade para concorrer a eses fondos FEDER, coa que pretendemos mellorar o traballo da zona Norte
Aproveito para invitar toda a cidadanía a que participe desta enquisa porque iso permitirá establecer prioridades nestas axudas que van desenvolver o urbanismo sostible dende a tripla perspectiva do medio ambiente, da economía e socialmente, na que Lugo acadará posiblemente 20 000 000 euros. Si, 20 000 000 euros que, igual que fixo con anterioridade a través do plan EDUSI, que conectou a cidade co Miño e que beneficiou moitísimo ao barrio do Carme, que tamén tiñan as súas problemáticas, pois este ano a señora Alcaldesa lidera ese proxecto no que se van acadar posiblemente un 34 % máis de cartos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Abelleira, continúa na seguinte. Segunda quenda para o grupo Popular.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Si, mire, eu si estou de acordo con vostede nunha cousa: que os debates só se ganan con argumentos e con datos. E, de feito, tráiolle aquí as infraccións penais rexistradas no primeiro semestre deste ano 2024: onde os delitos dolosos e asasinatos consumados incrementáronse o 100 %, os delitos contra a liberdade sexual incrementáronse un 55,6 %, onde a substracción de vehículos incrementouse un 200 %, onde a cibercriminalidade se incrementou un 10,5 %. Non son datos do Partido Popular, son os datos do Ministerio de Interior.
Pero isto, que é importante, e se a datos me refiro… se a Milagrosa e o barrio Feijóo melloraran con promesas de plans, xa estaría perfectamente arranxado; porque se prometeu un plan o 26 de marzo de 2011, daquela era o señor Orozco, prometeuse un plan o 21 de abril de 2015, prometeuse outro plan o 23 de novembro do 2023. Enquisas? Quere que lle pregunte aos veciños cantas veces lles consultaron? Pois poderiamos multiplicalo por 5. Pero a realidade é que nin houbo plan de rehabilitación nin chegaron a tempo para presentar ser candidatable a entorno residencial de rehabilitación programada, nin nada de nada.
Nin hai un plan de seguridade que aprobaron e… isto, as declaracións que fixen eu na primeira intervención están sacadas literalmente das actas das sesións plenarias que lle citei do 2022 e do 2023 que vostedes votaron a favor. Quero dicir, non era unha manifestación do particular; estaban de acordo en que, efectivamente, había que facer algo. E realmente, a realidade é que non se fixo nada.
E dicía hoxe vostede: é que non hai diferencia con anos anteriores. Ese é o problema, é que ten que haber diferencia, é que o barrio ten que mellorar.
E, mire, negar a realidade é facerse trampas ao solitario. Que a situación no entorno de determinadas rúas que, un día si e outro tamén, viven conflitos e que a xente ten medo… negar iso e facerse trampas ao solitario. E non llo di o Partido Popular.
Probablemente, ao mellor, é que lle fallan os interlocutores. E probablemente é que vostede vía eu aquí nas actas anteriores, que dicía a anterior alcaldesa que vivía alí e saía de alterne e que o pasaba moi ben, que iso era unha mostra evidente de que era un barrio seguro. Está nas actas, non o di Elena Candia.

Eu creo que esta é unha proposta en positivo. Creo que debemos de acercar servizos. Dicimos e practicámolo; é dicir, o centro de saúde ten un investimento nos orzamentos da Xunta de Galicia para que siga prestando servizos. A residencia, como vostedes saben, está pendente de licenza para mellorar a residencia da terceira idade. A escola infantil recibiu un investimento para poder prestar un mellor servizo. Gústelle ou non lle guste, son os servizos públicos que dá o barrio, porque a nivel local certamente 0, xa non entro no centro de atención sociocomunitaria.
Creo que o Concello debe ter un plan. Nós témolo. Dixémolo no programa e, cando gobernemos, farémolo. Creo que a zona Norte ten que ter un reforzo de seguridade. Debe ter unha oficina da Policía Local e mentres…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Mire, señora Candia, non enrevese, coma sempre. O plan existe. Actualmente estase traballando no PIA, no Plan de Acción Integral, a partir da Axenda Urbana, que tamén estamos facendo dende o Concello: Lugo Cidade Viva, e que nos sitúa nunha situación óptima para acadar estes 20 000 000 euros.
Resumíndolle: a grandes rasgos, non existe un plan; existe 1, 2 e ata 3 plans. O plan PIA, o plan de Axenda Urbana e os ERP que seguen en marcha. E a seguridade estalle garantida grazas ao traballo encomiable dos corpos e forzas de seguridade.
E, mire, vostede fala de delincuencia. A delincuencia élle coma a lotería, igualiño, nunca sabe onde lle pode tocar. Tanto no barrio Norte como no barrio Sur. E os que cometemos infraccións sonlle as persoas e non os barrios. O barrio da Milagrosa, o barrio Feijóo non son "cunas" de ningunha delincuencia, senón que son as persoas que delinquen, que poden estar en calquera dos barrios.
E vostedes, o dobre raseiro; ou sexa, nunhas zonas apoian demandas de que se abran os espazos públicos ata máis horas das permitidas, digamos, porque foi unha decisión do goberno reducir ese horario, e noutras zonas, como o barrio da zona Norte, parécelles mal que haxa xente alternando. Mire, utilicen a mesma vara de medir e miren polo traballo e vexan o traballo que está facendo este goberno, que seguramente ata o 2029 vaia facer moito máis.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Abelleira. Última quenda para a señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Plans habíaos para unha nova protectora de animais e quedou en dous titulares. Plan habíao para a rehabilitación do cuartel de San Fernando para conquerir fondos europeos e quedou nun titular e, evidentemente, no escenario de debate para culpar outras administracións.
O problema é que a realidade non se xestiona con plans, xestiónase con recursos. E ademais, se é así, tampouco tería ningún inconveniente en apoiar a iniciativa. E, se é así, pois nesa exposición quedará reflectido, con datos, insisto, que a única maneira de ganar un debate e que, efectivamente, era necesario e é necesario.

A Milagrosa e o barrio Feijóo necesitan investimentos, necesitan un plan de rehabilitación. Temos unha entidade, e como Concello así o digo, Evislusa, que o propio informe de intervención di que non está xustificado e non está cumprindo o que pode cumprir; está infrautilizada. Creo que o Concello ten que liderar, reverter e deixar de lado… que todos somos iguais e que evidentemente ten que haber política...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Acabou o seu tempo.
O primeiro que quero dicir é que a convocatoria de hoxe por ese minuto de silencio chegou aquí ás 9:50 da mañá por parte da Subdelegación do Goberno. O que decidimos é facela aquí diante por intentar facela nós, porque se tiñamos que ir alá, volver… Fíxose por ese motivo fundamentalmente. Vamos facela diante do concello e así llo comunicamos á Subdelegación do Goberno porque tiñamos outra opción: non facela. E queremos facela, por iso baixamos cinco minutos e a facemos.
Polo tanto, trátase dunha convocatoria da Subdelegación de Goberno que, sempre que o convoca, por suposto, chegou ás 9:50, pero aí mostrouse, con todo o que se acaba de dicir, con todo o que dixo a voceira do Partido Popular, é a proba da crispación que se está trasladando non só a este salón de plenos, senón a toda a sociedade e a todos os veciños e veciñas: buscar problemas onde non os hai, como dicía hai un momento a voceira do Partido Socialista. Iso é o que se está transmitindo. Estamos aquí cunha cousa tan simple: que onte faleceu unha muller e a Subdelegación de Goberno nos convoca un minuto de silencio. Estamos en pleno e, por non dicir non imos saír, vamos facer ese minuto de silencio aquí diante; é tan valioso como se imos todos alí.
Somos distintas administracións con distintos tempos e é bo que o fagamos dentro das nosas posibilidades.
Tamén quería dicir que se fala desa delincuencia que se trata dicir, degradando un barrio, pero degradando para todos os veciños, facendo un barrio pouco atractivo, pero pola propaganda que se está a dar por determinados sectores. Parece que hai un interese en degradar ese barrio, darlle a sona, esa fama de barrio perigoso, que non é certo. O que si é certo é que temos determinados locais de hostalería, pero iso dáse na Milagrosa, dáse no barrio do centro e deuse tamén, por certo, como dicía a voceira do Partido Socialista, deuse tamén no barrio de Recatelo.
Dende logo, nós estamos a traballar conxuntamente. Ademais, aquí teño que falar tamén do tenente de alcaldesa primeiro e mais eu, nesas cuestións de mobilidade e de seguridade na parte que lle corresponde. Estamos moi de acordo. Neste momento no barrio de Recatelo, pese a eses recursos contenciosos que temos interpostos contra o Concello, pero o que nos transmiten os veciños é que se recorte que asumimos e que fomos valentes nese momento de tomalo, porque podía haber determinadas reaccións. O barrio de Recatelo, dende logo, neste momento está sendo un barrio moi tranquilo.
Estamos así traballando nos distintos barrios: barrio do centro, barrio da Milagrosa… É certo que o barrio da Milagrosa é un dos máis populosos da cidade e un dos máis habitados; polo tanto, proporcionalmente é lóxico que teña… pois é

lóxico, igual que ten máis tendas ou que ten máis hostalería, pois prodúcense máis altercados en determinados momentos.
Hai un traballo constante. Hai, por suposto, un programa constante de atención, así mo transmitían os veciños este mesmo martes. Non se trata de veciños soamente das distintas asociacións, senón de presidentes de comunidades de propietarios que así mo transmitiron, que notan esa presión que se está facendo neses barrios.
Polo tanto, é contraditorio que nun barrio se propoña ou se tente que se continúe cun horario que prexudica os veciños e, no outro, depende dos intereses que un teña, se apoie un barrio ou se apoie outro.
Respecto dos ERP, que falaba vostede dos programas e a convocatoria de contornas residenciais de rehabilitación programada… Isto é o de sempre, un intento de fuxida cara a adiante e un intento de branquear a ausencia de xestión e de investimento da Xunta de Galicia en materia de vivenda en Lugo. Como digo, esa figura de escapismo que se está a manter como habitual, porque nunca se fai valer a súa posición como vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia para conquerir algo a Lugo.
Curiosamente, cando fala como o grupo municipal Popular, como voceira, é para asumir máis competencias impropias. Soamente para iso, para quitarlle competencias. Para que a Xunta non gaste en determinadas cousas e o gastemos nós. Soamente como voceira só pide iso. Pois eu pídolle que, como vicepresidenta primeira, loite polos veciños de Lugo, que parece que non lle interesa. Sempre facéndolle o xogo ao goberno do señor Rueda, meténdonos nas competencias impropias, baixando o noso orzamento, porque temos que dedicarllo a esas competencias impropias… pero nunca en positivo para os veciños de Lugo. Sempre branqueando a ausencia de xestión, sempre branqueando a falta de investimentos na Xunta.
O que está claro é que non se fixo ata agora esa nova convocatoria que eu mesma lle pedín ao presidente Rueda para esa contorna residencial de rehabilitación programada, porque agora intentan botar balóns fóra, botándolle a culpa ao goberno central. Non, non. Temos que ter claro quen xestiona eses fondos e quen fai a convocatoria. O diñeiro procede do goberno central, si, señora, pero quen o ten que xestionar son os gobernos autonómicos. E aquí estamos devolver arreo esas cantidades por non utilizalas.
Polo tanto, eu só pido iso: que se loite polos veciños e veciñas de Lugo e que non se busque isto como un medio para conseguir un fin. Aquí somos concelleiros de todos os veciños e veciñas de Lugo. Polo tanto, temos que loitar por Lugo.
Imos, imos… Non lle vou dar a palabra. O artigo do regulamento... Perdón, perdón. É a primeira advertencia que lle fago, señor Carballo, perdón. É a primeira.
Non se pode. Estamos nun pleno. Vostede, cando teña que falar, falará; agora mesmo non ten a palabra, por favor.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ**: Eu pido a palabra polo artigo 68, novamente.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Pois dígolle que non ten dereito a esa palabra, porque…

Considero que non ten dereito a esa palabra. Tal e como establece o regulamento, as alusións son por afectar o decoro e a dignidade. Aquí non se afectou nin o decoro nin a dignidade.
Polo tanto, imos votar. Imos votar.

**NOTA: Cando son ás 11:45 horas e ten finalizado o estudo e deliberación do asunto que antecede (9/196) prodúcese un receso da sesión para asistir a manifestación de repulsa pola última vítima de violencia de xénero producida. Reanúdase de novo a sesión ás 12:06 horas coa asistencia de todos os concelleiros e concelleiras.**

10/197 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 403/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA (Exp. 2024/G004/000784).-** Vista a antedita proposición expresiva do seguinte:

"A Escola Municipal de Música de Lugo, que tería que ter comezado a súa actividade docente en setembro, segue sen data de inicio debido a que non hai quen asuma a responsabilidade de pórse á fronte dela.

Segundo o regulamento de funcionamento da Escola, a dirección desta debe estar a cargo dun equipo directivo formado por profesores da mesma.

A situación que se vive no seu seo pon en risco o curso escolar na Escola, que foi creada en 2012, e nestes momentos, máis de 300 alumnos que solicitaron praza para este curso non teñen confirmación, horarios nin outra información ao respecto. Unha circular colocada na porta da escola comunica que o inicio da actividade académica prevese nos primeiros días de outubro.

A incorporación do director David Fiuza debería supor un impulso, non soamente para a banda de música, senón tamén para a propia escola de música e que puidese recuperar así a súa actividade.

En outubro de 2022, e co voto favorable de todos os grupos alcanzouse o compromiso de levar a cabo unha modificación puntual da RPT en relación cos postos de traballo dos membros da banda municipal con funcións docentes, algo que non se cumpriu, e que, como consecuencia está a comprometer seriamente o futuro da banda e o da propia escola de música.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación acorde:

1. Instar á titular da concellería de cultura do Concello de Lugo para que remita por iniciativa propia unha proposta xustificada ao servizo de persoal, para a modificación puntual da RPT en relación cos postos de traballo dos membros da banda de música con funcións docentes e que teñan a titulación necesaria para ser encadrados na categoría C1 (tal como se acordou no pleno de outubro de 2022)

2. A posta en marcha das clases na Escola Municipal de Música para dar servizo aos máis de 300 alumnos que solicitaron praza."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

| | | |
|---|---|---|
| **Votos emitidos**: 25 | | |
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo grupo municipal, señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos.
En el caso de la Escuela Municipal de Música y, por añadidura, de la propia banda de música, se cumple de una forma rigurosa la Ley de Murphy que dice que si algo puede salir mal, desde luego saldrá mal. O, en otras palabras, que si la tostada cae al suelo, va a caer por el lado de la mantequilla.
La banda de música tiene un futuro, desde luego, bastante comprometido, y no será porque desde este grupo municipal no lo hemos advertido en diferentes ocasiones. Por eso hoy traemos aquí esta moción que, desde luego, de ser aprobada, traería tres consecuencias inmediatas. En primer lugar, cumplir con el compromiso adquirido por esta corporación en el año 2020 para reclasificar las condiciones salariales de los docentes, un asunto que este Ejecutivo ignoró durante estos 3 años. Llevar a cabo, además, lo que dijo el señor Permuy en sesión plenaria el 28/09/2023 en relación a los trabajadores de la banda de música, y entrecomillo: «e agora temos previsto abordar unha nova modificación de postos de traballo porque, sen esa modificación, todo o tema da promoción é imposible de encadrar na normativa». Y, en tercer lugar, dar servicio a más de 300 familias que lo que querían y lo que quieren es dar una formación musical a sus hijos en una escuela de música que lleva vigente desde el año 2012 y en una agrupación que lleva, y es signo identitario de nuestra ciudad, desde el año 1876.
Pero, desde luego el inicio de la actividad docente, como muy bien saben todos ustedes, está ligado obligatoriamente a que haya un equipo directivo. Tengan en cuenta que no es un centro reglado, pero, de todos modos, es un centro que está inscrito en la Xunta; por lo tanto, de forma obligatoria tiene que tener un equipo

directivo. Un equipo directivo que, además, se refleja en el BOP del viernes 18 de enero del año 2023 y que dice claramente con respecto al Goberno da Escola, y esto no lo dice el Partido Popular, que «a escola terá os seguintes responsables unipersoais», que tiene que estar formada, como les digo, por un equipo directivo y que tendrá director, subdirector, jefe de estudios y secretarios. Todos ellos, además, tienen que ser profesores del centro y tienen que ser, además, elegidos por el propio claustro.
Y les animo, además, a que lean cuáles son las obligaciones de ese profesorado que, desde luego, exceden mucho en las responsabilidades con respecto a la categoría profesional que ostentan.
Sin embargo, este gobierno ha ignorado la necesidad, dejando a los trabajadores en una situación insostenible, lo que conlleva un comportamiento legalmente dudoso, éticamente reprobable y, desde luego, políticamente muy desacertado.
La propia alcaldesa decía en declaraciones al diario de La Voz de Galicia el día 17 julio del 2024, y entrecomillo de nuevo: «O regreso David Fiúza é algo co que xa contabamos pero non por iso menos relevante. Sen ningunha dúbida a súa incorporación supoñerá un impulso tanto para a Escola Municipal de Música como para a Banda da que agardamos poida recuperar canto antes a súa actividade».
El martes de esta semana, oh casualidad, nos encontrábamos con que la señora Alvarellos y la señora Ferreiro mantenían una reunión con los trabajadores en la cual anunciaban que esperaban devolver la normalidad al centro. Unas declaraciones, con todos los respetos, a medio camino entre *Casablanca* y *Lo que el viento se llevó*, porque hablar de normalidad después de la Navidad sin detallar plazos concretos y además soluciones reales, no es más que un claro intento de desviar la atención.
Nuestra escuela de música, por no tener, no tiene ni siquiera profesores de todas las especialidades cubiertas. Debería haber 12 y hay 7; estamos hablando de 2/3. Los profesores se fueron jubilando, no se cubrieron las bajas y, cuestión no menos importante, es que las familias me imagino que a estas alturas del año ya habrán buscado otras opciones para dar formación musical a sus hijos. Teniendo, además, en cuenta la difícil situación en la que se les pone por el tema de la propia conciliación familiar.
Queda claro, por tanto, que no ha habido en estos años ningún tipo de voluntad política, y lo que queda absolutamente al descubierto es una gestión muy deficiente en un conflicto que era previsible y, a todas luces, desde luego evitable.
Por tanto, lo que aquí se pide hoy es que sean coherentes y apoyen la moción en este pleno, que es el lugar de debate y el lugar donde debemos aprobar las medidas de forma responsable, y así no tener que depender de decretos que lo único que hacen es maquillar problemas, pero que no los resuelven.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Polo goberno ten a palabra a señora Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN**: Bo día.

Bueno, cando non hai un proxecto político para unha cidade e un grupo político actúa a golpe de noticia na prensa local, pois pasan cousas como as que veñen acontecendo nos últimos plenos desta corporación. O PP presenta mocións que xa non teñen sentido.
Unha oposición cun mínimo de dignidade tería retirado esta proposición e… saber, xa que tanto funcionan a golpe de noticia nos medios de comunicación, como acabamos de ver, que o goberno municipal leva moitas semanas traballando para atender as demandas laborais do persoal da Escola de Música. Entendo que vostedes saberán que este é un proceso que require do traballo de distintos servizos do Concello e que xa están iniciados os trámites que se teñen que seguir nestes casos para chegar á corrección desa modificación da RPT, que era o que demandaban os profesionais da Escola de Música, de pasar do grupo C1 ao C2.
E seguramente, como vostedes acaban de dicir, xa saben tamén que o martes non foi casualidade. Este goberno ten un plan de traballo e vaino seguindo na medida que vai tendo a información directa e certeira para achegarlles aos afectados. Pois nesa xuntanza que, ademais, como vostede tamén ben dixo, estivo alcaldesa e eu mesmo con técnicos do Concello, xa lles explicaron os trámites e os pasos necesarios para atender as súas demandas.
Esa é a folla de ruta que está aquí marcada e que se vai seguir e, polo tanto, non ten sentido esta moción e, polo tanto, non lla imos aprobar porque non vamos facer algo que xa se está facendo. Así que, pola miña parte, nada máis que dicir de momento.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Segunda quenda para o señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Gracias, alcaldesa.
O gran problema que existe aquí é que queda de manifesto que os traballadores non se fían da súa palabra. E non se fían da súa palabra porque vostedes, xa en sesións plenarias anteriores, prometeron unha recondución sobre a problemática que tiñan estes traballadores, e iso non se levou a cabo.
Desde luego, lo que parece claro es que la Escuela Municipal de Lugo, y por añadidura la propia banda de música de Lugo, es el perfecto ejemplo de cómo no debe funcionar un servicio público: con decisiones erráticas tomadas tarde, mal y, desde luego, en situaciones francamente precarias para los trabajadores.
Yo le preguntaría a usted, ¿por qué los músicos no quieren venir a Lugo? Bueno, pues lógicamente no quieren venir a Lugo porque cobran sueldos que no compiten ni siquiera con asociaciones de carácter amateur. O ¿cómo se justifica que sigamos invirtiendo en un servicio que, desde hace años, no pueden ni siquiera dar un concierto? No sé si se han preguntado también cómo puede decir usted que están trabajando en ello cuando la propia banda profesional, algo que lleva reclamando de forma justa por las labores que desempeñan y obtener un nivel superior al que tienen, siguen con ese nivel del C1.
Mire, actualmente no hay un convenio que regule las condiciones laborales ni se cubren las vacantes, y el personal se está viendo obligado, y usted lo sabe bien, en

este caso a realizar dobles funciones, tanto de docencia como en este caso de carácter musical. Y aún es más grave todavía el caso del propio director de la Escuela de Música, que se ha visto totalmente abandonado desde el año 2021.
Hace meses ustedes, además, colgaron una hoja informativa en la cual, la tienen allí para reflejo de su ineficacia, que dice «Debido a unha reestruturación interna do servizo precísanse estas semanas do mes de setembro para organizar todo e optimizar o funcionamento do traballo lectivo, de maneira que se está a traballar en previsión de que o inicio da actividade académica sexa nos primeiros días de outubro do 2024». Vamos a empezar el mes de diciembre, señora Ferreiro.
Pero hacía usted ahora mismo alusión a mi referencia. Una vez más vuelven ustedes a poner de manifiesto ese hecho de que estamos trabajando en ello. Es curioso que justo antes de este pleno, y con la moción registrada, ustedes anuncien en los periódicos precisamente lo que nosotros llevamos proponiendo y reclamando.
Voten en contra, como usted ya ha anunciado, y quedará en evidencia la falta de compromiso real. Hace meses que denunciamos la necesidad de actuar sobre este tema.
El martes, con la presión de la moción, ustedes improvisaron una respuesta y se fueron a los periódicos. Eso, señora Ferreiro, no se llama gestionar, se llama reaccionar a una propuesta que hace en este caso la oposición y que la hace de forma coherente y consensuada, por supuesto, con los propios trabajadores.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Muchas gracias, señor Vázquez. Segunda quenda…

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Bueno, la…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: No. Perdón.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Como ha dicho «señor Vázquez», pensé que…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Non, dixen «Moitas gracias, señor Vázquez». Perdón. Segunda quenda para… Pulsa.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN**: A ver, se falamos da coherencia do Partido Popular, pois a verdade é que non queda moi ben, porque acabámolo de ver aínda nas mocións anteriores que debatemos hoxe no pleno, precisamente diante dos veciños afectados pola planta que non queren no seu pobo.
Nótase tamén que vostedes non sei se teñen contacto co persoal da Escola de Música ou teñen un contacto sesgado, porque, desde logo, o que vostedes deberían saber é que precisamente unha das melloras deste persoal cando se creou a Escola de Música é pasalos de media xornada a unha xornada completa, o cal lles garantiu ter un horario axeitado para poder desenvolver a súa actividade profesional.

Ben, insisto, non sei se vostede falou co persoal porque, desde logo, o martes, unha previsión que xa estaba na nosa axenda desde había moitos días e tiñan en conta que nós non traballamos a golpe de mocións do Partido Popular; nós temos o noso propio plan de traballo e estabamos en contacto directo cos músicos.
É mentira tamén que non haxa apoio ao director da banda. É mentira porque non falou con el, porque en todo momento estamos en contacto con el e, de feito, estamos atendendo as demandas que nos piden de merca de instrumentos, de renovación de pezas para os instrumentos que eles necesitan, e é un contacto continuo desde o Servizo de Cultura coa Escola Municipal de Música.
Iniciamos o proceso, como vostede ben dixo, para a selección dunha directiva. Efectivamente, houbo uns prazos; non se presentou ninguén. Tivemos que esperar a comunicarlles o traballo que se está a facer, eses informes previos por parte da asesoría xurídica que xa están feitos, para iniciar ese proceso, para rematar todo o proceso que é o que eles piden, que é esa reclasificación do grupo C2 ao grupo C1. Loxicamente é un proceso que, como vostedes saben, ten que pasar pola mesa de negociación, onde están os representantes dos traballadores e das traballadoras do Concello, e vámolo seguir ao pé da letra.
E loxicamente imos facer tamén esa nova directiva. Estamos xa traballando e marcando os pasos que legalmente temos que marcar porque, a cambio do que fai o Partido Popular, que nós aínda non acabamos no xulgado por certas ilegalidades, que o Partido Popular ademais é un modelo de acabar no xulgado e acabar precisamente con moitos membros da súa formación nos cárceres, seguiremos o guión que temos, seguirémolo facendo e…

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN**: Estou contando unha mentira?
Vale. Seguiremos traballando no noso guión; polo tanto, non ten sentido. Crean e fagan un proxecto para Lugo e déixense de…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Ferreiro. Última quenda para o voceiro do Grupo Popular Señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Muchas gracias, señora alcaldesa.
Hablaba usted de recursos. Yo, el último recurso que vi francamente preocupante es que ayer mismo visité la escuela de música y le invito, yo creo que usted conoce perfectamente la situación de algunas de las aulas: está lloviendo a cántaros como si fuera invierno dentro de las propias aulas.
De todas maneras, esto pasa, es decir, por tener un servicio funcional y eficiente. Y, mire, esto tiene una situación que es muy clara, es decir, pasa por… bajo nuestro punto de vista es: la promoción interna de los propios trabajadores, que nosotros lo reclamamos; la formación de un equipo directivo; la cobertura de vacantes; que tengan un reglamento interior donde se fije claramente cuáles son sus horarios y, además, que se fije claramente cuáles son sus funciones; y, por otra parte, las condiciones salariales.

Ante todo esto, tres posturas: ustedes, que se han puesto de perfil durante todo este tiempo; la postura del Gobierno negando una evidencia que es clara sobre la situación que hay; y, por otra parte, la postura del Partido Popular…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: …que no es otra que intentar abordar los problemas. El resto es…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Vázquez. Acabou o seu tempo.
Soamente quería dicir a título informativo que había dous compromisos coa banda de música. Empezaron no outro mandato, eu mesma como concelleira de persoal comprometinme con eles a dúas cousas que eran: esa xornada completa da que falaba a concelleira de cultura, e a segunda era a reclasificación.
No anterior mandato, creo que foi no ano 2023, conseguiuse ese primeiro compromiso, e o segundo iniciouse xa á miña petición este setembro, unha vez transcorrido o verán. E o informe, ao que poden ter acceso e o poden solicitar, da asesoría xurídica di concretamente no seu encabezamento, o día 2 de outubro do 2024, por parte do servizo de persoal: «Delégase o expediente e solicítase informe xurídico no que se conteña o pronunciamento sobre as cuestións de referencia».
Isto… previo hai un traballo, evidentemente, ata que se inicie o expediente persoal e se delega á asesoría xurídica, que se delegou o 2 de outubro. Polo tanto, e para que teñan en conta esas datas, non é que… Nós traballamos en silencio, pero traballamos de maneira constante.
Polo tanto, teñen ese informe, que foi o que fomos explicar a concelleira de Cultura e mais eu, ese informe da asesoría xurídica, como ía ser ese procedemento: o primeiro, a modificación da RPT, que ten que levar, como dicía a concelleira, esa negociación cos sindicatos e a mesa negociadora, e a segunda parte, que tamén se lle explica moi concienciudamente no informe xurídico, que supón a provisión deses 19 postos de traballo a través dun procedemento promoción interna por concurso-oposición.
Polo tanto, nós seguimos a traballar nese programa; non fai falta que poñamos altavoces na calle, senón que seguimos a traballar arreo.
Moitas gracias. Imos votar.

11/198 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 404/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE CONTROL DE ACCESOS, MELLORA E MANTEMENTO DA CALZADA DA PONTE (Exp. 2024/G004/000785).-** Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

"O 15 de decembro de 2023, e tras unha inversión de de 1.371.748 euros, o goberno local inauguraba a peonalización da Calzada da Ponte. A entón Alcaldesa

aseguraba que ese entorno sería “un espazo totalmente renovado, máis accesible, cómodo e seguro para facilitar a conexión a pé entre o centro e a zona fluvial do río Miño” e que “se levou a cabo o soterramento de servizos, a reparación da rede de saneamento, (...) así como a disposición de novo mobiliario urbano en todo o percorrido, que se embeleceu con zonas verdes e axardinadas”.

Case un ano despois vemos que lonxe de mellorar a convivencia da veciñanza, a realidade e ben diferente.

Non se implementou un sistema de identificación de residentes o que provoca que calquera condutor poda aparcar nas zonas delimitadas para elo, o paso constante de vehículos que atallan para coller a saída cara a N-VI e que se multe de maneira indistinta tanto aos veciños que alí viven como aos que non.

A reparación da rede de saneamento foi insuficiente xa que nos días de abundantes precipitacións se forma unha riada de auga ao longo da rúa.

Non se instalou o novo mobiliario urbano prometido, non so pola entonces alcaldesa Lara Méndez, senón pola actual Alcaldesa Paula Alvarellos en Xullo e Agosto do presente ano.

Ademais, a limpeza da zona é escasa e algúns colectores están colocados nas zonas de aparcamento.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que o concello de Lugo elabore un Plan de Control de Accesos, Mellora e Mantemento da Calzada da Ponte que conteña:

- O cumprimento de todos os compromisos adquiridos polo goberno local coa veciñanza da Calzada da Ponte garantindo que os residentes podan circular pola súa rúa.
- Creación dunha programación regular de limpeza e mantemento periódico, así como estudar a reubicación de colectores sen eliminar zonas de estacionamento.
- Solución para os problemas de drenaxe das augas pluviais.
- Instalación de mobiliario urbano (bancos, xardineiras, papeleiras...).”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Gracias, alcaldesa.
Quiero saludar en primer lugar a los vecinos que hoy nos acompañan.
El 11 de octubre del 2021, hace más de 3 años, este gobierno anunciaba un proyecto de peatonalización y humanización desde el Ponte Romano hasta la Rúa Santiago. Posteriormente, el 18 de diciembre, se anunciaba la adjudicación de la obra. En esta misma noticia aseguraban que este proyecto conllevaría, entre otras acciones, peatonalización y humanización de todo el recorrido, creación de zonas ajardinadas, instalación de mobiliario urbano, soterramiento de los servicios aéreos (como iluminación pública, telefonía, baja tensión…), reparación de la red de saneamiento debido al mal estado y con diversas fugas y roturas, mejora de la iluminación y demolición de los pavimentos que serán sustituidos por otros más adecuados para el tráfico peatonal.
El 5 de enero se firmaba el contrato y el 3 de mayo de este mismo año el gobierno local anunciaba en los medios que empezarían las obras. En esta noticia, la entonces alcaldesa y el señor Fernández, aquí presentes, dicen que el estacionamiento a los vecinos está garantizado porque también se dejan plazas para las viviendas que no disponen de garaje y, por lo tanto, de vado.
23 de enero de 2023. Anuncian que supervisan el avance de la peatonalización de la Calzada da Ponte. Y, otra vez, hablan de las obras a realizar: ubicación de servicios, reparaciones, urbanizaciones, etcétera, etcétera.
Martes, 8 de agosto del 2023. La transformación de la Calzada da Ponte, casi lista a la espera de culminar las labores de humanización.
Bueno, en esta foto podemos ver a la que era entonces alcaldesa, y a la actual alcaldesa, la señora Alvarellos. Con tanta noticia, tanta foto y tanta publicación, claro, los vecinos se mostraban muy ilusionados por cómo quedaría la peatonalización de la calzada.
Viernes 15 de diciembre de 2023, nueva noticia. La Calzada da Ponte culmina su renovación y humanización, esta vez sí.
El 15 de diciembre, tras una inversión de 1 371 748 euros, el Gobierno local inauguraba la supuesta peatonalización de la Calzada da Ponte.
Sí, la verdad es que todos nos mostramos sorprendidos, porque habían pasado dos años desde su anuncio en los que, una y otra vez, como acabamos de ver, se repitió lo mismo, pero los cables seguían estando en las fachadas, no había tal mobiliario urbano por todo el recorrido, ni tampoco las zonas verdes y ajardinadas, a no ser que por zonas verdes y ajardinadas entendamos esto.
A día de hoy, un año después de su inauguración y más de 3 años desde su primer anuncio, vemos que, lejos de mejorar, la situación cada vez va a peor.
Los vecinos se encuentran con continuas improvisaciones de este gobierno local. Cuando se inauguró en diciembre podían circular con su vehículo por toda la

calzada; en marzo, se encuentran con una señal de prohibido pasar en el túnel que cruza la Ronda del Carmen, impidiendo a los residentes de arriba cruzar hacia abajo y a los de abajo cruzar hacia arriba. En ese momento, los vecinos presentaron casi 130 firmas para que se les eliminase esa señal.
12 de abril. El gobierno local rectifica y en las señales que prohibían el paso serigrafiaron «Excepto residentes» en una zona peatonal, en vez de quitar la señal.
En octubre, el gobierno local, por cuarta vez en menos de un año y por orden de la alcaldesa, vuelve a cambiar de criterio e instala un bolardo que nuevamente divide a los vecinos de la Calzada da Ponte; un bolardo que no aparecía en el proyecto y que, en ningún momento durante todos esos tres años, se les dijo que se les pondría. Por eso creemos que la colocación del bolardo es un error fruto de la improvisación, de la falta de previsión, y es un parche que no soluciona el problema principal de los residentes de la Calzada da Ponte.
Pedimos al gobierno local que rectifique nuevamente, sustituyendo el bolardo por uno retráctil, por cámaras o por otro tipo de control. Además, a los residentes siempre se les aseguró que podrían circular por toda su calle.
Desde el Grupo Municipal del Partido Popular creemos que no se está cumpliendo con la palabra dada a los vecinos y, por eso, traemos esta iniciativa a pleno.
Le pedimos al Concello de Lugo que elabore un plan de control de accesos, mejora y mantenimiento de la Calzada da Ponte que contenga el cumplimiento de todos los compromisos adquiridos por el Gobierno con los vecinos, con: la identificación de los vehículos de los residentes con el fin de poder ejercer un control más estricto sobre el acceso a las zonas que estos tienen reservadas y que, actualmente no existen; creación de una programación regular de limpieza y mantenimiento periódico, así como estudiar la reubicación de los contenedores sin eliminar zonas de aparcamiento; solución para los problemas de drenaje, ya que, cuando llueve, el agua corre por la calzada sin control; e instalación de mobiliario urbano como bancos, jardineras y papeleras.
Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Carballas. Polo goberno ten a palabra o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO**: Moitas grazas, señora alcaldesa. Grazas aos veciños da ponte por estar aquí neste pleno.
A ver, o primeiro, señor Carballas, o que teño que dicir é que, claro, nun proxecto onde se están a renovar os sistemas de saneamento, instalacións e demais, de case 800 páxinas con cálculos… que a súa intervención se base nun bolardo… Pois mire, déixeme que lle recorde que tanto a alcaldesa como outros integrantes do equipo de goberno nos reunimos en varias ocasións coa veciñanza de Calzada da Ponte para coñecer de primeira man as súas necesidades e trasladarlles as medidas que eles nos solicitan. Entre esas medidas que pedían os veciños, figura instalación dun bolardo que, si, o solicitaron eles e nos o fixemos, máis que nada porque o túnel que enlaza saída nacional 6 coa calzada, pese a prohibición de acceso para vehículos excepto residentes que xa existen na zona, este paso segue

a empregarse constantemente como novo enlace entre a rúa de Santiago e a nacional.
Si que é verdade que aínda hai xente que ten unha marcada tendencia a ignorar a sinalización e coller ese camiño que se empregou durante tantos anos, pero por iso a Policía Local está a controlar na medida do posible estes accesos indebidos con sancións a vehículos que seguen a realizar esta manobra. Pero déixenme que lles diga que foi a propia veciñanza quen nos reclamou dunha maneira física que se impedise o paso, de acordo?
Alén, como dicía, do efecto disuasorio que exerce a presenza de axentes patrullando pola zona para tratar que, pouco a pouco, a xente deixase de coller ese itinerario e busque outras opcións alternativas, como é o cambio de dirección dende a Ponte Branca.
Ademais disto, e como xa lle trasladamos á veciñanza da calzada, trataremos de poñer en marcha un sistema que redunde na identificación dos vehículos das persoas residentes co fin de poder exercer un control máis estrito sobre o acceso ás zonas que teñen reservadas. Ao tempo que se tratará tamén de atender outras demandas que nos achegaron tanto para incrementar o estacionamento dispoñible, como aumentar o número de bancos e papeleiras para completar o mobiliario urbano que existe na contorna; que xa existe, eh, que está a falar que parece iso un deserto e non o é.
Pois seguindo coa proposta, cando estamos a falar do sistema de saneamento, que entendo que, pola redacción da proposta falan do sistema de pluviais, pois neste caso, as renovacións feitas foron calculadas en base á enorme drenaxe superficial polo que, seguindo esa normativa e baseados nos datos do peor retorno e o caudal máximo anual, pois substituíronse os antigos colectores de 800 mm por outros de diámetros superiores, para atender e dar resposta a episodios de meteoroloxía adversa.
Lendo a súa proposta, si que é normal que algún día poida darse unha situación extraordinaria debida a un temporal ou a moitísimas precipitacións… Pois que poida haber certa riada, pero de aí a que está mal arranxado… A ver, mal arranxado… Deberiamos falar co enxeñeiro que redactou o proxecto, porque a verdade…
Pero bueno, para o seu coñecemento e a maiores da drenaxe superficial e tamén para os veciños da Calzada da Ponte, construíndose unhas seccións transversais conectadas para evacuar correctamente o paso da auga, o que reforza o sistema vocación existente. As seccións transversais conectáronse ao canal lonxitudinal que vai dende enriba da calzada ata abaixo, de acordo? Estamos falando dunha calzada que ten unha pendente duns 7 %, é moitísimo; e, aínda así, dimensionouse para evitar estes episodios de riadas que, segundo leo na súa proposta, ocorren todos os días.
En todo caso, estamos receptivos, o noso goberno é receptivo ás peticións e as demandas da cidadanía. Ademais de varios bancos e papeleiras que nos solicitaron, a renovación e reforzo nalgúns puntos dos colectores vellos, pois son dotacións que se van renovando e, na medida en que os veciños vaian solicitando, pois se irán facendo, porque ese é o noso traballo.

Imaxino que a vosa xestión sería coma a do xenio da lámpada, non? Que chascades os dedos e aparece todo á vez. Non sei… se é así, axudádeme, porque eu tamén quero chascar os dedos e que de repente apareza un campo de fútbol que fai a Xunta; non sei, algo así, que sexa rápido.
Pero, bueno, non deben de seguir procedementos administrativos, nin estar movendo recursos económicos… Iso non debería afectarlles. O que si que lles pedimos é que deixen de xerar alarma social pola limpeza. Pois, a ver, déronnos o recoñecemento da Vasoira de Platino, que recoñece un esforzo municipal e é o resultado do labor que realizan os usuarios do servizo. Sinceramente, pois, dicindo que o servizo é insuficiente, pois só hai que solicitar un reforzo no servizo, non que é insuficiente. Paréceme un insulto a todos os traballadores que están facendo, e recoñecen ese esforzo coa Vasoira de Platino.
Pero, bueno, rematando a primeira quenda… o tema dos colectores. A ver, no medio da rúa por onde circulan os residentes, non; nas beiras, tampouco. Onde os poñemos? Poñémoos voadores para que metan no lixo os mellores encestadores. Non sei. É mellor que nos digan os veciños, que para algo estamos aquí, cal sería a mellor opción, pero non coller e dicir onde o queredes poñer. Dicirme vós onde queredes vós poñelos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Bustos. Segunda quenda para a concelleira Mar Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Mire, señor Bustos, qué pena que esto no lo hizo la Xunta, que así ya tenía a quién echarle la culpa. Pero no, en este caso no.
El problema es que aquí no se puede ir a apagar un incendio con gasolina, que es lo que hicieron ustedes colocando el bolardo. Y yo no pasé toda mi intervención hablando del bolardo, se ve que no me escuchó.
Como acaba de decir usted, el 17 de julio publican «Paula Alvarellos se reunió con los vecinos de la Calzada da Ponte» y, además, es que añaden: «la mejor forma de desarrollar políticas es mantener un contacto estrecho y continuo para poder tomar medidas efectivas y eficientes, destacó la regidora». Yo le pregunto: ¿dónde está el contacto estrecho y continuo que ustedes predican? ¿Y las medidas? Porque aquí nosotros tenemos más de 200 firmas de los vecinos de la Calzada da Ponte con los que ustedes no hablaron. Y es la segunda vez, la segunda, que tienen que recoger firmas para ser escuchados.
Y también me hace gracia que, hace unos minutos, tanto la alcaldesa como la señora Abelleira hablaban de la importancia de la presión social. Se ve que, para ustedes, hay vecinos de primera y de segunda, y que la presión social es más importante para este gobierno dependiendo del vecino que la ejerza, porque, insisto, más de 200 firmas, por segunda vez presentadas, de vecinos que no han sido escuchados.
Además, como bien dijo usted, en agosto publicaron «Paula Alvarellos comprobó *in situ*, junto a los concelleiros Mauricio Repetto y Jorge Bustos, que observaron la intensidad del tráfico rodado que se concentraba en este punto de la capital. “En

este recorrido, que hicimos acompañados de los vecinos", de los vecinos, "pudimos constatar que el paso de turismos es continuo"». En estas declaraciones lo que muestran, primero, es el desconocimiento que tienen de la ciudad y, por otra, el poco caso que hacen a los escritos de los vecinos que llevaban ya meses advirtiéndoselo, no solo con las firmas, sino en la comisión de suxestións.
El problema aquí es que, por su falta de trabajo, aún existe ese sistema de identificación de vehículos de residentes, por lo que cualquier conductor que entre puede aparcar. Como dijo, existe un paso constante de vehículos que atajan para coger la Nacional 6.ª. ¿Han hecho ustedes un estudio del número de coches que pasan actualmente por la Calzada da Ponte?
La reparación de la red, que decía usted, fue insuficiente. Y cuando llueve mucho, yo no digo todos los días, cuando llueve mucho, se forma una riada a lo largo de la calzada. No se instaló el nuevo mobiliario urbano comprometido, ya no por la anterior alcaldesa, Lara Méndez, sino también por la actual en julio, en junio y en agosto.
Y además se les prometió, y leo textualmente: «se analizará la creación de una zona de estacionamiento que contribuya a paliar la falta de espacio que adolece la Calzada da Ponte para dejar el coche». ¿Me puede decir, señor Bustos, en qué punto está este análisis cuatro meses después? ¿Qué parcela o qué parcelas se están barajando y la previsión temporal que tienen de su creación?
Y bueno, en cuanto a la limpieza, basta darse un paseo por allí para comprobar que es escasa o nula. Y yo no estoy hablando de los trabajadores, que les encanta decir que yo… como que critico a los trabajadores por no trabajar y no, lo que aquí falta es dirección política, no trabajo ni trabajo de los funcionarios. Y bueno, por cierto, ayer fueron a desbrozar y a limpiar; no creo que tuviese nada que ver…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Última quenda, señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO**: Moito dá de si o bolardo, se o pediron os veciños e puxemos, entón en que quedamos? Nós, cando piden os veciños, actuamos ou non actuamos? Non me quedou moi claro.
Evidentemente, cando quedamos coas asociacións, pois están abertas a que vaia todo o mundo. É así. Cando imos aos barrios e quedamos cos veciños, queremos que vaia todo o mundo e nos impoñan as súas inquietudes.
Despois outra cousa, por certo, pero este é un dato técnico que non debería saber vostede, ten compañeiros técnicos que llo poden dicir: cando se elixe a capa de rodadura nas obras, que hai cambios de instalacións e demais, si que se mide a intensidade media diaria dos vehículos que pasan, máis que nada para elixir a capa de rodadura idónea para que non teña un desgaste moi grande. De acordo? Si que se elixe, está en proxecto, está feito. De acordo? Ten os seus compañeiros técnicos que llo poden dicir.
Imos coa proposta, a ver: Cumprimento de todos os compromisos polo o goberno local… vale, perfecto. Os residentes poden circular xa pola súa rúa, que parece que non pode pasar ninguén por aquí. Si que poden pasar. O que si é que estamos a

traballar nun sistema para identificación dos vehículos residentes e para incrementar o control dos accesos indebidos. Pero estamos a traballar neles, vale?
No segundo punto, pois a ver: xa existe un plan de limpeza e mantemento, e o que se pode facer é solicitar un reforzo de tal. Pero claro, o máis evidente é como cando quero saber se hai auga no grifo. Pois o abres. Pois, se non houbera un plan de limpeza, o camión do lixo non pasará por alí, e pasa todos os días; se non, pois tamén teríamos queixas dese estilo.
Despois, bueno, en relación ao sistema de drenaxes pluviais, estudaremos os períodos de avenida das precipitacións, da estación meteorolóxica de onde sacou os datos o enxeñeiro encargado do proxecto, e a ver se sufriron variacións abruptas nestes últimos anos. O estudo está feito do 2001 ata o 2020, e puxéronse colectores de diámetros moi grandes; se aínda así non é suficiente, pois o estudaremos, porque é o noso labor.
En canto a mobiliario, somos conscientes do noso compromiso e que hai que responsabilizarse deles, pero saben que estamos a traballar e daremos resposta ás demandas que a veciñanza nos vaia interpoñendo.
Polo cal, nada. Nesta proposta estamos xa traballando, entón non podemos apoiar algo que xa estamos a facer, dunha maneira ou doutra. Polo cal pídolles que varíen un pouquiño o repertorio e, sobre todo, cando vaian falar cos veciños, que teñen técnicos dentro do seu grupo, vaian con eles e tamén explíquenlles este tipo de situacións, porque ao final teñen este mantra de que o concello ten a culpa de todo e non é así. Hai cousas que se poden solucionar *in situ* coa boa vontade da xente e dos vosos vosos compañeiros.
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Bustos. Última quenda para a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: ¿Entonces no van a escuchar a los 200 vecinos que le piden que quiten el bolardo y lo sustituyan por uno retráctil? Van a votar que no a eso, ¿no? ¿Es lo que me acaba de decir?

**-JORGE BUSTOS ATANASIO**: [incomprensible].

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO**: Y después usted se contradice. Si saben la cantidad de vehículos que pasan por el proyecto, ¿cómo es que se sorprendieron cuando ustedes estuvieron allí? No lo entiendo.
Yo les pido que pongan soluciones, pero no soluciones en las que menoscaben los derechos de ningún vecino, porque no existen vecinos de primera y de segunda, y con la colocación de ese bolardo ustedes lo que hicieron es quedar vecinos de primera y vecinos de segunda.
Y le pido a la señora Alvarellos que cumpla con todas esas promesas que hizo hace 4 meses. ¿Por qué no lo hacen? ¿Por qué después de 4 meses vemos como en la Calzada da Ponte todo sigue igual? ¿Dónde están esas zonas verdes, ese inmobiliario prometido una y otra vez? Y no me vale que digan que no van a apoyar

la iniciativa porque ya lo están haciendo. Si lo van a hacer, apoyen la iniciativa, mójense, voten que sí y cúmplanlo.
Si es verdad que lo están haciendo, voten que sí. ¿Por qué no van a votar que sí a algo que ya van a hacer? Mójense, voten que sí. No vimos que esté hecho nada. Mójense…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Carballas. Acabou o seu tempo.
Teño que dicirlle que, como ben dicía o concelleiro, esa proposta de retirar o bolardo non vén na súa proposición. Parece que llo dixeron os veciños, pero vostede… na proposición escrita non vexo nada, non encontro nada, non se falou de nada.
Polo tanto, simplemente quero dicirlles aos veciños que ese bolardo si que foi solicitado por veciños e é temporal, está en este momento… Perdón. Está en este momento en tanto non haxa as cámaras que están previstas ou outro tipo de control.
O que si é certo é que alí había unha afluencia moi grande de vehículos que non estaban a respectar a sinalización. Entón, a única maneira de cortar é que a xente empece a acostumarse a que alí hai un bolardo para que non poda facelo.
Pero, como lle dixen no seu momento, será substituído polas cámaras ou outro tipo de control, que xa non fai falta ese bolardo. Pero, en todo caso, o que está claro é que o Partido Popular está sacando aquí un tema que nin sequera ten na súa proposta.
Polo tanto, imos votar esta proposición.

12/199 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 405/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ATENDER AS NECESIDADES DE CONECTIVIDADE VIARIA E CONCILIACIÓN DERIVADAS DA CUARTA FASE DE AMPLIACIÓN PROXECTADA NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000786.-** Vista a antedita proposición do seguinte teor:

“A zona industrial e comercial formada polos polígonos de As Gándaras e O Ceao configura un polo de desenvolvemento económico cuxa importancia transcende máis aló do ámbito local, xa que atesoura unha clara proxección comarcal e provincial e, polo tanto, tamén autonómica. A súa localización nas inmediacións da A-6 outórgalle ademais unha vantaxe competitiva que lle permite proxectar a súa actividade cara á meseta, converténdoo así nun espazo industrial integrado na rede nacional de comunicacións por estrada onde, así mesmo, ocupa un espazo privilexiado na conexión con Madrid dentro do eixo noroeste, con todas as implicacións que iso conleva desde o punto de vista competitivo para o noso municipio.

Ambos os polígonos acollen a actividade de centenares de empresas, polo que o seu valor estratéxico para Lugo, como elemento dinamizador da económica, berce de desenvolvemento do talento profesional e ecosistema xerador de emprego, é incuestionable. Con todo é necesario que desde as Administracións públicas, cada unha dentro das súas competencias, se leve a cabo un labor constante de investimento planificado para lograr que ambos os polígonos sigan sendo competitivos e, non menos importante, que o solo industrial que está por desenvolver, especialmente en As Gándaras, resulte atractivo para novos emprendedores, investidores e empresarios e empresarias que valoren instalarse no concello de Lugo.

Por todo iso, é prioridade deste Goberno local dotar a estes espazos xeradores de riqueza das mellores condicións posibles que permitan o desenvolvemento ordinario da súa actividade para así permitir ás empresas aquí radicadas gañar competitividade. Neste sentido, e como consecuencia do traballo colaborativo que o Concello mantén cos colectivos profesionais e o tecido asociativo empresarial de As Gándaras e O Ceao, levamos meses planificando actuacións que pronto serán unha realidade. Pero estas intervencións, que redundarán fundamentalmente na seguridade e a mobilidade a nivel interno, deben ir acompañadas doutras que concirnen ao ámbito competencial autonómico.

Neste sentido, a conexión do polígono de As Gándaras coa A-6 a través da Campiña é unha demanda deste Goberno e tamén social, canalizada a través das plataformas profesionais e do tecido empresarial, que acumula anos de inacción por parte do Goberno autonómico. Sen dúbida esta ligazón permitiría diminuír os tempos de incorporación á rede nacional desde o polígono de As Gándaras á vez que melloraría a seguridade viaria e laboral e serviría como reclamo para recibir maior número de paradas loxísticas de transportistas foráneos. Tras reiteradas peticións, tanto dos colectivos empresariais como desta Administración, unha e outra vez, recibimos a calada por resposta.

É necesario que a Xunta se involucre con urxencia, xa que é a súa competencia incluír a ligazón no Plan sectorial, garantindo que os empresarios e empresarias lucenses poidan competir en igualdade de condicións con outras zonas industriais do país. Trátase dunha petición do tecido empresarial da cidade e deste Goberno da que a Consellería fixo caso omiso e sobre a que non existe ningún avance, polo que aproveitando a inclusión da cuarta fase do polígono de As Gándaras nos orzamentos do próximo exercicio, consideramos que é o momento idóneo para levar a cabo esta planificación que ademais é unha competencia exclusiva da Xunta.

Pero se importante é conseguir esta necesaria ligazón coa A-6 a través da Campiña, non menos importante é conseguir servizos que permitan ás persoas traballadoras de ambos os polígonos cubrir as súas necesidades en materia de conciliación. Por iso consideramos imprescindible solicitar ao Goberno autonómico

a creación dunha escola infantil destinada a atender a demanda tanto de O Ceao como de As Gándaras. En definitiva, con esta iniciativa solicitamos do Goberno autonómico que traballe con previsión, incorporando todas aquelas necesidades que vai implicar o crecemento desta zona empresarial.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Lugo presenta á Corporación os seguintes puntos de **acordo:**

1. Instar á Xunta de Galicia a contemplar no Plan Sectorial do Polígono das Gándaras a creación dun acceso de comunicación coa á A6 a través do nó xa existente na Campiña.

2. Instar ao Goberno autonómico a crear unha escola infantil para atender ás necesidades en materia de conciliación das persoas traballadoras nos polígonos."

Vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 415/2024 de Rexistro de Pleno, que non foi aceptada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a contemplar no Plan Sectorial do Polígono das Gándaras a creación dun acceso de comunicación coa á A6 a través do nó xa existente na Campiña.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno autonómico a crear unha escola infantil para atender ás necesidades en materia de conciliación das persoas traballadoras nos polígonos.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Por favor, Ana, ordenanza… Iso, cerrade a porta, xa está. Continuamos. A voceira do grupo socialista, dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Grazas, señora alcaldesa.

É unha proposición moi demandada polas persoas implicadas e atendida dende a alcaldía e dende as concellerías correspondentes.
Entendemos, pois, desde este grupo municipal que os polígonos do Ceao e as Gándaras son os principais centros económicos de desenvolvemento da capital. Atendendo, como dicía, a estas demandas plantexadas á señora alcaldesa polos representantes do tecido empresarial e co obxectivo de facilitar as actividades destas empresas que operan nestes distintos polígonos, non só pola seguridade que lle suporía estas accións, senón tamén para aumentar a súa competitividade, este grupo plantexa para a súa aprobación no pleno esta proposición que reflicte ese compromiso que se acada e que nas distintas xuntanzas mantidas con corresponsables e representantes tratáronse diversos temas nos que se está traballando e avanzando, como poden ser o acondicionamento das rotondas, a actualización das sinalizacións, a reorganización do estacionamento, o estudo para lograr ese aparcadoiro demandado de camións en parcelas municipais… En canto ás cámaras, nas vindeiras semanas licitarase o sistema de vixilancia que abranguerá e afectará distintas rúas como Benigno Rivera, Infanta Elena, Agricultura, das Comunicacións, dos Carros… e que permitirá captar o tránsito de vehículos, conectando á vez unha central receptora de alarmas e a Policía Local.
En materia de estacionamento, que é no que máis se centra esta proposición, e circulación e seguridade, pois vimos a solicitar á Xunta de Galicia que asuma a mellora da conectividade, instando formalmente, como se quedou nesas xuntanzas, a incluír ese plan sectorial que ten que facer a Xunta de Galicia do polígono das Gándaras para crear esa ligazón directa coa A-6.
En anteriores intervencións, os voceiros do Partido Popular dicían que non queren prexudicar o colectivo empresarial, pois aplíquese o conto e insten a esta proposición, aproben esta proposición, porque é necesario, é urxente que a Xunta se involucre, que non deixe de lado a súa competencia, porque lle é propia, e que lle permita ás empresas ubicadas nestes polígonos competir en igualdade de condicións con outras zonas industriais do país.
E, como dicía, facéndonos eco desta histórica demanda do tecido produtivo de Lugo, solicitamos á Xunta que deixe de facer caso omiso, como está facendo ata agora. E coincidindo coa inclusión da 4ª fase do polígono das Gándaras nos orzamentos galegos do 2025, cremos que é bo momento para que a Xunta planifique esta petición que, ademais, lle é competencia propia e exclusiva, como tamén é a necesidade da creación dunha escola infantil que atenda as necesidades de conciliación das persoas traballadoras destes polígonos.
Por todo isto, instamos o goberno autonómico que traballe con esa previsión, que atenda estas peticións, que derivan do crecemento destes polígonos empresariais, e que inclúa nos orzamentos estas demandas tan necesarias.
En canto a emenda que plantexan, comentaremos na segunda intervención os motivos polos que non podemos aceptala, xa que moitos dos puntos se están a levar a cabo e outros non lle corresponden ao Concello de Lugo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Quenda agora para o voceiro do grupo do Bloque Nacionalista Galego, Alexandre Penas.

**-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS**: Moitas grazas.
Pois debatemos unha proposición sobre polígonos industriais e empresariais da nosa cidade e desde o noso grupo, desde o BNG, consideramos pertinentes os puntos de acordo dado a proxectada ampliación futura do polígono das Gándaras e as necesidades reiteradas no tempo, tanto polos usuarios destes polígonos das Gándaras como polo seu adxacente, o polígono do Ceao.
O primeiro punto de acordo propón instar a Xunta de Galicia a contemplar e estudar a viabilidade da creación dun acceso de comunicación coa autovía A-6 nesta futura ampliación do polígono das Gándaras.
Parece, semella de sentido común que a cercanía dunha autovía é unha vantaxe competitiva clara para calquera polígono industrial, e tamén semella, polo tanto, de sentido común que, se xa hai planificada unha ampliación, esta variable se teña en conta no momento de facer esa ampliación nesa planificación. E isto hai que dicilo e está ben traelo ao pleno, porque xa temos experiencias de ampliacións anteriores no polígono que, despois, tivo que ir ao Concello a facer obras, a emendar, digamos, planificacións erróneas polo simple feito de non escoitar nesa planificación as demandas reiteradas, neste caso dos empresarios.
Con cartos propios do concello nestes últimos dous ou tres anos téñense ampliado dobres carrís, téñense cortado medianas… polo simple feito de que por alí pasan camións, como é habitual. Era algo de sentido común.
Tamén na última ampliación que se fixo, segundo se rematou incluso asociacións de veciños… unha é na que está presente unha compañeira súa, do Partido Popular, refírome á de Muxa, que xa reclamaban rotondas nesa ampliación, igual que varios empresarios, porque había unha planificación, digamos, deficiente; non se contemplaron nin se escoitaron suficiente as demandas dos usuarios deses polígonos e creo que esta si que é unha demanda que eles expresaron claramente, expresáronlla a alcaldesa, expresáronlla ao grupo municipal do PSOE, expresáronlla ao grupo municipal do BNG e entendo que tamén a vostedes. Polo tanto, á hora de planificar, parece evidente que teñan en conta iso.
Tamén, creo que foi a semana pasada, o grupo municipal do Partido Popular reclamaba pasos elevados dentro do polígono das Gándaras, non? Bueno, son cousas que se poden planificar antes, cando se fan; sae moitísimo máis barato e é de sentido común e, neste caso, pois por iso apoiamos este punto de acordo.
No segundo punto de acordo fálase dunha escola infantil. Pois ben, tamén estamos de acordo. É unha competencia clara tamén da Xunta de Galicia e unha necesidade reiterada ao longo de moitísimos anos polos empresarios e polos traballadores da zona.
Eu si que vou entrar xa aquí na emenda que, como se dixo, se vai rexeitar, do Partido Popular, porque aquí o que piden vostedes é… A ver se o atopo por aquí…
Punto tres: nun dos puntos instar o Concello de Lugo a elaborar un estudo sobre a necesidade dos pais e nais de Lugo de cara a solicitar á Xunta de Galicia a creación dunha nova escola infantil… Ou sexa, que fagamos nós un estudo cando a competencia clara é da Xunta de Galicia; isto pasou igual noutros plenos, no mandato anterior, cando defendiamos seguridade nas vías da Xunta e diciades que

estudásemos nós cales eran esas necesidades. É un pouco surrealista facer ese papel de defensa a tope coa Xunta de Galicia sen ver os intereses propios dos lucenses, non? E aquí vólveno facer nesta emenda. Entendo que, polo tanto, se rexeita porque é unha evidencia.
E isto non sempre foi así. Neste pleno téñense chegado a acordos ou, polo menos, temos coincidido en puntos que eran bos para Lugo. Neste mandato, non. Aquí, vouno dicir claro, neste mandato mandouse parar e aquí, todo o que sexa tocar a Xunta, pois non se pode.
Aquí, algúns de vostedes xa o saben, se ten chegado a acordos independentemente de que despois, ao chegar á Xunta, dixeran que non. Pero, bueno, aquí polo menos exercían ese lucensismo necesario, coido eu, que para ser concelleiro dunha localidade.
Sigo na seguinte intervención.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Penas. Ten a palabra o señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO**: Esas actitudes que estades mostrando hoxe dende o PSOE e o BNG fan difícil calquera acordo, porque teño estado, de verdade… Voume calar, porque vou aforrar os cualificativos da actitude que estou vendo por parte dalgúns concelleiros e da propia alcaldesa.
Que se involucre a Xunta, di a señora Abelleira. Home, pero é que todo o polígono das Gándaras se lle debe á Xunta de Galicia. Todo. E o éxito dese polígono industrial, do cal acaba de sacar peito, evidentemente, é da Xunta de Galicia, porque o financiou integramente a Xunta de Galicia. Polo tanto, evidentemente que se está involucrando, por suposto que se está involucrando. E por suposto que hai unha solución tamén á conectividade dentro do plan parcial. Incluso esa solución, como ben sabe, que se nos transmitiu a todos os grupos políticos, tamén se lles indicou por parte da conselleira aos propios empresarios. Claro que está contemplado dentro do plan parcial, pero, á parte do plan parcial, vostedes, despois falaremos da emenda, tamén teñen moito que dicir; por exemplo, por onde queren que vaia por todos os núcleos, áreas de expansión, núcleos rurais e por todos os terreos que teñen que pasar fóra do plan parcial, porque o plan parcial é o que pode presentar a Xunta de Galicia, pero despois están o resto de terreos para chegar á Campiña, como ben sabe, que hai centos de metros, máis de 1 km.
Por tanto, aí algo terán que dicir, pero vamos primeiro coa conciliación das familias.
Home, darlle leccións á Xunta de Galicia de conciliación coas familias, a primeira comunidade en apostar pola gratuidade, polo Bono Concilia para que poidan conciliar nas vacacións as familias… Por certo, a última instalación infantil, a última escola infantil pública que se abriu precisamente foi no entorno do polígono do Ceao e as Gándaras, pola Xunta de Galicia. Pero queren outra máis? Por suposto. O único que lles pedimos é que digan as necesidades e a ubicación que pretenden, e a Xunta de Galicia comprométese a estudala. E, se hai que abrir outra, ábrese; non hai ningún tipo de problema.

Vou usar as palabras da señora Abelleira ou do señor Bustos: xa se está traballando niso, non hai ningún problema; non vamos apoiar o que xa se está traballando. Un ramal, que xa está falado coa conselleira, e unhas escolas infantís, que xa lle dicimos directamente que propoñan ubicación e necesidades. Non só iso, senón que pasaron a convocatoria do 2021, 2022 e do 2023, nas cales houbo máis de 30 000 000 euros, 34 000 000 euros concretamente, para solicitar a creación ou a ampliación de escolas infantís, e saben cantas se presentaron dende o goberno municipal? A ningunha, a ningunha. Ese é o interese que teñen por unha escola infantil ou porque colabore a Xunta; non se presentan nin ás axudas para as escolas infantís.
Pero, falando do polígono das Gándaras, eu estou seguro de que foi por despiste, estou seguro que non é por mala fe de ningún xeito da alcaldesa nin do equipo de goberno, pero olvidáronse algunhas cousas das que lles plantexaron nesa reunión, de algunhas. Por exemplo, olvidáronse de que lles esixiron mellorar o mantemento, a imaxe, o decoro, a seguridade dentro deses dous polígonos, do Ceao e das Gándaras, e aquí non ven nada, nin fixeron nada tampouco; por certo, nin as arquetas son capaces de repoñer nas Gándaras. Como tamén estou seguro que se deberon olvidar ou despistar de que lles pediron que renovasen a rede de abastecemento do polígono do Ceao. Non imos falar aquí do que pasou e do das consecuencias que tivo ter esa rede sen presión ningunha. Outro despiste seguramente foi o da seguridade, porque hoxe prometen 6 cámaras, pero é que retiraron 30 hai 10 anos, retiraron 30. E iso seguramente se lles olvidou dicilo, como tamén se lles debeu olvidar dicirlles que hai uns meses, o 1 de abril, votaron en contra, precisamente PSOE e BNG, da creación dun aparcadoiro que financiaba a Xunta de Galicia de camións que só tiñan que ceder o terreo. Pero vostedes votaron en contra. Dixéronllelo tamén aos empresarios? Señora alcaldesa, díxolles aos empresarios que votaran en contra desa financiación? Si? Díxollo? Probablemente non, despistouse seguramente.
Digan a verdade, non queren que a Xunta invista en Lugo, non queren, porque están torpedeando todos e cada un dos investimentos: o Plan Paradai, o… perdón, o Centro de Saúde do Sagrado Corazón. Todos e cada un dos investimentos estanos boicoteando.
Tamén lles dixeron que estaba aprobado por unanimidade dende o 29 de decembro de 2022 precisamente esa conexión entre o polígono das Gándaras e a Campiña, e que aquí, dende este salón de plenos, por unanimidade de todos, acordamos en pedir a colaboración do Ministerio, do Concello de Lugo e da Xunta de Galicia? Dixéronllelo? Que fixeron? Fixeron algo? Non fixeron nada máis que mentirlles.
Polo tanto, si a esa conexión, pero para facer esa conexión saben perfectamente que hai que modificar tamén o Plan Xeral. Hai que dicir por onde queren que vaia esa conexión, porque non só afecta o polígono das Gándaras e o plan parcial. O plan parcial remata nun punto. Se quere, podemos ver os planos. Presumía de técnicos, señor Bustos, pois oia, xa que ten un técnico ao lado tamén, que lle ensine os planos, xa que o señor Bustos cuestiona os coñecementos técnicos doutros concelleiros, porque ao mellor non teñen a mesma capacidade técnica que pode ter el, pero aquí todos temos acceso ao Plan Xeral e podemos ver onde se

delimita o plan parcial da Xunta. Ata o plan parcial pode marcar por onde vai a traxectoria, pero despois terá que indicalo o Concello. Porque despois pasa como na Ronda Leste, que non lles valía o trazado nin o que tiñan aprobado no Plan Xeral, ou pasa como no Plan Paradai, que se se facía por onde dicía o Plan Xeral, incumpría a confederación. Digan por onde ten que ir e traballemos todos por iso; se a Xunta non se nega, todo o contrario.
Por iso lles presentamos esa moción, porque todos eses temas que se lles despistaron tamén hai que telos en consideración e votalos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Ameijide. Segunda quenda para voceira do Partido Socialista.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Pois efectivamente, acaba de dicilo vostede mesmo: está aprobada por unanimidade e lévase traballando niso dende esa. Por iso non podemos aceptar a emenda que plantexa.
Primeiro, porque o punto primeiro e segundo fala de terreos da Xunta que deben ser os promotores, tal como se lles contestou tamén no Parlamento de España, da promoción, valla a redundancia, para elaborar ese plan sectorial que é obrigatorio para a modificación do PXON do que vostede fala. Polo tanto, estamos traballando nel e avanzando tamén no aparcadoiro, como lle trasladou a señora alcaldesa, dos camións, porque tamén é unha vella demanda. E todos os demais puntos están aprobados por unanimidade por este pleno.
Polo tanto, témonos que centrar no que nos é urxente e necesario, que é instar a Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias para a elaboración dese plan sectorial, para o desdobramento e, como xa tamén se lles trasladou, que deben emitir os informes pertinentes ao Ministerio para seguir avanzando nos prazos.
E o éxito… O éxito será dos emprendedores e empresarios e empresarias que hai no Ceao, porque é competencia da Xunta de Galicia o tema de industria e de empresas; polo tanto, ten a competencia e está facendo o seu traballo, non se poña medallas tamén por facelo.
E fala de conciliación, cando o Concello de Lugo ten 7 escolas infantís propias porque a Xunta non foi capaz de facer máis que dúas, e unha gracias ao patrocinador oficial do seu partido, de Amancio, porque foi o que lles construíu aquilo.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Si.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Silencio, por favor. Silencio.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: E despois falan das cámaras. Empecen a diferenciar entre as cámaras de vixilancia e as de tráfico.
Polo tanto, se queren de verdade apoiar o que din, olvídense da súa emenda, porque xa está aprobada en pleno, e acepten a nosa, que vén pedir o que agora é urxente e que ten que facer a Xunta de Galicia.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Segunda quenda para o señor Penas.

**-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS**: Moitas grazas.
Pois nada, moi brevemente. Aquí o único ao que non renuncia a Xunta de Galiza en Lugo e a recadar, non? Como ben padecemos todos os lucenses. Recada e non inviste o necesario en Lugo. Vémolo co canon da auga, vémolo en servizos sociais, vémolo nas escolas infantís onde, como ben dixo a compañeira, é unha necesidade practicamente, non na súa totalidade, pero en gran parte, cuberta cos cartos do Concello de Lugo, de todos os lucenses, cando a Xunta ponse de perfil.
Na emenda súa, incluso agora, faltou a verdade ou incluso quixo meter nun batiburrillo todo o referente ás escolas infantís cando pon que nós só temos que solicitala, pero despois que pidamos tamén as axudas para construíla nós. A ver, é unha competencia. Se queren, tamén construímos, como se dixo aquí neste pleno tamén, novos quirófanos no HULA cando se necesiten. Un pouquiño de seriedade, non?
Aquí hai algo común en todas estas proposicións e insisto, neste mandato, en concreto, é que falamos de Correos, que á Xunta non lle custa nada, o Partido Popular, se é un servizo para os lucenses vai votar a favor, como ten que ser, porque é unha proposición necesaria ben explicada tanto polo voceiro BNG como pola compañeira do PSOE e tamén do PP. Pero, como se toque algo da Xunta, as 12 persoas que están aquí do Partido Popular se olvidan completamente de Lugo.
Entón eu creo que non ten por onde collerse a súa emenda e, polo tanto, non vamos votar a favor disto porque cremos que é bo para a cidade.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Penas. Quenda para o voceiro do grupo Popular. Pulsa.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: É que está pulsado en Mar Carballas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Ahora. Pulsa… Sigue pulsado… ahora, ahora.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO**: Agora si, agora si.
Alcaldesa, eu pediría que se retirasen esas palabras de «patrocinador do Partido Popular» sobre a Fundación Amancio Ortega, porque me parece unha falta de respecto a un gran empresario desta comunidade, da cal nos sentimos moi orgullosos; outros partidos políticos non, porque o critican, pero nós sentímonos moi orgullosos de todo o que lle está dando á sanidade galega, aos servizos sociais galegos e de todo o que nos está dando á nosa comunidade e dos postos de traballo que xera. Sentímonos moi orgullosos. Paréceme un descualificativo e parécenos indecente e indignante que faga ese comentario unha concelleira do Partido Socialista sabendo que existe colaboración con todos os concellos, con independencia desa cor política. Así que lle pido que retire esas verbas.
Isto é un éxito, señora Abelleira, por moito que lle moleste, é un éxito do Partido Popular e da Xunta de Galicia. Isto si, o polígono industrial das Gándaras é un

éxito, e vai seguir sendo un éxito e vai seguirse ampliando, e é un éxito dos empresarios de Lugo que, a pesar de que non lles dan licenzas en prazo, a pesar de todos os problemas que teñen co Concello de Lugo, seguen investindo por estaren na nosa cidade. É un éxito.
Pero mire, eu non sei se non entende ou non atende, non o teño nada claro, pero creo que é que non atende, porque claro que lle dixemos que a Xunta Galicia pode colaborar na confección desa vía, evidentemente, no plan parcial, pero o plan parcial termina aquí. Despois disto, hai un solo, como ben lle podería dicir o seu compañeiro Bustos, que está ilustrado en urbanismo, pois pódelle comentar tamén que hai un solo de protección natural, outro forestal, dous solos de núcleo, un de expansión, outro de expansión preordenada… e que vostedes teñan as competencias en urbanismo. Digan por onde quere que vaia e entón colaboremos entre todas as administracións, por suposto que si.
Os tres primeiros puntos desta emenda son precisamente pedíndolle á Xunta de Galicia colaboración, precisamente, co acordo plenario adoptado por unanimidade para esa conexión coa autovía e coa Campiña. O segundo, as modificacións precisas no PXOM no plan parcial e no PXOM no Concello de Lugo para facer ese trámite. O terceiro, estudo das necesidades das escolas infantís e financiala desta Xunta de Galicia. Claro que si. E, a maiores, hai unha liña de axudas, de 34 000 000 euros, para poder mellorar as municipais, se hai. Son complementarias, aquí pódense facer as dúas cousas, pero hai que facer unha nova desde a Xunta? Non hai problema ningún. Plantexen o número de nenos e onde se debería ubicar, non hai problema ningún.
O seguinte, instar o Concello de Lugo a colaborar co aparcadoiro seguro de camións, que tamén se ofreceu a financiar a Xunta de Galicia e que vostedes votaron que non neste salón de plenos. 4 de 7 puntos son da Xunta de Galicia.
5º, a renovación da rede de abastecemento, ese é voso, ese é do goberno municipal e levan anos incumpríndoo. E o plan de mellora de limpeza dos polígonos é seu tamén; tamén hai que limpalo, porque dan asco. E mellorar a conexión de transporte urbano dos polígonos industriais supoño que será unha competencia municipal tamén, ata onde eu sei.
Por tanto, pedímoslles a todos: de 7 puntos, 4 son pedidos á Xunta de Galicia. Teñan a valentía de aceptar a emenda e nós votaremos tamén, por suposto, a favor da moción; aínda que, como lle dixen, dende a Xunta xa se está facendo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Última quenda para a voceira do grupo Socialista.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Eu asumo as miñas verbas e, dende logo, o que non vou retirar é que a Xunta vende o traballo que fan outros no seu beneficio, cando é competencia exclusiva e teñen cartos. Enténdao como queira.
O que si digo é que, déalle as voltas que queira, pero é necesario que a Xunta se involucre e con urxencia, porque é competencia incluír esta ligazón no Plan Sectorial. Polo tanto, se se quere escudar en todos eses argumentos que, xa lle volvo dicir, están aprobados por unanimidade no Concello de Lugo e estase

traballando neles, pois fágao, escúdese nese plantexamento, pero nós o que lle pedimos son dous puntos moi claros, que é instar a Xunta de Galicia a completar, no Plan Sectorial do Polígono das Gándaras, a creación dun acceso de comunicación coa A-6 a través do nó xa existente na Campiña e instar o goberno autonómico a crear unha escola infantil para atender as necesidades en materia...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Abelleira.
Pois imos votar esta proposición.

**SOLICITUDES DE COMPARENCIA**

13/200 **SOLICITUDE DE COMPARECENCIA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 378/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR DETERMINADAS CUESTIÓNS RELACIONADAS COA ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ (2024/G004/000730).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 202499900021002 de Rexistro de Entrada no Concello -do 11 de outubro de 2024- e informe emitido -o 23 de outubro de 2024-, respecto do mesmo, pola secretaria xeral do Pleno, aclarando diversas cuestións de tipo formal -ambos os dous obrantes no expediente-.

B) Solicitude -que a continuación se transcribe- de comparecencia formulada pola totalidade dos concelleiros do referido grupo municipal, número 378/2024 de Rexistro de Pleno, do 25 de outubro de 2024, para dar conta das xestións realizadas respecto do conflicto que afecta á Escola Infantil Gregorio Sanz e resposta as preguntas que nela se recollen:

*"Dende o curso 2024/2015 a Escola Infantil Gregorio Sanz arrastra un conflito laboral que se agravou no ano 2019 cando a Concelleira responsable de persoal, a actual Alcaldesa, enviouno á fiscalía.*

*O 22 de xullo de 2022 o Comité de avaliación de Acoso Laboral emitiu un informe no que se propoñen varias medidas para resolver o conflito e llas remite o órgano municipal competente e á delegada de persoal, Paula Alvarellos, para que adopte a resolución que corresponda no prazo de 10 días. As medidas nunca se chegan a materializar e nin tan sequera se fixo un protocolo de acoso tal e como se recomendaba.*

*O goberno local, responsable de mediar nesta situación e que tiña toda a información e os mecanismos posibles, limitouse a firmar un decreto o 16 de setembro de 2022 como medida preventiva para resolver o conflito, decreto que nunca se chegou a facer efectivo.*

*Dende esa data nin fixeron seguimento nin actuaron para tratar de darlle solución, pese a ser solicitado en reiteradas ocasións por parte da Escola.*

*O resultado da deixadez do goberno local foi que o 09/10/2024, poucas semanas despois do inicio do curso e cando as familias xa pasaran o período de adaptación dos seus fillos de entre 0 a 3 anos, agravouse o conflito laboral poñendo en risco a tranquilidade dos usuarios, improvisando solucións e sen dar información as familias.*

*O Grupo Municipal do PP solicita a* ***COMPARECENCIA*** *da alcaldesa, Dª. Paula Alvarellos, para dar conta das xestións realizadas respecto a dito procedemento así como das actuacións levadas a cabo, dando resposta as seguintes preguntas:*

***1.*** *Que medidas se adoptaron ante o accidente laboral dunha das educadoras en outubro de 2015?*

***2.*** *O 11 de marzo de 2016 o informe técnico municipal de riscos propón distintas medidas para acadar a conciliación entre as traballadoras. Levouse a cabo algunha destas medidas?*

***3.*** *O 4 de maio de 2016 un estudo establece a necesidade de que o Concello cumplimente un plan de acción de riscos psicosociais. O 23 de abril de 2018 a inspección de traballo conclúe que non se deu cumprimento a dito plan e o 25 de febreiro de 2019 require novamente o cumprimento do plan de acción. Por que non se actuou nese período de tempo? Por que se tomou a decisión de non acatar o informe da inspección de traballo?*

***4.*** *Existe un informe do servizo de prevención municipal requerindo que se atenda o informe da inspección de traballo en maio de 2018. Por que non se atendeu a recomendación deste servizo?*

***5.*** *A escalada do conflicto laboral faise máis evidente en 2021 cando a coidadora interina Teresa Vázquez presenta unha denuncia penal contra as súas compañeiras. Que decisións tomaron ao respecto?*

***6.*** *O 22 de febreiro de 2021 as educadoras presentan un escrito dirixido aos servizos de educación e prevención municipais informando que Teresa Vázquez interpuxo unha denuncia contra elas e que o concello non lles informou. Que actuacións levou a cabo o Concello de Lugo?*

***7.*** *O 27 de abril e o 25 de maio de 2021 o servizo de prevención de riscos laborais recordan que o Concello de Lugo carece de protocolo de actuación en materia de acoso laboral. En que fase se atopa a elaboración deste documento?*

***8.*** *Por que non procederon a trasladar á coidadora interina Teresa Vázquez á Escola Infantil Serra de Outes? Dito traslado non implica un cambio de domicilio e polo tanto non precisa da conformidade da traballadora e esta medida foi reiterada pola inspección de traballo e polos servizos municipais de prevención e a dirección do centro, ademais de vir apoiada polas conclusións do informe do Comité de Acoso.*

***9.*** *Quen toma a decisión de convocar o Comité de Acoso Laboral en marzo de 2022? Por que non se fixo con anterioridade, cando xa tiñan constancia da problemática que existía no centro?*

***10.*** *O 24 de marzo de 2022 o comité de avaliación de acoso laboral admite a trámite a denuncia presentada polas traballadoras da EI Gregorio Sanz e na valoración inicial indícase "debería activarse o protocolo interno de acoso e*

*investigación dos feitos denunciados con celeridade". Comunícase o inicio de dito protocolo de acoso laboral e as actuacións que poden levar a cabo a concelleira encargada da área de persoal, o concelleiro encargado da área de educación e o xefe de servizo. Cales de estas actuacións se levaron a cabo?*

***11.*** *En marzo de 2022 ponse en coñecemento da concelleira de persoal, Paula Alvarellos, e do concelleiro de educación, Felipe Rivas, a situación que existe no centro. Felipe Rivas, ante o comité de acoso manifesta que recibiu correos electrónicos de empregadas do centro culpando ao concello de non resolver a problemática. Por que non actuou de forma dilixente Felipe Rivas, investigando o asunto do que tiña coñecemento a través deses correos? Como xustifica o concelleiro de educación non ter feito seguimento nin adoptado medidas ao respecto?*

***12.*** *O 26 de abril de 2022 a xefa de servizo de educación, Dª. Marta López, afirma no comité de acoso laboral que dende que é xefa de servizo (mediados de 2020) non ten coñecemento dos conflictos nin das actuacións realizadas pola concellería de educación. Que trámites se levaron a cabo, en que data e en que departamentos dende que o Concello de Lugo tivo coñecemento da problemática? Por que non se deu resposta aos requirimentos do Valedor do Pobo?*

***13.*** *Ante as declaracións da directora do centro Gregorio Sanz en xuño de 2022, recoñecéndose incapaz de organizar o persoal e de evitar situacións de risco psicosocial e conflictividade, por que non se tomaron medidas para resolver esta situación?*

***14.*** *Que accións se levaron a cabo para establecer canles de comunicación efectiva entre as traballadoras da escola e os seus superiores co fin de que exista un bo clima de traballo e un funcionamento óptimo do servizo que prestan á cidadanía?*

***15.*** *Que se fixo para promover un contorno de respecto e corrección no ambiente de traballo?*

***16.*** *En relación as medidas que permitan alcanzar unha óptima convivencia no traballo salvagardando os dereitos doas/as traballadores/as, estanse adoptando novas medidas ou mellorando as existentes? Cales foron os cambios e que datas se realizaron, dende a recepción do expediente?*

***17.*** *Que medidas organizativas adoptaron dende o goberno a partir de xullo de 2022 para cumprir coas medidas adoptadas polo comité de acoso?*

***18.*** *Comunicou a área de persoal á de educación as medidas adoptadas tralo informe do citado comité? Fíxoo no prazo de 10 días establecido?*

***19.*** *Ao non terse producido ningún cambio na situación da Escola Infantil, e perante a inacción da concelleira de persoal, qué fixo o concelleiro de educación, Felipe Rivas? Fixo algún requirimento á área de persoal? Amosou algún tipo de interese en solucionar iste problema?*

***20.*** *No informe emitido polo Comité de Avaliación de Acoso Laboral do Concello de Lugo establécense unha serie de medidas e actuacións que se formulan aos órganos municipais competentes para poder abordar a situación conflictiva de acoso laboral detectada e encauzar posibles solucións a curto, medio e longo prazo.*

***a.*** *Que medidas organizativas coa finalidade de separar ás traballadoras implicadas no conflicto, ou no seu defecto reducir ao máximo o contacto entre elas?*

***b.*** *Tomouse algunha medida coercitiva coa finalidade de restablecer o normal funcionamento da escola? En caso afirmativo, cales?*

***c.*** *Que medidas de apoio persoal ás traballadoras acosada se adoptaron?*

***d.*** *Que formación aos mandos e as traballadoras se levaron a cabo e en que datas? Cales se están levando a cabo? Cal é a programación dos vindeiros anos?*

***e.*** *Cal é a programación para a formación dos vindeiros anos?*

***f.*** *Que se fixo para promover un contorno de respecto e corrección no ambiente de traballo?*

***21.*** *O informe considera imprescindible e urxente dispoñer dun regulamento de organización e funcionamento nas Escolas Infantís Gregorio Sanz e Serra de Outes. En que fase se atopa a elaboración dos mesmos?*

***22.*** *Dispón a Escola Infantil Gregorio Sanz de persoal de atención directa suficiente para a organización das quendas e para poder cubrir as baixas, vacacións e asuntos propios das TEI como para poder realizar as substitucións de forma áxil?"*

C) Informe emitido pola secretaria xeral do Pleno, o 13 de novembro de 2024, que, a continuación, se transcribe:

*"En relación asunto epigrafiado, relativo á solicitude de comparecencia ante o Pleno da Corporación da Excma. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, para dar conta das xestión realizadas respecto a Escola Infantil Gregorio Sanz, suscrita polos concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, rexistrada con número 378/2024 de Rexistro de Pleno, a funcionaria que subscribe informa:*

***ANTECEDENTES***

*Con data 11 de outubro de 2024, o Grupo Municipal Popular presenta no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, a solicitude de comparecencia da Sra. Alcaldesa Dona Paula Alvarellos e do Sr. Tenente de Alcaldesa, Don Rubén Arroxo, dada a situación que se vive na Escola Infantil Gregorio Sanz.*

*Con data 16 de outubro de 2024, a Sra. Alcaldesa dita providencia pasando a informe desta Secretaria Xeral do Pleno do Concello, informe emitido con data 23 de outubro de 2024, que se da por reproducido e do que se deu traslado aos solicitantes.*

*Con data 25 de outubro de 2024, os concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular formulan e rexistran, en Rexistro de Pleno, solicitude da comparecencia epigrafiada.*

***NORMATIVA APLICABLE:***

*Os instrumentos de información, impulso e control pódense considerar incluídos no réxime organizativo e de funcionamento dos órganos das Entidades Locais. Esta materia e aínda que o Tribunal Constitucional na súa sentencia de 21 decembro de 1989 declarou inconstitucional o artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL) porque o contido do precepto analizado, prescindindo da afirmación preliminar "da prioridade absoluta*

*da propia Lei Reguladora das Bases de Réxime Local que naturalmente existirá na medida na que os seus preceptos poidan apoiarse nos títulos competenciais que o Estatuto ostenta, o resto dos parágrafos que o artigo 5 contén establecen como queda este, unha orde de prelación de fontes que será correcto na medida en que coincida co disposto no bloque de constitucionalidade, e incorrecto en canto se aparte del. En canto tal coincidencia exista, o precepto é en consecuencia superfluo e en canto non exista inválido. A súa anulación non orixina por tanto baleiro normativo algún", o certo é que a súa dicción literal serve como criterio de interpretación pois foi seguida de xeito xeral pola doctrina, o que implica que as entidades locais réxense en canto ao seu réxime organizativo e de funcionamento dos seus órganos, en primeiro termo pola LRBRL, de seguido polas leis das comunidades autónomas sobre réxime local, polo regulamento orgánico propio de cada entidade - Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Lugo aprobado o 9 de abril de 2007 con modificacións posteriores (modificacións publicadas no BOP de Lugo de 18 de outubro de 2010)- e por último, polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento y Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante ROF) que servirá para cubrir lagoas así como ofrecer criterios de interpretación, de ser o caso.*
*Sentado o anterior:*

***A)*** *O artigo 123.1.a) da LRBRL, establece como primeira competencia ou atribución do Pleno "o control e fiscalización dos órganos de Goberno.*

*Aínda que se trata dunha clasificación doctrinal, como medios de control e fiscalización dos órganos de goberno poderiamos distinguir:*

*– Acceso á información*
*– Remisión de Actas da Xunta de Goberno Local.*
*– Dación de conta das resolucións, rogos e preguntas.*
*– Interpelacións, proposicións e mocións.*
*– Requerimentos de presencia (comparecencias).*
*– Solicitude de convocatoria de sesión extraordinaria.*
*– Moción de censura e cuestión de confianza.*

*Todos eles se atopan regulados, entre outros no ROM do Concello de Lugo agás as interpelacións, que polo tanto non terían cabida, e das que podemos dicir que, segundo o artigo 180 do Regulamento do Congreso, virían a ser no ámbito local, as que presenten os membros corporativos no Pleno ou nas Comisións, directamente ou a través dos portavoces dos grupos, e vaian dirixidas á Alcaldesa ou a calquera membro do executivo local en relación a unha materia de política xeral local.*

***B)*** *O artigo 109 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:*
*"1. Os concelleiros e/ou concelleiras con responsabilidades de goberno - concelleiros delegados e/ou concelleiras delegadas incluídos- e os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiro/a estarán obrigados a comparecer ante o Pleno, cando así o acorde este, co obxecto de responder ás preguntas concretas que se formulen no escrito de solicitude da comparecencia sobre a súa actuación.*

*2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada na alínea anterior, o Presidente ou Presidenta incluirá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a Corporación, e notificaráselle ó interesado ou interesada o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.*
*3. Así mesmo, os cargos a que se refire o número 1 deste artigo poderán comparecer a petición propia, sen que sexa preciso, en tal suposto, que o Pleno o acorde previamente, debendo figurar a comparecencia na orde do día da convocatoria da sesión."*

***C)** O artigo 110 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:*

*O Presidente ou Presidenta, oída a Xunta de Portavoces, non admitirá a trámite as comparecencias nos mesmos supostos previstos para as preguntas no artigo 103. Dito artigo alude no apartado e) ao suposto das que puideran ser reiterativas doutra pregunta de resposta oral ou escrita substanciada durante o mesmo ano natural ante o Pleno ou ante unha das súas comisións. Neste punto procede facer constar que na sesión plenaria ordinaria de data 4 novembro de 2024, formulouse polo Grupo Municipal do Partido Popular a seguinte pregunta que foi respostada por Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e pola propia Alcaldesa.*
*C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 375/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS RELATIVAS Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL GREGORIO SANZ.-*
*Dende o curso 2014/2015 a Escola Infantil Gregorio Sanz arrastra un conflito laboral que se agravou no ano 2019 cando a Concelleira responsable de persoal, a actual Alcaldesa, envioune á fiscalía.*
*O 22 de xullo de 2022 o Comité de avaliación de Acoso Laboral emitiu un informe no que se propoñen varias medidas para resolver o conflito e llas remite o órgano municipal competente e á delegada de persoal, Paula Alvarellos, para que adopte a resolución que corresponda no prazo de 10 días. As medidas nunca se chegan a materializar e nin tan sequera se fixo un protocolo de acoso tal e como se recomendaba.*
*O goberno local, responsable de mediar nesta situación e que tiña toda a información e os mecanismos posibles, limitouse a firmar un decreto o 16 de setembro de 2022 como medida preventiva para resolver o conflito, decreto que nunca se chegou a facer efectivo.*
*Dende esa data nin fixeron seguimento nin actuaron para tratar de darlle solución, pese a ser solicitado en reiteradas ocasións por parte da Escola.*
*O resultado da deixadez do goberno local foi que o 09/10/2024, poucas semanas despois do inicio do curso e cando as familias xa pasaran o período de adaptación dos seus fillos de entre 0 a 3 anos, agravouse o conflito laboral poñendo en risco a tranquilidade dos usuarios, improvisando solucións e sen dar información as familias.*
*O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, as seguintes PREGUNTAS ante o PLENO:*

*1. Por qué non se cumpriu o acordo do Comité de Acoso?*

*2. Qué medidas levou a cabo o Goberno Local para paliar o conflito?*

***D)*** *O artigo 111 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Presentación de solicitudes de comparecencia, dispón:*

*1. Estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno as solicitudes de comparecencia presentadas no Rexistro do Pleno coa antelación necesaria para ser incluídas na orde do día da sesión correspondente.*

*2. En cada sesión poderase incluír, como máximo, unha solicitude de comparecencia por cada grupo político.*

***E)*** *O artigo 112 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Desenvolvemento das comparecencias, dispón:*

*O desenvolvemento das comparecencias axustarase ós seguintes trámites:*

*a) Exposición oral do grupo político ou dun dos concelleiros ou concelleiras autores da iniciativa, por un tempo máximo de cinco minutos, co obxecto, exclusivamente, de precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as preguntas en que se concreta aquela.*

*Nas comparecencias a petición propia omitirase este trámite.*

*b) Intervención do/da comparecente polo tempo que fixe o Presidente ou a Presidenta, que non poderá exceder de dez minutos.*

*c) Intervención dos/das representantes dos grupos políticos, por un tempo máximo de cinco minutos cada un, para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas.*

*d) Contestación do/da comparecente, por un tempo máximo de dez minutos."*

***ÁMBITO SUBXECTIVO.***

*Trátase de analizar cales son os suxeitos activos e pasivos das iniciativas nas que se enmarcan as comparecencias, é dicir os requirentes da comparecencia e os obrigados a comparecer.*

*En canto aos primeiros se trata do Pleno do Concello, o órgano que ostenta a facultade de acordar a comparecencia ante el mesmo, no exercicio da súa competencia ou atribución de "control e fiscalización dos órganos de Goberno" que se configura como o control político dos órganos executivos e como a atribución máis relevante do Pleno, como xa se sinalou.*

*Os obrigados a comparecer son os concelleiros e/ou concellerias con responsabilidades de goberno, é dicir, tanto os concelleiros con delegacións xenéricas referidos a grandes áreas de xestión que no Concello de Lugo coínciden cos tenentes de alcaldesa como os delegados con delegacións específicas, é dicir, os concelleiros e/ou concelleiras delegadas incluídos.*

*Esta dicción literal do ROM conduce a considerar como obrigados a comparecer a calquera membro da Corporación que ostente ademáis a condición de delegado/a da Alcaldesa a fin de que informe ao pleno sobre a súa área de xestión o que exclúe a Alcaldesa mesma agás que se trate de materias sobre as que ostente responsabilidades de goberno, ou o que é o mesmo, sobre materias non obxecto de delegación.*

*En relación á petición de comparecencia formulada, para determinar quen debe comparecer, cómpre acudir ao Decreto nº 4036/2024 de data 30 de abril, Decreto de organización, no que figura como concelleiro delegado con delegación específica en materia de educación e difusión do coñecemento, Don Felipe Rivas Jorge e como delegada de Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón que ademais substitúe ao primeiro no caso de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo. Os centros de educación infantil figuran expresamente incluidos dentro da subárea de educación e polo tanto toda a información precisa sobre estes centros debe ser facilitada pola actualmente responsable da subárea e da área, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.*

*Considera esta Secretaría que a comparecencia da Sra. Alcaldesa non procede neste caso en concreto por non tratase de materias incluídas no exercicio de competencias non delegadas por esta e que en concreto e segundo o mesmo Decreto de organización, as correspondentes á área de Alcaldía e planificación de cidade.*

***ÁMBITO OBXECTIVO.***

*Neste caso se trata da análise do contido da comparecencia que non é outro que todo o relativo aos asuntos de interese incluídos na área de xestión que a Alcaldesa ten delegado no destinatario do requerimento da comparecencia. Comprende todos os aspectos da súa actuación sen que se poida entender limitado obxectiva e materialmente a unha área de xestión senon que a información terá que ser todo o completa e amplia que a resposta das preguntas formuladas esixa o que xustifica que o obrigado a comparecer dispoña dun periodo mínimo para recabar a información precisa en calquera asunto (xestión de bens e instalacións, contratación de servizos, subministros, persoal...) incluído na súa área de xestión.*

***PROCEDEMENTO.***

*O artigo 122.4 da LRBRL dispón que corresponderán ás comisións entre outras, a función: a) o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno. O ROM no contén disposición algunha, a xuizo desta informante, que exclúa as solicitudes de comparecencia da necesidade de recabar o dictame da comisión resultando que dos antecedentes de solicitudes de comparecencia consultados e tramitados en Secretaría Xeral do Pleno, todas foron obxecto de tal sometemento ao tratase dun asunto sobre o que o Pleno debe adoptar unha decisión ao respecto.*

***CONCLUSIÓN***

*Polo anterior, a solicitude formulada debe ser obxecto de dictame da comisión informativa competente por razón da materia. Seguidamente, se incluirá na orde do dia da sesión plenaria correspondente aos efectos de que tal comparecencia sexa acordada polo Pleno por maioría simple, e unha vez acordada, a Alcaldesa-Presidenta virá obrigada a incluir o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a Corporación.*

*Este é o meu informe, que carece de carácter vinculante, e que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, en sen prexuízo de que a Corporación adopte a decisión que considere máis axeitada aos intereses xerais."*

En virtude do exposto proponse someter a ditame da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, previo á súa elevación ao Pleno, a referida solicitude de comparecencia, con fundamento no exposto no informe da secretaria xeral do Pleno.

D) DITAME DESFAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a solicitude de comparecencia formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### ACTAS E GOBERNO

14/201 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (2024/G004/000774).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 18 de outubro de 2024, coa numeración 9638/2024 a 10736/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

15/202 **DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBOU A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO, LOGO DA NOVA CONFORMACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (2024/G004/000765).-** Ó Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** da modificación do Decreto número 6005/2023 do 30 de xuño de 2023, polo que se aprobou a composición da Xunta de Portavoces do Concello de Lugo e que, a seguir, se transcribe:

"**Excma. Sra. alcaldesa do Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

Vista a actual composición da Xunta de Portavoces do Concello de Lugo e visto o Acordo número 16/183 do Pleno celebrado o día 4 de novembro de 2024, no que se tomou razón da nova composición deste -logo da incorporación de don Damián Carballo Méndez-, procede ditar unha nova resolución ao respecto da composición da referida Xunta de Portavoces, en cumprimento do establecido no artigo 43.2 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo.

Por todo o anterior, esta Alcaldía **DISPÓN**:

**Primeiro.-** Modificar o texto vixente do Decreto número 6005/2023, do 30 de xuño, polo que se designou a Xunta de Portavoces do Concello de Lugo, no que atinxe ao nomeamento de portavoz adxunto do grupo municipal do Partido Popular.

**Segundo.-** Designar portavoz e suplentes do Grupo Municipal do Partido Popular ás persoas que, a seguir, se relacionan:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**
**Portavoz:**
Dona Elena Candia López.
**Portavoz suplente:**
Dona Cristina Sanz Arias.
**Portavoz adxunto:**
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
**Portavoz adxunto suplente:**
Don Antonio Ameijide Osorio

**Terceiro.-** Manter a composición dos restantes grupos municipais de tal maneira que a Xunta de Portavoces quedará como segue:

**GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE**
**Portavoz:**
Dona Ana María González Abelleira.
**Suplentes da portavoz:**
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**
**Portavoz:**
Don Rubén Arroxo Fernández.
**Suplentes do portavoz:**
Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Don Felipe Rivas Jorge.

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**
**Portavoz:**
Dona Elena Candia López.
**Portavoz suplente:**
Dona Cristina Sanz Arias.
**Portavoz adxunto:**
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
**Portavoz adxunto suplente:**
Don Antonio Ameijide Osorio".

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## TESOURERÍA

16/203 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE OUTUBRO 2024.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de OUTUBRO de 2024, coa numeración 100/2024 a 107/2024.

Do 01 ao 31 de OUTUBRO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000100 | Retroacción procedemento de constrinximento JOSÉ LUIS RANCAÑO CARBALLEDO recibo nº 11921782 | 2024/100 | 10/10/2024 |
| 2024/T030/000101 | Recurso reposición dilixencia de embargo en contas OSCAR SILVA CASTRO (ADM.CONC.DANIEL GANDOY LOPEZ) EXPTE 2024EXP47002044 | 2024/101 | 14/10/2024 |
| 2024/T030/000102 | Rehabilitación a voluntaria_AUGA-1-24_recibos compensados | 2024/102 | 17/10/2024 |
| 2024/T030/000103 | Recurso reposición providencia constrinximento MANUEL ALEJANDRO MARTÍNEZ RUA multa bando nº 9164439 | 2024/103 | 21/10/2024 |
| 2024/T030/000104 | Arquivo expte. derivación responsabilidade subsidiaria afección IBI Sun Martinica SL hacia Basadre Lodos Fidel por falecemento | 2024/104 | 24/10/2024 |
| 2024/T030/000105 | Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo JOHN JAMES VELASCO MORALES IVTM anos 2021 e 2022 matricula 9615VLW | 2024/105 | 28/10/2024 |
| 2024/T030/000107 | Recurso reposición JOSE ANDRÉS FELPETO PRADO fronte o expte 2023EXP47001342 orixinado polo procedemento de derivación subsidiaria Nergo Interiorismo SL | 2024/106 | 28/10/2024 |
| 2024/T030/000106 | Deixar sen efecto providencia constrinximento LINO JOSE GONZALEZ DOPESO IVTM 2022 e 2023 matrícula B-3858-WF e 6502BCJ | 2024/107 | 28/10/2024 |

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

17/204 **DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024.-** Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2024 emitido pola Tesoureira Municipal en data 25 de outubro de 2024 e que literalmente di:

***«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024.***

***LEXISLACIÓN APLICABLE.***

*- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

*- Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

*- Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

*- Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

*- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*

*- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

***INFORME.***

***PRIMEIRO.*** *A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica*

*9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define esta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.*

*O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da débeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.*

*Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveño automático de xuros da débeda impagada.*

*Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.*

*Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.*

*Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.*

***SEGUNDO.*** *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

*«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».*

***TERCEIRO.*** *Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de setembro de 2024, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:*

***1. Obrigas pagadas en prazo.***

*No terceiro trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.212 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 16.887.157,23 euros. De ditas facturas, 680 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 12.219.222,29 euros.*

***O número de facturas pagadas en prazo supón o 56,11% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 72,36% do total pagado.***

***2. Obrigas pagadas fora prazo.***

*No terceiro trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.212 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 16.887.157,23 euros. De ditas facturas, 532 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 4.667.934,94 euros.*

***O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 43,89% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 27,64% do total pagado.***

***3. Período medio de pago.***

*O período medio de pago (PMPE) é de **59,01 días**.*

***4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre**.*

*Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de setembro de 2024 3.490, que representan un importe global total de 14.828.386,71 euros.*

*Das anteditas facturas, 590, 7.566.258,54 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 2.900 restantes, 7.262.128,17 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.*

***5. Período medio de pago pendente.***

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **143,25 días**.*

***6. Xuros de demora.***

*Durante o terceiro trimestre de 2024 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.*

***7. Períodos medios de pago mensuais:***

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

| ***Periodos de PMP incluidos*** | ***PMP CONCELLO (días)*** | ***PMP EVISLUSA (días)*** |
|---|---|---|
| *Xullo 2024* | *27,99* | *37,36* |
| *Agosto 2024* | *6,73* | *6,05* |
| *Setembro 2024* | *13,48* | *9,72* |

***CUARTO.** Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **29,85 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **7,00 días**.*

***QUINTO.** De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.*

***SEXTO.** Os datos do terceiro trimestre 2024 reflicten unha mellora evidente nos prazos de tramitación e pago das facturas, estando o PMPE por debaixo dos 60 días, e aumentando a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal.*

*Débese, non obstante, procurar manter esta regularidade e a mellora no procedemento de tramitación das facturas **dentro dos prazos legais**.*

*O PMPP, sen embargo, increméntase respecto das facturas pendentes de pago, polo que resultaría preciso, e máis dadas as datas actuais, **axilizar a tramitación das facturas que se atopan actualmente en circuíto de sinatura.***

*O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de***

***pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.*

*E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme <u>a dilixencia debida</u> na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente**.*

*Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días.** De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos.** Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello **coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.***

***Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.***

***SÉTIMO.** Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en contía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademais de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.*

*Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería <u>non resulta xa suficiente en determinados períodos do exercicio</u>, o que pon de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Durante o segundo trimestre de 2024 levouse a cabo pola Tesourería unha **xestión da liquidez existente que permitiu <u>afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago</u>**, pero non cumprir*

*cos prazos de morosidade, o que está a requirir con urxencia a adopción de medidas de incremento de ingresos e de contención dos gastos.*

*Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no terceiro trimestre de 2024 segue estimando que se garanta a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.*

***Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».***

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

## C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>

### ROGOS:

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 406/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTUDIE A POSIBILIDADE DE ADIANTAR O SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LUGO.-** Visto o rogo cuxo texto é do seguinte teor:

Na actualidade, son numerosas as familias cuxos pais e nais inician a súa xornada laboral ás 8:00 horas, o que dificulta a organización das súas rutinas matutinas e, en consecuencia, pode xerar situacións de tensións e desaxuste na atención aos seus fillos. Adiantar o servizo de madrugadores permitiría a estas familias contar cun tempo adicional para levar aos seus fillos á escola, asegurando así un inicio de xornada máis tranquilo e ordenado.

Por iso o noso grupo roga que se considere a posibilidade de adiantar o horario do servizo de madrugadores ás 7:30 horas en todos os centros educativos do noso municipio. Esta medida responde a unha necesidade crecente de moitas familias que, debido aos seus horarios laborais, requiren dun apoio adicional para poder conciliar a vida familiar e laboral de maneira efectiva.

Ademais, esta modificación contribuiría a fomentar a conciliación familiar, un aspecto fundamental na nosa sociedade actual, onde cada vez é máis necesario atopar un equilibrio entre as responsabilidades laborais e as necesidades familiares.

Atendendo aos pregos, é que como norma xeral, que o horario será de 7:30 a 9. No anexo III, aclárase que a media do curso anterior era de 3.25 horas,

(madruga/xantar), tendo en conta que no anexo I, aclárase que o comedor é a cargo da Xunta, polo que esas 3,25 horas non se esgotan, podendo levarse a cabo esa ampliación de horario en todos os centros educativos financiados con fondos públicos.

Por todo o exposto, rogo a este Pleno que se valore esta proposta e tómense as medidas necesarias para a súa implementación en beneficio das nosas familias e da comunidade educativa en xeral, e non existan desigualdades en temas de conciliación entre uns e outros centros.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo grupo municipal, señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Moitas grazas de novo, señora alcaldesa.
Como vostedes saben, na actualidade hai numerosas familias que inician a actividade laboral ás 8:00 da mañá e hai centros educativos, neste caso, que o servizo de madrugadores, pois iníciase máis tarde do que os propios pais consideran debido.
Polo tanto, atendendo a estas necesidades e atendendo aos pregos, que é, como norma xeral, que o horario será de 7:30 a 9:00, no anexo 3 aclárase que a medida do curso anterior era de 3,25 horas do servizo de madrugadores e de xantar, tendo en conta que nese anexo 1 tamén se aclara que o servizo de xantar, neste caso, é unha competencia da propia Xunta de Galicia, polo que esas 3,25 horas non se esgotan, podendo levarse a cabo esa ampliación de horario en todos os centros educativos que están financiados con fondos públicos.
Por iso, e polo exposto aquí, queremos ver que posibilidades hai e rogamos que neste caso se teña en conta a petición por parte das familias para que ese horario sexa ampliado dende as 7:30 da mañá, non haxa desigualdades entre uns centros educativos e outros e as familias poidan conciliar da mellor forma posible os seus horarios co seu posto de traballo e coas necesidades educativas dos rapaces.
Grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Vázquez. Ten a palabra a concelleira dona Maite Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** A verdade é que é unha pena que non teña tempo para aclarar este rogo e dicirlle que, antes de nada, que o vamos estudar, loxicamente; pero con este rogo, o Partido Popular, unha vez máis, manda deberes ao Concello botando fóra a súa responsabilidade nas competencias da educación. Porque os horarios dos colexios xa teñen comedor escolar e teñen tamén o servizo de madrugadores, a única excepción, que vostede ben sabe, é que hai colexios onde existe o transporte escolar, onde o comedor está xestionado pola Xunta e, se vostedes consideran que é necesario un servizo de madrugadores, poden xestionalo desde a Xunta directamente, como así xestionan os comedores escolares. Porque hai que ter en conta que o Concello gasta en comedores

escolares preto de 300 000 euros ao ano, mentres que a Xunta aporta menos de 50 000 euros.
Pero o Concello, ademais, tamén aporta moitas horas de traballo de persoal do Concello para xestionar os comedores, madrugadores, actividades escolares e mesmo as escolas infantís, que deberían ser competencia da Xunta de Galiza, e que o Concello está investindo un orzamento que podería efectivamente, se a Xunta asumira súa responsabilidade, noutros servizos que tamén son necesarios na cidade.
Con isto o único que fan é amosar un desprezo absoluto polo esforzo que lle supón ao Concello.
Falan de discriminación en temas de conciliación entre centros e pide que o Concello preste o servizo de madrugadores en colexios con esas diferencias horarias que teñen o transporte que, como ben dixo vostede, non abren ata as 10:00 ou as 10:15 da mañá, cando os outros colexios abren ás 9:00 da mañá e, polo tanto, non vamos ter un servizo de madrugadores á carta a partir das 7:30 da mañá cando son eses colexios que a Xunta pon un horario diferente e non precisamente a favor das familias, senón que moitas veces quen decide ese horario son as empresas de transportes.
E vostedes, o goberno da Xunta do Partido Popular, teñen unhas obrigas coas familias e coa comunidade educativa. Aténdanlles e déanlles solucións. No papel, efectivamente, queda moi bonita a súa demanda, moi ben argumentada, pero, en vez de trasladala aquí, trasládanlla á Xunta, que é a que ten as competencias. Polo tanto… bueno, xa remato.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señora Ferreiro. Continuamos.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 407/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE, Á MAIOR BREVIDADE, A PISTA DE ASTRAR Á CAMPIÑA.-** Visto o rogo cuxo texto é do seguinte teor:

No mes de xullo o Grupo Municipal do Partido Popular levaba a comisión un rogo para que se reparase a pista que de Astrar á Campiña. Naquel momento poñía de manifesto que está estrada levaba anos con fochancas que facían desta vía un lugar intransitable. Naquel intre a concelleira de medio rural, a sra. Abelleira, indicaba “tense en consideración e, cando os recursos o permitan, arranxarase”.



Transcorridos catro meses dende esta solicitude, a vía segue, se cabe, en peor estado, polo que este grupo, ante as peticións veciñais, reitera esta solicitude e presenta ante o PLENO un ROGO para que se proceda a arranxar esta vía á maior brevidade posible.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Partido Popular, señora Rubinos.

**-FLORA RUBINOS ROIS**: Despois de escoitar no mes de xullo, na comisión correspondente, como a concelleira de Medio Rural afirmaba que o arranxo da pista que une A Estrada e a Campiña tería lugar cando os recursos dispoñibles así o permitisen, e despois de escoitar, pleno tras pleno, tamén no de hoxe, que o Concello goza de boa saúde económica, presentamos este rogo para insistir na necesidade de actuar nesta vía, sabendo que ninguén dende o goberno tenta enganarnos cando afirma que prestarían atención ao arranxo desta vía ou cando insisten en que non anda o Concello mal de cartos.
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Rubinos. A concelleira de Cohesión Territorial.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Moitas grazas, señora Alcaldesa.
En relación a este camiño, xa se lle indicou hai 4 meses que despois, como tamén poñen vostedes no rogo, que se acometería. Traballo sobre ela, pero estamos en 17 importantes actuacións e, no momento en que rematen estas 17 intervencións que se están realizando, será das vindeiras porque xa era no seu día, como lle indiquei nese mes de xullo, unha das prioridades a traballar; pero todo xunto, cos recursos que temos, pois leva o seu tempo.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXEN OS DESPERFECTOS DO PARQUE DE MARCOS CELA.-** Visto o referido cuxo texto é do seguinte teor:

O parque Marcos Cela precisa de atención urxente para cambiar a lamentable imaxe que presenta. Por unha banda, a caseta que se atopa na entrada á zona verde pola rúa de Magoi, está chea de pintadas e acostuma a presentar numerosos cristais rachados polo chan, xa que durante varios días á semana é o lugar elixido para facer "botellón".

Por outra banda, na zona interior deste parque urbano, faise preciso a reparación das varandas e dos miradores, a revisión do arborado e a renovación das travesas da escaleira que comunica os paseos interiores co parque infantil da Avda. Magoi así como a limpeza da fonte do Pilar.

Dende que se inaugurara no ano 2005 este parque é unha área moi empregada polos veciños da cidade, pero tanto o parque infantil como o parque, requiren dunha intervención integral para que podan ser desfrutados con seguridade polos numerosos visitantes que se achegan ata alí para desfrutar do seu tempo de lecer.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, presenta un ROGO a PLENO para que se tome en consideración esta demanda e se proceda á reparación do Parque Marcos Cela.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Grupo Popular, señora Candia.

**-MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Bo día de novo.
Pasou moito tempo dende a súa inauguración, foi aló por marzo do 2005 cando se inauguraba este parque que, coa súa inauguración, pois conqueríanse varios retos: máis zonas verdes, máis espazos para desfrutar a veciñanza… pero tamén un recordo cariñoso a unha persoa, como digo, dos bos e xenerosos, que conqueriu a unanimidade de todas as forzas políticas de que ese parque levara o seu nome.
Seguramente non estaría moi de acordo co estado no que se atopa neste momento. Necesita unha atención urxente, cambiar esa lamentable imaxe que presenta a caseta que se atopa na súa entrada, a zona verde pola rúa de Magoi está chea de pintadas, acostuma a presentar numerosos cristais rachados polo chan, xa que durante varios días á semana, desgraciadamente, é elixido para facer botellón, co trastorno que tamén supón para o descanso das persoas que viven no seu contorno. Na parte inferior deste parque tamén se fai preciso unha urxente reparación das varandas e dos miradoiros; aí xa non é só estética, que tamén, tamén se trata dun tema de seguridade. A revisión do arborado, a renovación das travesas da escaleira que comunica os paseos interiores co parque infantil da Avenida de Magoi… como a limpeza da Fonte do Pilar.
Entendemos que é unha área necesaria, que ten esa parte de funcionalidade, pero tamén desa mensaxe emocional dun recordo á persoa que leva o seu nome, e parécenos absolutamente inxusto, a verdade, incrible que se atope nese estado. E por iso que moitas das cousas nin sequera requiren un esforzo nin investimento, é propio do deixamento ao que nos teñen acostumado, da falta de compromiso, da falta de traballo, da falta de planificación, da mala xestión dos recursos, porque,

efectivamente, o contrato de limpeza é un dos contratos que supón un importante esforzo económico para a economía do Concello. Pero, evidentemente, necesita unha orde, necesita un seguimento e necesita moito traballo do que realmente esta corporación, a verdade, é que fraquea; é un gran punto débil desta corporación: moita propaganda, moito aplauso, pero a realidade reflicte un lugar, insisto, emblemático dende o punto de vista funcional, pero eu hoxe aquí, e saben precisamente que ao meu partido político non era esta persoa cercana ideoloxicamente, pero creo que era un acto de xustiza, por iso se apoiou no seu momento e pedimos que ese espírito de unanimidade que, por certo, hoxe apelaron a el, o demostren naqueles investimentos nos que todos estamos de acordo e en facer un correcto mantemento, porque dá vergoña.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa.
Está claro que es un parque emblemático que requiere toda nuestra atención. Se encuentra en un proceso de mejora.
También decir que muchos de los desperfectos son producto del vandalismo, y que hay un plan de trabajo y una hoja de ruta, por supuesto.
Y, dicho esto, hay una inversión de más de 1 738 000 euros en distintos parques y plazas de la ciudad, lo cual le paso a enumerar: la Plaza Agro do Rolo, 233 000 euros; Plaza Bretaña, 75 641 euros; Plaza Augas Férreas, 166 400 euros de inversión. También se han renovado los parques infantiles de la Plaza de La Milagrosa, con más de 20 000 euros; el parque de Rosalía de Castro, con más de 20 000 euros también; Aquilino Iglesias Albariño, con más de 51 000 euros; Novo Freire, 150 000 euros; Avenida de las Américas, más de 38 000 euros; el Paseo del Niño, con 28 000 euros; Río Mandeo, más de 20 000 euros de inversión; los Jardines de San Roque, más de 42 000 euros; Aviador Parga Cerezo, más de 50 000 euros; Roi Xordo, 48 000 euros; Campo Castillo, 312 000 euros; Plaza do Castiñeiro, 352 000 euros; Gallego Tato, 90 000 euros. Y vamos a seguir invirtiendo y mejorando los parques, así que no se preocupe, que estamos en ese proceso y pronto podrá ver cómo vamos a ir a mejorar esos actos vandálicos, que tampoco damos garantía de que mañana no vuelva a ocurrir y tardemos un poco en arreglarlos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Continuamos.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 409/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE DESBROCE A RÚA FONMIÑÁ.-** Visto o referido rogo cuxo texto é do seguinte teor:

O estado da rúa Fonmiñá é de total abandono, ata op punto de que, cando substituiron as farolas, os operarios tiveron que empregar escadas de man para facelo, pois o camión non podía achegarse en condicións e empregar a cesta.

Unha vía que era empregada a diario por veciños do Sagrado Corazón está a día de hoxe intransitable.

O Grupo Municipal do partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se proceda a reparar e desbrozar esta vía de xeito que permita a circulación segura pola mesma.





**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO** Polo grupo municipal Popular, señora Rubinos.

**-FLORA RUBINOS ROIS**: A rúa Fonmiñá, ubicada en Burozos a carón do barrio do Sagrado Corazón, é un exemplo moi claro do abandono e da falta de traballo do bipartito, pero tamén da total ausencia de coordinación entre as distintas áreas do goberno. Proceder a renovar os puntos de luz e ter unha rúa no estado no que se atopa carece de toda lóxica, pero así traballan vostedes.
Presentamos este rogo para solicitarlles que, xa que primeiro puxeron o tellado, agora fagan o que falta e reparen e desbrocen esta rúa, da que ben sabemos que prometeron, pero non fixeron. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra o voceiro, señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN**: Gracias, alcaldesa.
Señora Rubinos, como siempre, llega tarde. Ya está desbrozada, está transitable la calle.
Y sí que es verdad que fue una de las promesas que la alcaldesa trasladó a sus vecinos cuando hizo la última visita al barrio del Sagrado Corazón, donde también


MURALLA
patrimonio da humanidade

les recuerdo que hay una gran demanda para ese nuevo centro de salud, que es la gran inquietud y la gran preocupación también de esos vecinos.
Muchísimas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Continuamos.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 410/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APERTURA DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO LÓPEZ MELLA.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No mes de setembro de 2023 o sr. Arroxo indicaba na comisión de cultura que a causa da parálise da actividade do Parque Infantil de Tráfico "López Mella" era debida a que carecía de persoal pero que a intención do goberno municipal era que funcionase o antes posible porque "é un parque que funcionou moi ben durante todo este tempo, ou sexa, tiña moita demanda tanto dos colexios coma dos cursos que había cando remataba o colexio".

En abril de 2024 en preguntas a pleno o sr. Rivas indicaba que "seguimos traballando para dotar esa praza no menor tempo posible... está sendo non todo o inmediato que queremos, estamos iniciando colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico para que con esa colaboración con eles poidamos poñer a funcionar ese parque infantil de tráfico, incluso antes de estar dotada a praza".

Chegado o mes de novembro de 2024, xa avanzado o curso escolar, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO as seguintes preguntas sobre a apertura do Parque Infantil de Tráfico López Mella.

1. En que trámite se atopa esa colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico?
2. Cando está prevista a apertura do Parque Infantil de Tráfico "López Mella"?

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Grupo Popular, señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO**: Moitas grazas, señora alcaldesa.
Traemos hoxe dúas preguntas en relación ao Parque Infantil de Tráfico López Mella, que xa é un tema bastante manido e xa bastante recorrido porque, no mes de setembro do ano 2023 o señor Arroxo indicaba na Comisión de Cultura que esta parálise no Parque infantil López Mella se debía a unha falta de persoal, pero el mesmo recoñecía que fora un parque que funcionara francamente ben e que, polo tanto, a súa intención era volver a poñelo en marcha.
De feito, en abril do ano 2024 en preguntas a pleno, o propio Bloque Nacionalista dicía que «seguimos traballando para adaptar esa praza no menor tempo posible»,

e que se estaba a colaborar, neste caso, coa Xefatura Provincial de Tráfico, para poder dotar esa praza e que o Parque Infantil de Tráfico recuperase a súa normalidade.
Bueno, chegamos outra vez ao mes de novembro. Non quero facer comparativas coa propia moción que eu defendín hai un anaco, pero atopámonos que o Parque Infantil de Tráfico, efectivamente, pois segue pechado.
Ante esta realidade, dúas preguntas: en que trámite se atopa esa colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico? E cando está prevista a apertura do Parque Infantil de Tráfico López Mella?
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Vázquez. Ten a palabra a concelleira Maite Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN**: Ben, pois, efectivamente hai unha falta de cubrir as prazas nese servizo e, como vostedes saberán, hai varios procesos abertos desde a área de persoal para proceder a cubrir eses postos.
Mentres, efectivamente, estamos non en trámite, senón en comunicación coa Xefatura Provincial de Tráfico. Falamos a miúdo e estamos, pois, mirando de cadrar os horarios por parte dos centros, que solicitan e que demandan para utilizar ese parque, e intentar cadralos cos horarios nos que teñan dispoñibilidade o persoal que vai poñer tráfico para poder estar alí.
Polo tanto, estamos xestionando iso e en canto cadremos eses horarios, pois poñerase a funcionar o PIT, como se puxo a funcionar o ano pasado, aínda que foron poucos meses, pois si que foi moi demandada e agradecida a posta de novo en funcionamento.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas. Continuamos.

**B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 411/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DA PARTIDA PRESUPOSTARIA ADICADA AOS "HORTOS ECOLÓXICOS COMUNITARIOS".-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Nos Orzamentos do Concello de Lugo para o ano 2024, no Capítulo VI do Plan de Investimentos se contempla unha partida con Código de Proxecto 24XX00005 e aplicación 15100.60900, por importe de 773.663€ cuxa descrición é a de Hortos Ecolóxicos comunitarios.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos emendas aos orzamentos, unha de elas para que a referida partida se eliminase e se destinase a construción da nova Protectora de Animais e Plantas.

O Goberno local rechazou a emenda. No pleno de debate dos orzamentos aseguraban que tiñan que facer os hortos porque "podían poñer en risco os Fondos Europeos e que non se podían utilizar para o que estabamos dicindo". Ademais, engadían que "é un gasto que está comprometido. Viña recollido no Proxecto Life a obrigación de realizar unhas zonas axardinadas que é moito mais que un horto

urbano (...). Polo tanto é un gasto comprometido que temos que executar e non se pode sacar dun lado e metelo noutro de maneira discrecional".

Sen embargo, no pleno do pasado mes de outubro o goberno local levou a proposta de aprobación do Proxecto de Modificación do Orzamento do Concello de Lugo, mediante a Transferencia de crédito 54/2024 no que destinaban 260.669,32€ da partida dos Hortos Ecolóxicos comunitarios a pagar a revisión excepcional de créditos do denominado Carril Bici e da Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI.

Por todo o anterior o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, as seguintes PREGUNTAS ante o PLENO:

1. No debate de orzamentos se afirmaba que é un gasto comprometido e que de non facelo poñen en risco os Fondos Europeos. Por que agora sí que se pode "sacar dun lado e metelo noutro" como se asegurou que non se podía facer?

2. Existe o risco de perder os Fondos Europeos? En caso afirmativo, que medidas se van a levar a cabo para non perdelos? En caso negativo, por qué xa non é un gasto comprometido?

3. O goberno local vai destinar o resto do importe da partida dos Hortos para a construción da Protectora de animais na localización actual?

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Sí. Gracias.
Nos orzamentos do Concello de Lugo para o ano 2024, no capítulo 6º do Plan de Investimentos se contemplaba unha partida con código de proxecto e aplicación por un importe de 773 673 euros cuxa descrición é a de «hortos ecolóxicos comunitarios».
No seu día, dende o grupo municipal do Partido Popular presentamos emendas aos orzamentos, unha delas para que referida partida se eliminase e se destinase á construción da nova protectora de animais e plantas. O goberno local rexeitou a emenda; no pleno de debate dos orzamentos aseguraban que tiñan que facer os hortos porque, leo textualmente, «podían poñer en risco os fondos europeos e que non se podía utilizar para o que estabamos dicindo». Ademais, engadían que «é un gasto que está comprometido, viña recollido no proxecto Life a obrigación, polo tanto, é un gasto comprometido que temos que executar e non se pode sacar dun lado e metelo noutro de maneira discrecional. E isto a señora Candia sábeo. O que pasa é que é moito máis fácil facer demagoxia ao respecto neste tema». O que acabo de ler díxose textualmente neste salón de plenos hai un ano e así ven recollido na acta.
Sen embargo, no pleno pasado, no mes de outubro o goberno local levou a proposta de aprobación do proxecto de modificación do orzamento do Concello de Lugo mediante a transferencia de crédito 54/2024 no que destinan 260 669,32 euros euros da partida dos hortos ecolóxicos comunitarios para pagar a

revisión excepcional de créditos do denominado carril bici e da prolongación do paso subterráneo baixo a nacional 6ª.
Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular presenta as seguintes preguntas: no debate de orzamentos afirmábase que é un gasto comprometido e que, de non facelo, poñen en risco os fondos europeos; porque agora si que se pode sacar dun lado e metelo noutro como se asegurou que non se podía facer? Existe o risco de perder os fondos europeos? En caso afirmativo, que medidas se van levar a cabo para non perdelos? En caso negativo, por que xa non é un gasto comprometido? O goberno local vai destinar o resto do importe da partida dos hortos para a construción da protectora de animais na localización?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa.
Primeramente, déjeme que le aclare, que veo que está muy confundida o, a lo mejor, es que ese es el objetivo: confundir a los ciudadanos y a los vecinos de Lugo, o bien tiene un desconocimiento flagrante del proceso administrativo, que también puede ser, que rige las reglas de esta casa, evidentemente.
Su petición, por más populista que fuera, tuvo que ser rechazada, tal y como le dijimos en su día, porque no se ajustó a los presupuestos contemplados en el artículo 170 de la Ley de Haciendas Locales, dado que este tipo de recursos que se puede presentar a los presupuestos en ningún caso está diseñado para modificar las partidas presupuestarias, sino para objetar defectos de forma o anomalías en los procedimientos de tramitación.
Por eso, aprovechando que reiteran en esta nueva ocasión, debemos señalar que es más cuestionable la actitud que mantienen, porque, debiendo de ser conocedores de la normativa, de cómo se trabaja en las haciendas locales en el Ayuntamiento de Lugo, que presente alegaciones sabiendo que el recorrido de las mismas es nulo, porque no se adaptan al marco legal. Algo que también están haciendo, ya de paso, con las alegaciones que promueven contra la ordenanza del IBI en lo que refiere a las áreas de expansión de núcleos rurales tradicionales, sabiendo que el organismo competente no es el Concello, sino Catastro.
En cualquier caso, aclarado este extremo relativo a la confusión que quieren generar sobre el rechazo de su alegación, le podemos trasladar que el hecho de destinar parte de una partida a fines diferentes a los inicialmente previstos es una potestad de Alcaldía perfectamente legítima y, en este caso, procedente, en cuanto a su organización, de los recursos económicos municipales actuales, que en ningún caso ponen en riesgo la ejecución de ningún proyecto competente de los fondos europeos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Continuamos.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 412/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA NO POLÍGONO DO CEAO.-** Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

Entre os anos 2007 e 2012 o polígono de O Ceao contaba cun sistema de vixilancia por cámaras. En setembro de 2013 este servicio suspendeuse por non contar co permiso da Comisión de Garantías de Videovixilancia.

Nos anos 2018 e 2020 o Partido Popular presentou iniciativas a pleno para que se instalasen as cámaras novamente, sendo estas rexeitadas polo goberno municipal.

Foron numerosas as ocasións nas que este grupo municipal tomou unha posición firme respecto a esta materia, e foron numerosas as veces nas que o goberno municipal rexeitaba o uso destes dispositivos.

Tralo anuncio realizado pola sra. Alcaldesa, facémonos eco novamente das demandas dos colectivos empresariais xa que as novas tecnoloxías son unha ferramenta importante para garantir a seguridade, na vertente disuasoria e na de esclarecemento de delictos que se cometan, e presentamos ante o PLENO as seguintes PREGUNTAS:

1. En que punto se atopan os trámites para solicitar o permiso da Comisión de Garantías de Videovixilancia?
2. Contan xa co informe favorable deste organismo?
3. Cando está prevista a posta en marcha das cámaras?
4. Pode habilitarse o uso das cámaras instaladas ou se require a instalación de novos equipos?

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Polo Grupo Popular, señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO**: Moitas gracias, alcaldesa.
É certo que naide quere alarmar, evidentemente, de que Lugo é unha cidade insegura, pero é certo que cada vez hai máis problemas, ou cada vez se atopan máis problemas en máis puntos da cidade, e un deles son os polígonos industriais.
Estou seguro de que na reunión que tivo a alcaldesa cos empresarios do polígono do Ceao-Gándaras e cos transportistas puxeron de manifesto os numerosos intentos de roubo e roubos nas naves industriais, intentos de… actos vandálicos para a sabotaxe de camións, para o roubo do gasoil dos propios camións e demais, e numerosos problemas que están tendo tamén os transportistas, polo que queren ese aparcamento seguro.
Tamén lle dirían que tiveron que contratar entre empresarios e unha empresa de seguridade privada, valla a redundancia, e que teñen unha situación de certa inseguridade no polígono que, ata o 2012, tiña un circuíto de cámaras de seguridade, ata o ano 2012; no 2013 perdeuse ese permiso porque non se entregou a documentación dende o Concello de Lugo, gobernado, hai que recordar, aínda que supoño que o saberán, polo Partido Socialista e o BNG por aquel entón,

perdeuse o permiso, apagáronse esas cámaras hai máis de 10 anos, 11 anos, e así levan ata o de agora.
Segundo o que coñecemos polos medios de comunicación, agora a alcaldesa comprometeu a instalación de 6 cámaras en lugar desas 30 que xa estaban ou que xa se atopan alí instaladas, non sabemos en que estado; daquela había 15 de gravación de seguimento de matrículas e outras 15 xerais, pero agora parece que só se van instalar 6.
Polo cal, pois facemos esta serie de preguntas: o primeiro, que trámites teñen xa feito para solicitar o permiso da comisión de garantías de videovixilancia? Non sexa que volvamos perder o permiso que perderon xa no ano 2013. Saber se contan xa co informe favorable para a instalación das mesmas ou se non é necesario agora. E cando está prevista a posta en marcha desas cámaras, das 6 comprometidas pola alcaldesa? Que din que non teñen capacidade de *zoom*, polo que coñecemos polos medios de comunicación e que son de escasa resolución. E as outras...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Grazas, alcaldesa.
Bueno, vamos cun tema de fondo de armario do Partido Popular para os meses de outono.
Presentaron no 2018 en outubro, en novembro de 2020 e en decembro de 2022, e nas tres ocasións se dixo neste pleno que non. Que non.
E o motivo é porque vostedes, non sei se é por xordeira ou incomprensión, pero non saben diferenciar cámaras de videovixilancia de cámaras de control de tráfico.
Polo tanto, como xa lles adiantei na anterior proposta do Ceao, o que se vai instalar son esas cámaras de control, xa que, para instalar cámaras como as que propoñen vostedes de videovixilancia, debe autorizalo a Comisión Galega de Videovixilancia, que está presidida polo Tribunal Superior de Xustiza e que esixe de informes de necesidade de nulidade e proporcionalidade que entendemos que, no polígono do Ceao, non se contempla.
Polo tanto vostede di non alarmar, pero é que Lugo segue a ser unha cidade segura, e a instalación das cámaras que se van a poñer son de control do tráfico.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Moitas gracias. Continuamos.

**D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 413/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA BEIRARRÚA DA VIRXE DA SOIDADE.-** Visto o escrito que, a seguir, se transcribe:
No ano 2017 Evislusa recibiu a encomenda de elaboración dun proxecto para realizar a beirarrúa da Virxe da Soidade “por motivos de seguridade de uso” xa que “no tramo central existente nese viario está o Colexio de As Gándaras o cal dispón de servizo de transporte escolar e na mesma rúa existen paradas de autobuses urbano. A esta situación de acumulación de vehículos de transporte escolar e urbano engádese a inexistencia de beirarrúas, o que provoca en

determinados momentos situacións de certo perigo para os escolares e demais persoas que transitan por esta vía".

Foi nos anos 2018 e 2020 cando os informes de xestión de Evislusa indicaban que non se levaba a cabo o proxecto por carecer de datos dos propietarios dunha parcela afectada.

A día de hoxe o PP xa anunciou que vai presentar unha emenda aos orzamentos municipais para que no 2025 se inclúa a partida necesaria para levar a cabo a execución deste proxecto, xa que esta é unha actuación prioritaria, por tratarse de medidas de seguridade nunha contorna escolar, que segue sen estar orzamentada e polo tanto sen executarse. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta as seguintes PREGUNTAS a PLENO:

Por que estando encargada a encomenda de xestión e realizado o proxecto non se levou a cabo esta obra?

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Cabarcos..

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Agora. Gracias.

O Colexio das Gándaras precisa dende hai anos dunha maior seguridade viaria fronte á porta principal de acceso na rúa Virxe da Soidade. Nun tramo duns 200 m de lonxitude sen beirarrúa conviven peóns escolares e familiares, autobús escolar e urbano e o tráfico cotiá, peonil e rodado.

No ano 2017 Evislusa recibe a encomenda do goberno municipal para realizar un proxecto de urbanización desa beirarrúa. A iniciativa paralizouse co proxecto rematado á falla de pequenos axustes e é doado pensar que algunha dificultade insuperable ou imprevisible fose a causa.

Iso foi de seguro o que pensaron os profesores, pais, nais e nenos do colexio. A realidade é que esa insuperable e imprevisible dificultade foi o descoñecemento da titularidade dunha pequena franxa de terreo que precisaba ocupar a beirarrúa, facendo esquina coa Rúa das Gándaras. Información que, por certo, xa podemos proporcionarlles nós ao remate do pleno se teñen con que apuntar. Tardamos poucas horas en obtela.

7 anos despois da encomenda, profesores, pais, nais e nenos do Colexio das Gándaras seguen a convivir coa inseguridade. 7 anos hai que, por pouco máis do 1 %, un 1 % non do orzamento, senón do custo para o Concello de Lugo das obras do centro, esta beirarrúa podía terse feito. Semellando ser inverosímil esta explicación, só pode ser posible que a verdadeira causa fose o seu afán exterminador de beirarrúas, pero, neste caso, nin sequera foron quen de poñer palitroques verticais de separación do tráfico rodado e peonil, eses que, a non moito tardar, medrarán como cogomelos por todo o centro urbano como única solución do que está por vir na mobilidade intra murallas.

Por estes motivos, sendo de prioritario interese para a comunidade educativa do CEIP das Gándaras, preguntamos pola causa desta ausencia.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.
Antes o señor Ameijide dixo que estaba lucido en urbanismo falando de abastecemento e saneamento, iso é enxeñería. Agora que está el lucido en urbanismo, pois bueno… O 15 de outubro vós mesmos fostes preguntar ao persoal de Evislusa, que atendeu persoalmente, pois para que puideran ver o expediente, consultar os acordos tomados co Consello Administración, unha documentación na que saen reflectidos os motivos polos que non se puido levar a cabo o proxecto e dos que vostedes mesmos deron conta aos medios o 14 de novembro, o que demostra que xa son coñecedores do que están a comentar.
E, se saben cal é o problema, pois eu anótoo encantado, pero por que non dixestes antes traelo a pleno? Non sei, podíamos telo dito antes e aforrar unha pregunta, pero eu anoto encantado, non te preocupes.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señor Bustos. Continuamos.

**D) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.-** O Excmo. Concello Pleno formula a seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:

Como cada ano, conmemoramos o 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, loitando polos dereitos de todas, especialmente polas que xa non poden facelo.

O 25N é un día de reivindicación, de expresar o noso rexeitamento unánime contra a violencia de xénero, pero tamén é unha xornada para a lembranza, neste caso, das 42 mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas neste 2024, como Estela, Fadoua, Mercedes e Andrea, as catro galegas ás que este ano lles arrebataron a vida e que se suman a unha negra lista na que tamén figuran 10 menores que foron asasinados xunto ás súas nais e outros 32 que quedaron orfos e orfas.

É, igualmente, unha data para rememorar a todas as mulleres que sofren calquera forma de expresión na que se manifeste a violencia machista; de xeito particular á veciña do barrio da Milagrosa, Cristina Cabo, asasinada hai xusto dous anos. Vaia desde aquí o noso alento e apoio ás familias e seres queridos de todas elas: 1286 e 63 nenos e nenas se tomamos como data de partida o ano 2003 cando comezaron a contabilizarse estes crimes.

Asasinatos que non atenden a condicións nin fronteiras. Porque a violencia contra

as mulleres e nenas é un problema a nivel mundial, é un fenómeno universal e estrutural que impide a consecución da igualdade real, que atenta contra a paz e os dereitos humanos.

Calquera muller do mundo, polo simple feito de selo e ao marxe da súa orixe, idade, relixión, educación, traballo é susceptible de ser obxecto de agresión ou discriminación.

Días atrás, vense de prohibir o matrimonio infantil en Colombia, pero logo de nove intentos falidos. Actualmente as mulleres e nenas agás están a sufrir unha violación flagrante dos dereitos humanos: non poden ir ao colexio a partir dos 12 anos, nin teñen acceso á universidade. Foron excluídas do mercado laboral, deben cumprir un estrito código de vestimenta e non poden practicar deporte, nin saír da casa sen ir acompañadas por un home con parentesco cercano. O transporte público está segregado por xéneros, non poden escoller con quen casan, cantos fillos ter, nin teñen liberdade para decidir sobre as súas relacións sexuais. Tampouco poden asomarse ao balcón ou as fiestras que deben ser opacas para non ser vistas e teñen negada a liberdade de expresión.

No noso país, este ano, cumprimos 20 anos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que por primeira vez recoñeceu que a violencia de xénero non é un problema que afecte ao ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo simple feito de ser mulleres, por ser consideradas polos seus agresores carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Máis despois destes 20 anos, aínda cos logros xa conseguidos e existindo un rexeitamento colectivo e unha maior conciencia que en épocas anteriores grazas aos movementos feministas que pelexan porque a violencia machista non sexa un delito invisible, esta lacra segue a estar presente na nosa sociedade.

Só nos primeiros seis meses do ano houbo máis agresións e delitos contra a liberdade sexual que no 2023. Un sinal de alarma que nos indica que o que estamos a facer non é suficiente.

As mulleres vítimas de violencia de xénero pero tamén a sociedade esixe unha resposta contundente e unánime por parte dos poderes públicos, porque é necesaria unha maior unión dos nosos recursos económicos e asistenciais e que estes redunden en políticas educativas adecuadas.

Ao igual que debemos facer fincapé na importancia dunha boa educación, máis plural e igualitaria, hai que incidir na aposta por políticas feministas que poñan fin a moitos problemas que agravan a violencia de xénero como a brecha salarial, o

negacionismo machista, a falta de conciliación, etc. Problemas, todos eles, que debemos erradicar se queremos ser unha sociedade igualitaria, democrática, avanzada e tamén, e por riba de todo, unha sociedade sen sitio para a violencia de xénero. De ningún tipo.

Porque as agresións poden ser físicas, sexuais, psicolóxicas, económicas ou emocionais e todas elas supoñen un atentado contra a integridade das mulleres e un ataque á súa dignidade como persoas.

Co agravante de que a violencia machista é o único delito onde a primeira xulgada e estigmatizada é a propia víctima. Por iso, neste 2024, e sumándonos á Declaración da Federación Española de Municipios e Provincias, tamén queremos reivindicar que a vergoña debe cambiar de bando.

O sinalado ten que ser o maltratador, non a maltratada.  Manter un control total sobre os recursos financeiros da outra persoa, impedíndolle acceder a eles ou prohibirlle traballar é violencia. Intimidar, ameazar, illar á parella das súas amizades e familia é violencia. Criticar, infravalorar, abusar verbalmente é violencia. Obrigar á parella a un acto sexual é violencia. Empregar a forza física contra a parella é violencia.

As Administracións non podemos permanecer alleas e temos a obriga, cada unha dende o seu ámbito competencial, de asegurar os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás víctimas.

Un compromiso que no  Concello de Lugo se mantén dende o ano 1987 cando foi creado o Servizo Municipal de Atención á Muller que, posteriormente, en 1999, derivou na Concellería de Muller con orzamentos, prestacións e unha programación propia coas que, de maneira continuada, se trata de asesorar e apoiar ás mulleres en calquera situación de vulnerabilidade.

Por iso hoxe, con ese mesmo sentido da responsabilidade, queremos promover, nunha nova ocasión, a unión das nosas voces, agrupando a sensibilidade de todos os grupos políticos que integran esta Corporación para denunciar e rexeitar publicamente todas as formas de violencia contra a muller demandando que nin o silencio nin a complicidade teñan cabida na nosa sociedade.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO**: Ese clamor popular, ese clamor deste Concello, de todos os concelleiros contra esa lacra, que todos manifestamos o pasado luns 25 de novembro, reiteralo e que quede esa declaración institucional un ano máis.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e trinta e sete minutos do expresado día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta**

**acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.**